

Boletín Interno

Nº 59/4 Serie dixital

Nova Escola Galega



*40 anos educando desde
a **diferenza** para o común*

Boletín Interno de NEG

Número 4 da serie dixital

Nº 59 da serie histórica

CONSELLO DE REDACCIÓN

COORDINACIÓN

M^a Camino Pereiro González

Esther Vázquez Otero

Paco Veiga García

EDICIÓN

Antón Costa Rico

Paco Veiga García

MAQUETAXE

M^a Camino Pereiro González

EDITA

Nova Escola Galega

Rúa Luis Freire, nº 5, baixo

15706 – Santiago de Compostela

Correo-e: neg@neg.gal

Tfno : 981462577

Páxina web: <http://neg.gal>

ISSN 2794-0322

ÍNDICE

1. EDITORIAL. Andrea Maroñas, Presidenta NEG	2
2. PRESENTACIÓN. Consello Redacción Boletín Interno	3
3. A HISTORIA QUE ESCRIBIMOS	5
4. CONSTRUÍMOS FACENDO ESCOLA	20
5. DESDE NEG COMO MRP	35
6. NEG POR DENTRO:	40
• Relevo do Secretariado	41
• Organización do Secretariado	47
• Comisión organizadora 40 anos NEG	55
• Actividades de Formación	60
• Grupos de Traballo	64
• Representándonos	84
• Publicacións	89
7. PIONEIROS/AS. XENTE DA CASA	98
8. PREMIOS NEG COMPOSTELA	113
9. EN CONEXIÓN ... CO MUNDO	115
10. NEG ESCOITA	129
11. DEIXAN PEDAGADA	132
12. NEG CUMPRE OS 40!!!	135

Un brinde polos 40 anos!

Andrea Maroñas Bermúdez
Presidenta de NEG.



Prezadas/os amigas/os,

Estamos de parabéns! Chegamos á segunda xuventude, os 40 anos!

Como xa saberedes, no mes de xullo organizouse un Congreso no que celebramos o aniversario de NEG, e alí pasaron cousas bonitas, emotivas e ilusionantes. Neste boletín atoparedes un resumo estupendo de todo o que vivimos.

E como na vida hai que renovarse ou morrer, tocou tamén renovar o Secretariado nacional, que teño a honra de encabezar. Formamos un grupo diverso, con xente moza que entra no equipo con enerxía para dar continuidade ao inmenso labor que Nova Escola Galega desenvolveu e segue desenvolvendo na construción dunha máis e mellor educación no país.

Como equipo, non podemos se non comezar por agradecer todas as horas, empeño e dedicación de moitas persoas que levan, literalmente décadas, loitando por manter e facer medrar NEG. Agardamos poder estar á altura de todo o xa construído e poder contar con todas vós nesta nova etapa.

Así as cousas, asumimos con certa vertixe a responsabilidade tomar as rendas dunha institución tan importante como NEG pero tamén nos sentimos arroupadas e acompañadas, así que por todo isto o noso máis sincero agradecemento.

Iremos coñecéndonos, encontrándonos e renovándonos en diferentes espazos e actividades que se están artellando desde xa. Neste tempo, asumiremos como principais retos: renovar o web da asociación, aumentar o volume de actividades e mellorar a presenza en redes sociais. Así mesmo, trataremos de aumentar o número de socios/as e ampliar o abano de subvencións e vías de financiamento.

Contamos con vós!

Longa vida a Nova Escola Galega!

Sáúde!

Un momento decisivo na Asociación

Consello de Redacción do Boletín Interno:
Paco Veiga García
Esther Vázquez Otero
M^a del Camino Pereiro González
Antón Costa Rico

Benvido, benvida. Estás diante do Boletín Interno número 59 de Nova Escola Galega, o número 4 da serie dixital, unha ferramenta de comunicación entre a nosa xente —unha ventá aberta ao mundo, tamén— que parece asentarse definitivamente e que acode á súa cita anual nun momento especialmente decisivo na historia da Asociación.

Non se trata só de que NEG cumpra os seus primeiros 40 anos de vida —catro décadas—, senón de que ese aniversario coincide cun notable proceso de renovación humana —e mesmo xeracional— nos seus órganos de xestión, incidindo tamén na incorporación asociativa de educadores e educadoras presentes no ámbito da educación social. Renovación tamén, aínda que só en parte, dos Consellos de Redacción e Editorial, respectivamente, da Revista Galega de Educación. E por iso, un momento de probable modificación de condutas máis habituais na Asociación, de interrogantes, pero tamén de ilusión, de horizonte de futuro aberto.

Neste contexto presentamos este Boletín, máis extenso do imaxinado inicialmente polo seu Consello de Redacción. Difundilo despois da celebración dos 40 anos de NEG, ampliou sensiblemente esta sección extraordinaria prevista, ao procurar incluír contidos especialmente significativos do vivido no I Congreso de NEG. Somos conscientes do inconveniente que supón o volume final para a súa manexabilidade. Confiamos en ter contribuído a paliarlo optando por un deseño e unha maquetaxe que ofrezca un conxunto lixeiro visualmente, sen renunciar a amosar a nosa realidade neste momento de remuda: a Asociación ten moita vida! Vivamos o momento e tratemos de proxectalo cara ao futuro.

Un momento decisivo na Asociación

Neste número que se abre con estas liñas tamén queremos salienta a participación nas diferentes seccións das persoas asociadas e tamén daquelas que nos seguen de preto e que nesta ocasión colaboran na sección “NEG escoita”.

Trátanse asuntos tan diversos como a dinámica interna da Asociación, a vida dos diferentes grupos de traballo internos, prácticas educativas de referencia que xermolaron arredor de NEG, as nosas relacións co mundo, as novas xeracións, as súas inxerencias e o seu empoderamento, o recordo de quen xa non está... e tamén o vivido arredor da celebración dos 40 anos de NEG.

En definitiva, un número coral, colaborativo, cun proceso de elaboración ao longo de varios meses que o Consello de Redacción presenta cun agradecemento sincero e explícito a todas as persoas que atenderon a invitación para participar nel.

Ese é precisamente un dos seus obxectivos: lograr a participación activa de cantas máis persoas mellor, neste espazo de encontro e vivencias compartidas desde uns valores comúns que representa NEG, visibilizando a riqueza deste noso MRP, con máis frecuencia da que desexariamos, non atendidas polas urxencias do día a día.

Vaia desde agora mesmo a invitación para a participación no seguinte número. Decidámonos todos, todas, a seguir mantendo viva a tea coa que NEG trata de alimentar o mundo que nos tocou vivir.

Consello de Redacción

A HISTORIA QUE ESCRIBIMOS

Memorias dun profe na educación de finais do s. XX e comezos do s. XXI

André Santalla López.

Asociado a NEG. Mestre, licenciado en Románicas e doutor en Literatura pola UB.
andresantalla@hotmail.com.



A educación desde os anos 60 do século XX ata hoxe nos anos 20 do século XXI, evolucionou en aspectos secundarios como a utilización das novas tecnoloxías, pero no que é o cerne dos seus obxectivos pouco podemos dicir. O alumnado non se sente motivado para aprender e coñecer con curiosidade desde un centro educativo, e o profesorado non é capaz de conseguir que cada unha das persoas que asisten ás aulas aprendan significativamente.

No meu caso, poderíase explicar a evolución da educación e da instrución en Galicia e no Estado cronoloxicamente, escribindo sobre a miña relación coa educación institucional como alumno, como estudante e como docente. Eu era un neno de cando non había escolas públicas dignas. No centro de Ferrol, as escolas eran privadas e relixiosas. A educación no Estado español estaba dirixido piramidalmente pola Igrexa e o Opus Dei desde as universidades, controlando os centros de secundaria e tamén a primaria.

A formación do profesorado non existía e as Escolas de Maxisterio eran un mero trámite administrativo. Os centros educativos tiñan na disciplina, na ameaza, nos ditados e nos castigos corporais toda a súa filosofía. E continuou... ata hai moi pouco.

Nos anos sesenta, eu aprendín as primeiras letras no sobrado dunha casa en Ferrol. Aos oito, no 1968, pasei á Escola Obreira da Bazán de Ferrol. O obxectivo principal: reproducir a clase social á que pertenciamos e incluso no mesmo gremio-taller, "plomero de tubo" nos barcos que se construían para a Armada, como os nosos pais. Eu fun para o instituto porque os meus pais me indicaron que o intentase. Pero os da Escola Obreira estabamos catalogados como baixos en contidos e aprendizaxes para o acabado de inaugurar BUP.

Memorias dun profe na educación de finais do s. XX e comezos do s. XXI

A Lei de 1970 intenta poñer a educación nos tempos da bonanza económica no Estado, pero só é un lavado de cara. As concentracións escolares (1.200 persoas) na Galicia de finais dos anos 70 supuxeron a eliminación progresiva do galego como lingua e a deslocalización do alumnado da sabedoría rural e da vinculación co seu medio produtivo. A educación só supoñía un ascensor social para moi poucos homes e mulleres do rural. No caso dos que viviamos nas cidades este ascensor social podería ser máis probable. Por iso os movementos migratorios ás cidades e ao estranxeiro.

No meu caso, a finais dos 70, fun estudar Maxisterio na Universidade de Barcelona. O meu amigo e titor de vida, Roberto Casteleiro (Caladiño de Sempre Xonxa) aconsellárame marchar para alí, dicía que aprendería máis dos movementos sociais e pedagóxicos, da ópera e a música, da montaña e das asociacións e as viaxes, que das aulas da universidade. Na Universidade asistín ás aulas de profesorado exemplar como Antoni Domènech de Filosofía e Socioloxía, José María Valverde de Literatura e Filosofía, Elena e Basilio Losada de cultura galega e portuguesa.

Fun descubrindo propostas educativas extraordinarias; desde 1980 coñecín escolas que seguían diferentes liñas pedagóxicas como as de Montessori, Freinet, Paulo Freire, escolas libertarias, centros educativos con experiencias innovadoras de traballos por proxectos, os Congresos de Pedagogía Prospectiva, a socialización dos materiais didácticos e a súa xestión cooperativas a través das ANPA...

Pero a miña mente abriuse inmensamente cando organizei a viaxe ao norte de Italia no 1982 e coñecemos a Pedagogía Terapéutica nos concellos de Bologna, Turín, Milán, na Regio Emilia. Alí coñecemos os traballos por obradoiros de tecnoloxía e todas as áreas de coñecemento desde os cursos de infantil, as cidades educativas de Fano e Roma de Tonucci.

Ao meso tempo, coñecín Rosa Sensat, pero sobre todo vinculeime á Asociación Casal del Mestre en Sta. Coloma, onde Lluís Rey e Aurora Maquinay se converteron nos meu exemplos de profes a seguir. Alí crearon grupos de traballo por áreas de coñecemento e mesmo cheguei a ter unha empresa para publicar eses traballos e crear a miña editorial para a venda de todo ese quefacer colectivo.

Memorias dun profe na educación de finais do s. XX e comezos do s. XXI

Os contidos e as programacións continúan a ser desmotivadores se non lles damos un enfoque por proxectos multiáreas. Buscar puntos de interese como o xogo popular, un museo etnográfico ou tecnolóxico, a creación dunha ópera como nos proxectos “LOVA” nos que o alumnado se teña que reunir e aunar esforzos, a recuperación das técnicas Freinet, a supresión das clases maxistras e de ditado etc. Para min os intercambios entre centros, entre alumnado de lugares e linguas diferentes, poden ser moi ilustrativo e punto de partida do traballo por proxectos.



Memorias dun profe na educación de finais do s. XX e comezos do s. XXI

Desde aqueles anos 80 moitas asociacións do profesorado loitamos por colocar a música, o teatro, os hortos escolares, as técnicas Freinet, o traballo autocorrixiible, o cine, as artes, a non avaliación numérica senón por informes, as viaxes e as saídas escolares, os obradoiros artesanais, a loita en común coas asociacións de barrio polas bibliotecas, polos servizos sociais. A educación era unha peza máis do puzzle por un mundo mellor en cada barrio.

En Cataluña eramos moita xente nova e creamos moitos proxectos de innovación. Cando regresei a Galicia nos 90, as ilusións seguían intactas e as dificultades eran parte do camiño; aquí dende a década anterior moito profesorado puido crear verdadeiros centros exemplares para todo o Estado, como pode ser o colexio da Capela con Secundino como referente na escola e hoxe no Museo Etnográfico, colocando a cultura dos oficios e artesanías, o coidado do medioambiente e da vida rural, o xogo popular galego como base da educación.

César Martínez en Barallobre buscando sempre integrar o medioambiente no seu centro como pedra angular e logo como coordinador de Normalización Lingüística con todas as actividades integrais que nos achegaba para incorporar contidos culturais e medioambientais en cada un dos centros do Ortegal e Ferrolterra.

Que lindas xornadas na aldea de Cabalar!

Nos anos deste novo século XXI posiblemente estamos perdendo a posibilidade de conseguir educar e instruír seguindo criterios de motivación, de aprender a aprender, de procesos significativos e integradores de todas as tecnoloxías, desde o teléfono móbil ate unha fotografía ou un deseño a lapis. Porque as claves para conseguir unha educación integral da persoa seguen sendo as mesmas desde a Grecia Clásica: camiñar, ver a realidade e interpretala, preguntarse polo que temos cada paso que damos desde a nosa casa ata o centro educativo.



A HISTORIA QUE ESCRIBIMOS

Retallos da historia dunha mestra

Carmela Cons Pintos
Mestra retirada. Socia de NEG
carmelacons@gmail.com



De rapaza non sabía a que me gustaría dedicar a miña vida adulta, traballar seguro! pero, en que? A clave para min, penso agora, estaba en atopar a profesión que me permitise ser quen son, aprender máis, medrar como persoa ao tempo que tentaba influír na miña contorna contribuindo co mellor de min.

Un bo orientador suxeríume abríreme a estudar Pedagogía...

Descubrín un mundo moi rico de pensamento, teorías, experiencias... coñecemento ao servizo do crecemento das persoas e da sociedade como colectivo, cheo de creatividade, compromiso e confianza na posibilidade dun futuro mellor.

Asociarme a Nova Escola Galega foi unha das primeiras decisións que tomei cando comecei a traballar como mestra. Aí atopei as persoas coas que participar desa creación de pensamento e coñecemento pedagóxico, cos pés na terra na que viviamos, cos ollos e ouvidos atentos á vida e acontecementos da nosa contorna, nutríndonos do saber de grandes profesionais, investigadores, e teóricos da educación.

Agora, xa retirada do mundo laboral, reviso o meu percorrido profesional coa mirada daquela rapaza indecisa que necesitaba topar o camiño para ser ela mesma e, ao mesmo tempo, ser útil aos demais. A historia dese percorrido está chea de paixón e de persoas coas que compartín esa mesma paixón: construír unha escola viva na que collésemos todas as persoas, coas nosas necesidades, estilos, intereses..., na que importásemos todas e nesa relación facilitar que a evolución individual e a colectiva fose máis harmónica, máis global e arraigada no interior de cada persoa.

Esa historia imaxínoa máis difícil, con menos luces de non contar coa casa común que era NEG e coas miñas compañeiras de camiño (as cambelas) no seminario que formamos.

Retallos da historia dunha mestra

O feito é que nese ambiente de facer renovación pedagóxica aprendín a ver aspectos que me pasaban desapercibidos, a analizar situacións en clave de necesidades, a experimentar metodoloxías e enfoques interesantes, a facer meu o esencial do coñecemento que descubría, adaptándoo ao meu estilo e situación, a quen era eu e a poñelo en práctica.

Na miña historia profesional teñen un lugar moi importante tamén os éxitos e os fracasos que vivín. Os fracasos ensináronme a recoñecer e aceptar os meus límites e, en consecuencia, a entender mellor as limitacións dos demais.

Os éxitos déronme alegría, enerxía e confianza na posibilidade de xerar e participar dos cambios que iamos conseguindo: cos grupos de alumnado que gañaban autonomía, espontaneidade, motivación, capacidade de xestión; coas relacións de confianza e intimidade xeradas perso a perso na escola; coa complicidade pedagóxica con algunhas compañeiras e familias; e coa riqueza infinita do compartido coas cambelas.



Cambela. Sesión de traballo.

Retallos da historia dunha mestra

Fun mestra de Educación Infantil e de Pedagogía Terapéutica, case sempre coordinei “algo” e mesmo formei parte dun equipo directivo, tiven compañeiras e compañeiros cos que compartín ideas, proxectos e práctica na aula. E, sobre todo, tiven o acerto de xuntarme fóra do meu centro de traballo (en NEG e en Cambela) con outras mestras e mestres para falar de como facer escola, para imaxinala, para definila, para reflexionar e planificar desde aí...

Se o destaco é porque coido que de non ser así, a miña historia profesional sería máis triste e esforzada, con menos goce e lucidez.

Grazas compañeiras e compañeiros de camiño!



NEG, a casa común.



Escribindo a historia persoal.

A HISTORIA QUE ESCRIBIMOS

A escola e o medio. Aprendendo da realidade

Emilio González Legaspi
Docente xubilado. Socio de NEG
eglegaspi@gmx.com



Estou nunha idade de recordos relacionados cos anos que exercín de ensinante, sabendo que aprendín máis que ensinei, e polo que estarei por sempre agradecido a todos os que foron meus alumnos e alumnas.

Os anos de aprendizaxe na Escola de Maxisterio estiveron cheos de idealismo e ilusión.

Daba a sensación de que os ensinantes podían cambiar a sociedade e por outra banda, esta tiña a necesidade de darlle unha grande atención educativa a unha morea de alumnos que ateigaban as escolas e que industria e outras áreas económicas necesitaban como man de obra formada e 'domesticada' para mellorar a calidade produtiva. Tanto era así que cada curso saían de Maxisterio entre douscentos e trescentos mestres e mestras que obtiñan praza en colexios, ben a través das oposición ou por acceso directo.

No curso 1979-80, entrei no meu primeiro destino provisional na escola infantil de Ribadeo, a que daquela era coñecida como parvulario. Alí atopei a primeira gran diferenza entre a teoría aprendida en Maxisterio e a realidade.

O local era unha antiga aula dun colexio de franciscanos que xa non funcionaba e que fora habilitada para atender os nenos e nenas menores de seis anos de Ribadeo e das parroquias. Eran cerca de trinta alumnos e alumnas de catro e cinco anos, cunha diversidade enorme, procedentes de familias con poucos recursos da vila e que non podían mandalos aos colexios privados de monxas, de familias xitanas e das aldeas do resto do concello, falando diferentes idiomas e diversos intereses.

A aula era fría, cunha soia estufa de butano para non aterecer no inverno. Os de fóra de Ribadeo tiñan que desprazalos ao colexio comarcal para asistir ao comedor e volver para a sesión da tarde.

A escola e o medio. Aprendendo da realidade

Puxen todo o meu coñecemento e dedicación para atendelos, relacioneime moito coas familias, sobre todo coas nais, para orientalos en como podían axudarlles na casa o interese polas cousas da escola, que naquela etapa consistía en aprender a relacionarse coa seus iguais e co medio, para acadaren as bases que os axudarían a aprender a lectura e a escritura. Con algúns daqueles nenos e familias mantiven o contacto durante moitos anos.

No curso seguinte exercín na concentración escolar da Pobra do Brollón, onde coñecín a realidade do rural daqueles anos, que se resumía en pobreza e emigración. Alí atendín un curso, que hoxe lle chamaríamos de atención á diversidade, pero daquela os eufemismos non se levaban e denominábase de educación especial, pois eran etiquetados de especiais e, a maiores, segregados dos “normais”, por seren pobres, hiperactivos, folgazáns, desinteresados, orfos, fillos de emigrantes galegos que vivían cos avós.



Concentración escolar da Pobra
de Brollón. Curso 1980-81.

A escola e o medio. Aprendendo da realidade

Foi a lección que me deixou gravado que o sistema non era equitativo nin xusto cos máis desfavorecidos, senón que o seu obxectivo era perpetuar as diferencias de clase e culturais, dándolles máis a quen máis ten e quitándollo a quen máis o necesita.

Logo entrei no programa de Preescolar na casa e durante tres cursos aprendín todo o que non sabía de pedagogía e de como aplicar a teoría á práctica; coñecín a realidade, as carencias e a falta de servizos do rural e coñecín a grandes persoas, como Lois Ferradás ou Xabier Punte Docampo, que en paz descansen, que foron e son grandes compañeiros e colegas no traballo de dignificar o ensino galego dende o movemento de renovación pedagóxica, que foi e é a nosa Nova Escola Galega.



A HISTORIA QUE ESCRIBIMOS

A forza propia dos inicios

Xoán Xosé Lorenzo
.Docente xubilado. Socio de NEG
xlourenzo@proton.me



Aló polo ano 1998 comeza esta historia ao estar realizando o ano de prácticas no IES de Ortigueira, pero impartindo as aulas no CEIP José María Lage. Foron tempos moi bos nos que a forza propia dos inicios e a enerxía de quen chega con moitas expectativas fai agromar os proxectos e as iniciativas.

Neses tempos entrei en contacto máis directo coa renovación pedagóxica que se levaba a cabo; en particular con Nova Escola Galega, o que co empuxe engadido de compañeiros coma Andrés Santalla, me levou a participar e colaborar nas distintas Escolas de Verán realizadas no Ortegal e na Ferrolterra.

Nestes tempos na cabeza rebulían as ideas e os proxectos. Entrementres, xa pasados os dous anos polas terras de Ortegal, os meus pasos encamiñáronse cara ás de Ferrol, onde distintos centros foron pasando e deixando a súa pegada, o IES de Catabois, o CEIP de Ponzos, O CEIP de Esteiro, o CPI o Feal en Narón, e logo o CEIP de San Ramón en Moeche.

Foi neste último onde máis desenvolvín o meu labor como ensinante, e tamén máis tarde coma director do centro; nesta etapa tentei achegar toda a comunidade educativa na gobernanza do colexio, non sen moitos atrancos producidos pola novidade e a dificultade de asimilar os cambios.

Finalmente, o periplo de centros educativos remata no CEIP Manuel Masdías, dando tamén por rematada a miña relación coa Consellaría de Educación, pouco antes do inicio do confinamento, rematando o camiño da profesión docente, mais non a historia, que é un continuum pero con moitas liñas que o atravesan.

A forza propia dos inicios

Unha desas liñas transversais é a sindical que se inicia nunha actividade realizada con NEG nun encontro realizado en Córdoba; alí asistían tamén varias/os integrantes do STEG, sindicato do que finalmente fixen parte ocupando distintas responsabilidades, tanto coma simple afiliado, como sendo delegado parcial ou total. Debo dicir que a incorporación ao STEG foi no meu caso a resposta natural á busca de mellorar o noso sistema educativo, facéndoo máis achegado aos tempos, un ensino máis democrático, galego, feminista, laico... o que non foi tarefa fácil, especialmente cando desde a propia Consellería de Educación se aplican políticas liberais e un ataque continuo ao ensino público, favorecendo o ensino concertado (habitualmente dependente de organizacións católicas) e cando soamente era o STEG, o sindicato defensor do ensino público, namentres outros xogaban a dúas bandas.

Outro elemento que é obxecto dun ataque continuo pola administración é a lingua galega, de tal xeito que o ensino, que debería ser un axente galeguizador, en realidade estase a converter no contrario con moitas/os galegofalantes que despois do seu paso polo ensino rematan a ser castelán falantes, aínda sendo certo que hai outros elementos que inciden neste proceso, pero non podemos obviar a nosa parte de culpa como parte integrante do ensino galego.

Todo isto fixo que de tantas veces bater contra un muro por mellorar o ensino finalmente aquel rapaz, que na fin do século pasado chegaba con moitos ánimos e ilusións, chegase a perdelos polo camiño e cando un non ten forzas nin ilusión é mellor dar un paso ao lado e deixar que outras/os con mais folgos encabecen o percorrido, e o resto apoiaremos á/ó de diante.

Paseo Eusebio Dávila, Ortigueira.



A forza propia dos inicios




Non quero ser pesimista, pero a realidade é a que é, e non por ocultala vai desaparecer, por tanto que temos que recoñecer o problema e afrontalo directamente, e por iso sigo nunha loita na que xa levamos moitos anos.

Outra das liñas transversais do meu percorrido vital levoume a unha asociación socio-educativa e investigadora que xunto con outras compañeiras e compañeiros relacionados co ensino e con NEG fundamos coa finalidade de pescudar o medio e crear distintos materiais educativos aplicando todas aquelas ferramentas que tiñamos ou existían.

Así nace ANOVAR, que nos seus primeiros anos realizou ferramentas educativas sobre as/os autoras/es homenaxeados no Día das Letras Galegas desde o 2004 con Xaquín Lorenzo (Xocas) e Manuel Lorenzo Varela no 2005; tamén abordamos persoeiros importantes da cultura e da sociedade galega como Avelino Pousa Antelo ou escritores como Lino Novás Calvo e o seu realismo máxico, neste caso para pór a disposición da Fundación Ortegalia... Aínda que de curta vida, ANOVAR foi prolíxa na creación de materiais, na pescuda e de integración de novas ferramentas no eido educativo.

Remata un camiño pero continúan outros, e un deles deixou un pouso moi grande que dura aínda agora: estamos falando de Nova Escola Galega, unha entidade que coñecín por primeira vez cando aínda estaba a estudar Formación do Profesorado na Coruña e coa que me reencontrei novamente cando estaba no ano de prácticas en Ortigueira... e xa desta foi a definitiva, incorporándome a NEG sen data de marcha. NEG era e é un oasis dentro do ensino galego, onde a renovación pedagóxica rebordaba. Nuns tempos nos que a educación retornaba a esquemas do pasado.

NEG puña os alicerces dun ensino galego renovado con base no territorio e na súa xente, implicado coa lingua e a cultura, plantando cara pero con propostas, todo un traballo de moitas e moitos compañeiros, do ensino ou non, pero que traballabamos cunha mesma voz, e todo ese traballo tivo o seu recoñecemento en diversas ocasións; talvez, a entrega do Pedrón de Ouro, á que tiven a honra de asistir, sexa unha das que máis me impresionou.



A forza propia dos inicios

Nova Escola Galega, aínda que agora eu menos involucrado, segue a ser un elemento importante no meu percorrido vital, agora aberto a novas realidades no ensino, ampliando a base das comunidades educativas con novas/os profesionais ligados á tarefa educativa, como non había de ser doutro modo, nun ente vivo como o ensino que sempre ten que ter a mirada aberta ás novas realidades. Non podo esquecer que dende NEG partillei de grandes experiencias formativas, escolas de verán, xornadas de todo tipo, congresos, xuntanzas de MRP de todo o Estado e con compañeiras/os portuguesas/es, encontros de educadores pola paz ou de materiais...

Todas estas actividades realizadas por toda Galiza e no estranxeiro deitaron cadansúa pinga na miña formación como profesional e como persoa, e polo tanto todo o meu agradecemento para todos aqueles, todas aquelas, que organizaron e levaron adiante estas actividades, sempre superando todos os atrancos que xurdían, e sempre de forma voluntaria. Como remate non queda outra que falar daquelas outras actividades e entidades que tamén influíron na miña personalidade, así temos entidades de defensa da lingua e dos dereitos humanos das primeiras ProLingua, MNL, Queremos Galego, ou a Plataforma per la llengua, todas elas de especial importancia no mantemento das linguas da Galiza e de Catalunya, e coas que eu quero defendelas pero tamén recoñecer outras linguas do estado como o éuscaro, o asturiano, o lleonés, a fabla e moitas outras.

Mais este apoio a distintas entidades tamén necesita apoio desde outros ámbitos coma o xornalístico, e por iso o meu apoio a diarios de galego coma Nós ou Praza pública, pois sen unha base firme na cidadanía, non seremos que de pór a nosa lingua no lugar que realmente lle corresponde, que é por riba da lingua colonizadora imposta polo Estado e apoiada estaría polos seus medios de comunicación (que din galegos).

Ladrido, Ortigueira.



A forza propia dos inicios

Seguindo na defensa dos dereitos das persoas atoparíamos Amnistía Internacional e Iridia (Centre per la defensa dels Drets Humans). Na defensa do medio ambiente: Adegas, SEO, Greenpeace, XR_Galiza, XR científicos...

A participación nestas asociacións e entidades deriva dos principios doutras coma STEG ou NEG que deixaron o seu pouso nestes aspectos, pero tamén na certeza de que a defensa do territorio e da nosa xente pasa por eses eidos tan importantes para a sociedade galega, e a nosa identidade nacional ten unha fonda base no territorio e na cooperación na súa defensa, como se reflicte en distintas loitas como a do Prestige, o Casón ou o Mar Exeo, a loita contra dos incendios ou, máis recente, contra a invasión eólica, loitas do pobo como a das Encrobas onde a afouteza das mulleres galegas se puxo por diante das forzas opresoras... e poderíamos seguir enumerando feitos e datas durante horas, pero o tempo é limitado.

Remato este relato coa impresión de deixar moitas cousas no tinteiro, o de ter enfocado mal esta historia, habería que contar máis experiencias? Tería que centrarme soamente nos anos nos centros? Ou tería que ter utilizado unha intelixencia artificial para facer este contido? Non sei, o que si teño claro é que cando comezas un texto, se difícil é comezar, máis difícil é continuar e moito máis rematar. Desculpen as/os lectoras/es as molestias causadas por este pequeno anaco de historia.



Castelo de Moeche.

CONSTRUÍMOS FACENDO ESCOLA



Contexto e texto da escola rural na que traballamos

Xoel Gutiérrez Roca
Docente e Socio de NEC
xoel.gutierrez.roca@edu.xunta.gal

Contexto

Sorprendentemente, a educación está hoxe en día nun momento no que parece máis importante o seu proceso de autoafirmación e recoñecemento en papeis divulgativos, científicos, políticos... que o seu proceso de aclimatarse ás realidades educativas, xa sexan individuais ou colectivas, rurais ou urbanas. A concreción do día a día non importa tanto como a abstracción dunhas cantas letras unidas que inciten á imaxinación do crítico lector. A burocracia esíxeo, así como tamén o esixe o “pensamento Instagram” dominante que nos obriga como mestres a rexistrar as nosas peripecias educativas máis ou menos innovadoras en fotos para as redes que nos xustifiquen ante as familias e ante o resto da comunidade educativa.

Das competencias ás veces pasamos sen querer á competitividade docente e interescolar, o que, unido aos currículos excesivamente vastos, fai que sexa complicada a pedagogía lenta, necesaria sobre todo cos nenos e nenas máis pequenos. Pero todo autoeloxio é pouco nun momento no que a educación actual se converte en ocasións nun “meme”, ao facerse virais nas redes vídeos de creadores de contido no que simplifican ao extremo o ensino actual sen ter en conta os avances[1]. E menos mal que a pandemia deixou claro que non podíamos ser substituídos polos ordenadores, porque algúns medios e “gurús” educativos e tecnolóxicos xa teñen fantasiado nesta liña de deshumanización do ensino[2]. En definitiva, toda xustificación é pouca ante este panorama.



Alumnado do CPI Plurilingüe Virxe da Cela onde exerce como mestre Xoel Gutierrez.

[1] Algúns exemplos humorísticos, para ver e reflexionar, os de Nuria Casas sobre profes antes e despois na aula <https://www.tiktok.com/@nuriacasasc/video/7156580975286209797?lang=es> ou corrixindo un exame <https://www.tiktok.com/@nuriacasasc/video/7155841510372625670?lang=es>

[1] Con titulares como: “en 15 anos as máquinas intelixentes reemplazarán os mestres”, aínda que Marc Vidal matice algo esta cita se lemos a entrevista ao completo: <https://www.educacionrespuntocero.com/entrevistas/marc-vidal-maquinas-inteligentes-reemplazaran-maestros/>

Contexto e texto da escola rural na que traballamos

O texto

E logo está o texto, o papel, o discurso... que un colexio pequeniño dun concello pequeniño pode crear a través do seu Proxecto educativo para facerse grande, un motor do territorio do que forma parte, e que transcenda do papel. Porque este mar revolto que é a educación na actualidade é unha etapa difícil, pero tamén desafiante e chea de oportunidades. A continuación propoñémonos describir dito proxecto, baseado na nosa opinión en catro liñas principais de actuación. E a pesar de que isto non deixa de ser outra vez máis un conxunto de letras que incitan á imaxinación do lector, dou fe de que o labor deste colexio que tentamos describir busca ser finalmente concreto:

1

De Freinet a Internet e radio escolar: hoxe en día, o ordenador é a actual imprenta escolar para o texto libre e o xornal mural freinetianos. O noso colexio emprega diferentes blogs para compartir as creacións e traballos do alumnado. Ademais, dispón de radio escolar na que os nosos estudantes aprenden facendo, a través dun obradoiro quincenal baixo o amparo de Radio Enxebre e Ayuda en Acción.

2

Procesos de Investigación-Acción: o centro conta con profesorado comprometido na súa actualización docente e cun PFPP amplo e variado. Iniciámonos en técnicas propias da Investigación-Acción ou das Lesson Study a través do programa Observa-Acción, e aprendemos xuntos sobre xogos de mesa educativos e didácticos, técnicas restaurativas, impresión 3-D, radio escolar, escritura e lectura creativa, fomento da lingua galega etc.

3

Apoio doutras institucións sociais e educativas: a ONG Ayuda en Acción realiza numerosos obradoiros, conferencias e actividades educativas co alumnado e profesorado, e axuda o centro a situarse como eixe dinamizador da contorna rural na que se atopa, por exemplo a través de actividades dirixidas ás familias e Escola de Pais/Nais.

4

Carácter orgullosamente "rural": porque aquí pensamos que o medio no que nos atopamos é unha oportunidade. E dende este punto de vista optimista e proactivo, aproveitámonos del a través de actividades escolares contextualizadas, saídas á contorna e un horto escolar dentro do programa Voz Natura e coa colaboración da asociación Euroeume.

Contexto e texto da escola rural na que traballamos

En definitiva, un colexio que tenta render contas principalmente co alumnado, que debe ser, en realidade, o obxectivo primordial da educación.



O máis importante do CPI Plurilingüe Virxe da Cela: o seu alumnado, obxectivo principal da educación.


CONSTRUÍMOS FACENDO ESCOLA

Renovación pedagóxica no ensino das linguas: o caso do galego

Valentina Formoso Gosende
IES do Milladoiro - Ames
vformoso@gmail.com

Debaixo dun título tan ambicioso, a persoa que lea estas liñas podería pensar en atopar algo revolucionario de aplicación instantánea e resultados óptimos. Xa a quito de engano porque neste breve espazo só vai atopar algunhas reflexións. Mais antes de nada, habería que dirimir de que imos falar porque teño a impresión de que a renovación pedagóxica xa non se sabe moi ben a que vai asociada na actualidade, pero se lle engadimos o sintagma “no ensino das linguas” o abano de interpretacións creo que aumenta.

“Renovación pedagóxica” para algunhas persoas significa empregar algo máis ca o papel. Daquela, o uso das TIC considéranos renovador mesmo cando se limite ao emprego dun manual que tivo (e pode aínda ter) versión en papel e agora se reconverteu en pdf para Edixgal, ou facer clases maxistras a diario apoiándose nunha presentación de diapositivas. Paréceme que non se está na renovación só por estar no mundo dixital.



Renovación pedagógica no ensino das linguas: o caso do galego

Con ou sen libro dixital, tamén hai quen acredita que a renovación pedagógica está vinculada ao uso de recursos novos, e xa non tanto... O emprego de vídeos, audios ou xogos -que poden ir desde o clásico de fundir a frota ata calquera kahoot- non sempre son renovadores no ensino das linguas, pois moitas veces non pasan de ser unha forma de facer unha clase divertida. Con todo, xa avanzan nun aspecto importante: o alumnado é activo e non pasivo.

A renovación pedagógica no ensino das linguas, desde a miña perspectiva, ten que atender ao **contexto sociolingüístico** no que se imparten, á **metodoloxía** que se emprega e aos instrumentos de **avaliación** escollidos. E non se debería esquecer ningún dos puntos cando se quere falar desta cuestión no contexto galego.

Coa chegada da LOMCE apostouse por iniciar unha renovación metodolóxica arredor do Tratamento Integrado das Linguas (TIL) que é realmente unha revolución pedagógica, sempre que se entenda como algo máis ca a unha necesaria repartición de contidos entre as diferentes materias e mais ca un imprescindible acordo terminolóxico, aspectos que aínda están lonxe de se acadar en moitos centros.



Imaxe tirada do vídeo de Youtube "Tecnoloxía ou Metodoloxía".

Renovación pedagógica no ensino das linguas: o caso do galego

O alumnado non desenvolve destrezas comunicativas porque ademais non se lle esixen. Os instrumentos de avaliación adoitan concentrarse en probas escritas con preguntas de sempre. encher ocos con femininos, plurais ou exercicios de acentos ou sintaxe como un fin en si mesmos. E, ademais, cando os instrumentos de avaliación son deste tipo e teñen un peso na cualificación final, moi alto comprobamos como o -cada vez menos abundante- alumnado galegofalante segue a ser castigado porque ninguén lle valora o que sabe de seu, agás a colocación dos pronomes átonos e pouco máis. Váiselle penalizar que escriba “escoba” pero seguramente non teña oportunidade de demostrar a riqueza léxica que posúe ao diferenciar perfectamente entre escachar, esnaquizar e esgazar.

E como o peso destas probas é bastante alto, a oralidade redúcese a un 10% ou 20% onde se volve penalizar os galegofalantes porque poden dicir “escoba” ou “abuelo”, mesmo por dicir “ghatos” ou “sinco” e non se lle valora que pronuncien “óso” ou “póla” correctamente, nin que teñan entoación galega tan sequera cando fan unha pregunta. Se non se ten en conta o contexto sociolingüístico e se ensina a lingua minorada no seu territorio coma se fose unha lingua hexemónica, non estamos a renovar nada, estamos facendo o de sempre e mal.



Non se está na renovación só por estar no mundo dixital.



Pregunta. Instrumentos de avaliación eficaces para o alumnado galegofalante.

CONSTRUÍMOS FACENDO ESCOLA



Conectando co medio a través do Proxecto interxeneracional FIANDO UNIVERSOS

Pablo Vázquez Vilar
Membro de Fiar Estrelas (NEG)
pablovazv@edu.xunta.gal

Hoxe en día, os medios de comunicación e a dixitalización da sociedade fan que, cada vez máis, o alumnado estea a desvincularse do seu medio máis próximo. Precisamente por isto, dende a escola debemos potenciar a investigación e o coñecemento, tanto físico coma persoal e social, de todo o que nos arrodea.

Neste sentido comparto a experiencia desenvolvida co alumnado de Oratoria de 2º da ESO do IES Marqués de Sargadelos (Cervo, Lugo) no marco do Proxecto interxeneracional do Grupo de traballo de Fiar Estrelas (Nova Escola Galega) do que formo parte, centrado na procura da inclusión a partir da relación entre grupos de diferentes xeracións e realidades.

No Encontro interxeneracional da diversidade Fiando universos, que celebramos o curso pasado no CEE Manuel López Navalón, puidemos compartir simultaneamente co seu alumnado de FP Básica e coas persoas maiores das Residencias de Ferrol e de Oleiros, os resultados da investigación levada a cabo polo grupo de Oratoria de 2º ESO sobre os diferentes oficios tradicionais na contorna: a ferrería, a elaboración de instrumentos musicais tradicionais e de apeiros de labranza, a pesca, arte tamén moi vinculada á zona costeira na que se sitúa o centro, e, por suposto, a cerámica, tan relevante no concello de Cervo, onde se sitúan á fábrica e o museo de Sargadelos.



Encontro Interxeneracional da diversidade: Fiando universos.


Conectando co medio a través do Proxecto interxeneracional FIANDO UNIVERSOS

No mural que construímos, iamos colocando organizadamente toda a información sobre as características, tipos e técnicas de cada ámbito laboral elixido, seguindo o esquema previo elaborado que se logrou manter durante a exposición no Encontro interxeneracional. Moita desa información foi obtida a través de Internet, aínda que a máis impactante chegou a través das entrevistas individuais realizadas ás persoas maiores máis próximas ao alumnado: veciñanza, familiares...

Mágoa que os tempos no encontro non fosen suficientes para compartir tamén a compoñente emocional que espertara cada entrevista e a súa vinculación á aprendizaxe sociocultural dun mundo que, se ben semella descoñecido para o alumnado, non está tan lonxe como parece.

É de salientar nesta experiencia o desenvolvemento da competencia social ao darlle relevancia tamén ao abandono, tanto de técnicas coma de oficios vinculados ao mundo rural que, sendo básicas, están sendo desprazadas por outro tipo de actividades que destrúen o noso medio: o exemplo máis palpable na comarca é a actividade pesqueira, noutroa economicamente importante e hoxe en día anecdótica polo forte impacto que, a nivel laboral, marcou a instalación da fábrica de Alcoa na zona.

Alumnado de 2º ESO
compartindo o seu
traballo de
investigación no
encontro
Interxeneracional
Fiando Universos.



Conectando co medio a través do Proxecto interxeneracional FIANDO UNIVERSOS

O desenvolvemento deste proxecto de investigación no mundo rural centrado na vida laboral das persoas maiores achegou o alumnado á diversidade dos grupos cos que ía interaccionar no Encontro, favorecendo a empatía con eles. Os grupos de maiores dos centros residenciais participaron activamente durante a nosa exposición, compartindo coñecementos e experiencias vitais da propia traxectoria laboral. A espontaneidade que se xerou facilitou a fluidez e o enriquecemento mutuo, inicialmente limitado polas dificultades propias das conexións telemáticas. Todas estas vivencias viñeron completar as experimentadas ao longo do proceso de aprendizaxe anterior, nun clima emocional que era inimaxinable ao inicio dun Encontro virtual.

En definitiva, visualizar as actividades do alumnado do CEE Navalón, escoitar as achegas das persoas maiores, e especialmente palpar a ilusión e o interese que lle facía a exposición do noso alumnado, logrou tamén unha sensibilización ante as necesidades de comunicación e apego de determinados grupos sociais con dificultades de distinto tipo que, máis a miúdo do que imaxinamos, pasan desapercibidas social e politicamente.



Imaxe do Encontro Interxeracional Fiar Estrelas.

CONSTRUÍMOS FACENDO ESCOLA

Un 26 de decembro...



Gemma Álvarez Maneiro.
Docente de Lingua Galega e Socia de NEG.
maneiroxemma@gmail.com

Aula Virtual dun IES cal sexa: mensaxe recibida o 26-XII-2023 dun alumno real que imos chamar Afonso:

Ola Gemma:

Cando é a data de recuperación?

E na recuperación, xa que teño un exame aprobado, que tería que facer os dous exames ou só un?

Grazas

Felices Festas.

Un 26 de decembro...

Na avaliación 1ª, previa ás vacacións de Nadal, as sentenzas demoledoras de compañeiros e compañeiras docentes sobre Afonso eran as seguintes: abandonou; non lle importa nada nin mostra interese; que vaia facer unha FP Básica; está alá ao fondo, detrás de todo, el só sentado e nin se decata, total para o que fai; veña, nada máis, sigamos etc.

E eu penso: quen pon etiquetas? Por que non se loita por certo alumnado e por outro si? Se cadra, non hai presión de proxenitores, se callar non hai siglas asociadas a protocolos oficiais? Imos ver.

Afonso -o único de entre os 145 alumnos e alumnas que teño- un día 26 de decembro colle o ordenador, vai á Aula Virtual e demostra que non abandona, que si lle importa o que pasa e mostra interese; que alguén o puxo no fondo, só -non decidiu ir el- pero... quizais interiorizou que non vai loitar, que por algo será que leva anos escoitando certas mensaxes que rozan perigosamente a aldraxe.

Talvez Afonso ten unha doenza sen siglas nin protocolos que activar por parte da Xunta, un diagnóstico que ten casuística baseada no fallo anafiláctico do sistema, e dentro del aquí estamos nós: os docentes.




Aplicación de Xestión Administrativa da Educación (XADE) para as ensinanzas de nivel non universitario.

Un 26 de decembro...


Diagnóstico de Afonso: Desesperanza aprendida (M. Seligman). O noso alumno, igual que o experimento de Seligman, aprendeu e normalizou unha situación na que na aula que ten que estar só, ao fondo, con límites impostos de avance no proceso de ensino-aprendizaxe, con baleiros de atención e cunha saída laboral coartada indignamente.

O sistema pode fallar, de feito falla; está en decadencia, en fondo proceso de deterioración -sabemos os motivos e quen dispara- mais unha realidade é certa: nós non podemos errar e facer fracasar. Isto vai máis alá de siglas, de sistemas errantes e/ou desacertados, de omitir responsabilidades adrede. Vai de sermos quen de loitar por eles e por elas alén dos resultados académicos -que tamén-.



Docencia Século XXI.

CONSTRUÍMOS FACENDO ESCOLA



O máis moderno é ruralizarse


Ánxela Alonso Testa
Socia de Nova Escola Galega
testacaldelas@gmail.com

Quedaron atrás os días nos que falar de rural era sinónimo de atraso, ignorancia e complexos varios. Agroman novos tempos nos que cada vez máis seres humanos senten no rural un espazo no que descubrir momentos e vivencias que contribúen a crear un maior estado de serenidade e recuperar o equilibrio perdido pola velocidade e a sobreestimulación do mundo actual.

O aumento do prezo da vivenda, os salarios precarios, ou a experiencia “claustrofóbica” de confinamento na etapa covid son outros factores que fan repensar se non debemos recuperar a vella casa esquecida, recrear comunidades solidarias e colaborativas nun rural que está por redefinir e que hoxe se move con parámetros diversos. Un rural no que tamén haberá que valorar as consecuencias da penetración de modelos urbanos.

Non é a miña pretensión facer unha descrición idealizada do territorio e as comunidades rurais. As parroquias e os lugares que configuran a nosa paisaxe son, a un tempo que espazos tradicionais de convivencia, núcleos humanos que non sempre serviron ás necesidades físicas e emocionais dos seus habitantes.

E voume referir non tanto aos aspectos económicos amplamente estudados e que deron orixe á emigración, senón a aquelas tradicións e crenzas colectivas que se convertían nun imperativo para as persoas que vivían na comunidade. As crenzas e prexuízos relixiosos e o modelo patriarcal dominante que o réxime de Franco implementou, foron en moitos casos motivo de abandono dos lugares. Hoxe, nunha sociedade aberta e máis respectuosa coa diversidade, o medio rural xa non é o de “la vieja al visillo”. Xente nova e non tan nova convive amablemente. As comunicacións facilitan o intercambio e o dinamismo. Vivir no rural comenza a percibirse como “calidade de vida”.



O máis moderno é ruralizarse

Pero, de que falamos cando falamos de rural? É evidente que os cambios sociais e demográficos dificultan establecer unha definición pechada do que denominamos “medio rural”. No pensamento colectivo, falar de rural vén asociado a algún ou varios destes elementos: auga, ríos, montaña, cultivos, animais, camiños... Pero tamén con “casa propia”, “horta”, autosuficiencia e redución de consumo.



Conceptos como agricultura ecolóxica, cooperativa de consumidores/as ou soberanía alimentaria van tendo presenza no rural, así como novas formas de asociacionismo.

E nestes contextos están as pequenas escolas públicas. As unitarias, os CRA (Colexios rurais agrupados) e os CEIP, onde xorden colectivos dispersos, pero con ilusión e enerxía, que se propoñen facer do territorio rural un lugar de interese, espazo de referencia para unha “educación integral” onde os coñecementos, as sensacións e as emocións formen parte do mesmo proxecto de vida.

Pero... falemos de recursos. Durante todos os anos que levo traballando na escola pública, que xa son moitos, escoito falar da falta de recursos das escolas rurais en relación aos colexios urbanos. É o momento de reconsiderarmos algunhas cuestións ou de invertir o razoamento. Non será que os colexios urbanos carecen de recursos básicos e gratuítos que temos no medio rural? Non será que a nosa queixa pola falta de recursos vén dada por non saber apreciar a riqueza humana e natural da que nos beneficiamos?

O máis moderno é ruralizarse

Evidentemente, os centros educativos deben reunir as condicións físicas saudables esixibles para calquera espazo habitable. Luz, calor no inverno, ausencia de humidades, bos illamentos, instalación eléctrica e fontanería nas debidas condicións. Un ambiente acoledor e limpo con espazos exteriores seguros e ben ordenados. Mais, unha vez garantidas estas esixencias irrenunciáveis, non debemos imitar opción urbanas que non son máis que a evidencia de carencias.

Vexo todos os días fantasear os nenos e nenas cun anaquiño de seixo que converten en ouro, ou coas pedriñas que se transforman en ingredientes culinarios ou “performances” artísticas. As mellores covas, cabanas e refuxios son as propias árbores, esas que un bo día as brigadas de “poda e amputación” converten en meros troncos informes para tristeza das criaturas, que ven desaparecer o niño de merlos dun día para outro.

Sementar, plantar, regar, ver medrar. Con que entusiasmo traballan! Nunca protestan. Non se aburren. Son equipo. Organízanse. Ás veces discuten pero pronto resolven. Será esta a preparación para o futuro?



DESDE NEG COMO MOVIMIENTO DE RENOVACIÓN PEDAGÓGICA

A retirada da simboloxía franquista dos centros educativos

Manolo Monge González
Sociólogo. Membro de NEG
manolomongegonzález@gmail.com

Non estamos a falar dun tema novo. O Congreso aprobaba unha Proposición non de Lei sobre a retirada dos símbolos da ditadura franquista dos edificios públicos do Estado o 3 de novembro de 2004. O deputado socialista Carlos González Serna manifestaba no debate: “En una democracia madura, como la nuestra, no se puede permitir que haya niños y niñas que acudan a diario a centros educativos que llevan por nombre el del Dictador o el de alguno de sus colaboradores”.

O Consello Escolar do Estado, en aplicación da Lei da Memoria Histórica de 2007, aprobaba unha resolución na que solicitaba ás comunidades autónomas e entidades locais a retirada dos vestixios relativos á Guerra Civil e á Ditadura franquista dos centros de ensino e instaba o ministerio de Educación e Ciencia para que colaborase na elaboración dun catálogo estatal no que figurasen os nomes e símbolos que aínda perduran desa etapa. Non se executou esa resolución e o catálogo está pendente.

Co Goberno PSdeG-BNG o Parlamento de Galicia aprobaba o 26 de marzo de 2008 unha Proposición non de Lei, instando a Xunta a “eliminar de todos os edificios públicos dependentes da súa administración toda a simboloxía fascista e a promover a supresión dos nomes destes edificios que fan referencia a persoeiros representantes ou partidarios da Ditadura franquista”. O Parlamento de Galicia aprobaba por unanimidade o 18 de xullo de 2016 (Xunta de Galicia do PP) unha declaración institucional que se refería a: “eliminar os símbolos, as denominacións e as referencias franquistas de rúas e edificios públicos”.

TRABADA CEIP CELSO CURRÁS LÓPEZ

Celso Currás López é Fillo Adoptivo de Trabada (7-11-2004). Alcalde na ditadura desde 1958 a 1979. Preséntase ás eleccións municipais de 1979 encabezando unha candidatura independente, sendo alcalde até 1982.
Designado deputado provincial en 1964. Elixido deputado provincial de 1983 a 1987.
O seu fillo, Celso Currás Fernández, foi conselleiro de Educación da Xunta de Galicia (1996-2005).

A CORUÑA FOGAR INFANTIL EMILIO ROMAY (DEPENDE DA DEPUTACIÓN DA CORUÑA).

Emilio Romay Montoto, avogado, alcalde de Betanzos (1924-1929) na Ditadura de Primo de Rivera. Falanxista. Nos documentos internos de Falange aparece esta referencia de Emilio Romay Montoto: “Militante. Ocupó la alcaldía citada y más tarde la Presidencia de la Diputación”. Persoa de confianza dos sublevados o 18 de xullo de 1936, formaba parte da nova Comisión Xestora da Deputación que se constitúe o 29 de outubro de 1938. Presidente da Deputación na ditadura franquista (28-10-1939 a 10-2-1950). Procurador nas Cortes franquistas (1946-1949).

TOMIÑO CEIP PEDRO CASELLES

Pedro Caselles Beltrán, nado en Tomiño en 1937. Inspector de Ensino Primario desde 1965. Delegado Provincial do Ministerio de Educación en Lugo (1970), Cádiz e A Coruña. Sendo Delegado Provincial da Coruña despediu en outubro de 1974 “por orden gubernativa” ao mestre Manuel Monge González e a compañeira e mestra María Jesús Castiñeiras Muñiz, cando traballaban en centros públicos de Ferrol.
É Fillo Adoptivo de Tomiño (6-3-1996), por unanimidade.
É tamén Fillo Adoptivo de Lugo (1973) e ten a Insignia de Ouro do concello de Xove (1998)

A retirada da simboloxía franquista dos centros educativos

Retiráronse símbolos e cambiáronse os nomes franquistas de moitos centros educativos de Galiza. Na Coruña cambiaron os nomes dos colexios Generalísimo Franco e Carrero Blanco. A consellería de Educación –Xunta presidida por Manuel Fraga– cambiou o nome do IES Diego Delicado (presidente da Deputación da Coruña na Ditadura) por Urbano Lugrís. CEIP Montel Touzet por Cidade Vella, IES Calvo Sotelo (depende da Deputación da Coruña) por Rosalía Mera, e CEIP Sanjurjo de Carricarte por Torre de Hércules. Quedan outros que incumpren a Lei de Memoria Democrática (LMD): CEIP Salgado Torres, CEIP Sal Lence. Dependentes da Deputación: IES Puga Ramón e Fogar Infantil Emilio Romay.

En Celeiro cambiaron o nome do CEIP Antonio Pedrosa Latas por CEIP de Celeiro; en Ares CEIP Conde de Fenosa por As Mirandas; en Vilagarcía CEIP José Antonio Primo de Rivera por A Lomba (1996) e IES Calvo Sotelo por Castro Aobre (2010); en Pontevedra IES Fogar Príncipe Felipe por Montecelo (2010), CEIP Príncipe Felipe por Daría González (2020) e Colexio Salvador Moreno (dependente de Defensa) por Juan Sebastián Elcano; en Vigo CEIP Doctor Eijo Garay por Illas Cís; Marín cambiaba IES Salvador Moreno por Illa de Tambo (2008).

Queda moito por facer. Golpistas, ministros, alcaldes e presidentes da deputación na ditadura, participantes na represión, bispos franquistas ou persoas que xa perderon títulos nobiliarios, como Pedro Barrié (Conde de Fenosa), pola LMD, aínda dan nome a centros educativos: CEIP Manuel Fraga de Cariño, CEIP Eugenio López de Cee, CEIP Pedro Barrié de la Maza de Sada, CEIP Barrié de la Maza de Santa Comba, Residencia de Estudiantes Teniente General Barroso (depende de Defensa) de Santiago, CEIP Celso Currás López de Trabada, IES Santiago Basanta de Vilalba, CEIP Condessa de Fenosa do Barco de Valdeorras, CEIP Calvo Sotelo do Carballiño, CPI Suárez Marquier do Rosal, CEIP Infante Felipe de Borbón de Salvaterra de Miño, CEIP Pedro Caselles de Tomiño.

MINISTROS NA DITADURA



Manuel Lora Tamayo.

Ministro de Educación na ditadura (1962-1968) e presidente do Consello Superior de Investigacións Científicas (1967-1971). O Pleno do concello de Málaga de 29-11-2007, alcaldía de PP, retiráballe a distinción de Fillo Adoptivo e a Medalla de Málaga, concedida en 1964. O concello de Santiago (alcaldía de Compostela Aberta e apoio de PSOE e BNG) retiroulle a distinción no Pleno de 19 de xullo de 2018.



José Luis Villar Palasi

Nado en Valencia o 30-10-1922, falece o 7-5-2012. Subsecretario do Ministerio de Comercio (1962-1965), Ministro de Educación (18-4-1968 a 11-6-1973). Impulsor da EXB e BUP en 1970. Presidente do Consello Superior de Investigacións Científicas (1971-1973). Catedrático de Dereito Administrativo e membro do Consello de Estado.

A retirada da simboloxía franquista dos centros educativos

Retiráronse símbolos e cambiáronse os nomes franquistas de moitos centros educativos de Galiza. Na Coruña cambiaron os nomes dos colexios Generalísimo Franco e Carrero Blanco. A consellería de Educación -Xunta presidida por Manuel Fraga- cambiou o nome do IES Diego Delicado (presidente da Deputación da Coruña na Ditadura) por Urbano Lugrís. CEIP Montel Touzet por Cidade Vella, IES Calvo Sotelo (depende da Deputación da Coruña) por Rosalía Mera, e CEIP Sanjurjo de Carricarte por Torre de Hércules. Quedan outros que incumpren a Lei de Memoria Democrática (LMD): CEIP Salgado Torres, CEIP Sal Lence. Dependentes da Deputación: IES Puga Ramón e Fogar Infantil Emilio Romay.

En Celeiro cambiaron o nome do CEIP Antonio Pedrosa Latas por CEIP de Celeiro; en Ares CEIP Conde de Fenosa por As Mirandas; en Vilagarcía CEIP José Antonio Primo de Rivera por A Lomba (1996) e IES Calvo Sotelo por Castro Aobre (2010); en Pontevedra IES Fogar Príncipe Felipe por Montecelo (2010), CEIP Príncipe Felipe por Daría González (2020) e Colexio Salvador Moreno (dependente de Defensa) por Juan Sebastián Elcano; en Vigo CEIP Doctor Eijo Garay por Illas Cís; Marín cambiaba IES Salvador Moreno por Illa de Tambo (2008).

Queda moito por facer. Golpistas, ministros, alcaldes e presidentes da deputación na ditadura, participantes na represión, bispos franquistas ou persoas que xa perderon títulos nobiliarios, como Pedro Barrié (Conde de Fenosa), pola LMD, aínda dan nome a centros educativos: CEIP Manuel Fraga de Cariño, CEIP Eugenio López de Cee, CEIP Pedro Barrié de la Maza de Sada, CEIP Barrié de la Maza de Santa Comba, Residencia de Estudiantes Teniente General Barroso (depende de Defensa) de Santiago, CEIP Celso Currás López de Trabada, IES Santiago Basanta de Vilalba, CEIP Condessa de Fenosa do Barco de Valdeorras, CEIP Calvo Sotelo do Carballiño, CPI Suárez Marquier do Rosal, CEIP Infante Felipe de Borbón de Salvaterra de Miño, CEIP Pedro Caselles de Tomiño.

CEIP Montel Touzet, co nome de quen foi militar de graduación e participante na guerra en Asturias, agora ten a denominación de CEIP Cidade Vella.



A Comisión Permanente do Consello Escolar do Estado

constataba na súa reunión de 5 de febreiro de 2008 que “en numerosos centros educativos teñen escudos, insignias, placas e outros obxectos ou mencións conmemorativas nas súas dependencias, ou a súa propia denominación é unha exaltación persoal ou colectiva da ditadura franquista, que é inaceptable nunha democracia como a nosa”.

01

Parlamento Galego

Aprobaba por unanimidade esta resolución no Debate anual de 7 de outubro de 2008. “O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a proseguir coas accións dirixidas a recuperar e dignificar a memoria das vítimas da represión exercida na Guerra Civil e durante o franquismo, eliminar os símbolos, as denominacións e as referencias franquistas de rúas e edificios públicos”.

02

Lei de Memoria Democrática.

Artigo 35.1: “Considéranse elementos contrarios á memoria democrática as edificacións, construcións, escudos, insignias, placas, calquera outros elementos ou obxectos pegados a edificios públicos ou situados na vía pública nos que se realicen mencións conmemorativas en exaltación, persoal ou colectiva, da sublevación militar e da Ditadura, dos seus dirixentes, participantes no sistema represivo ou das organizacións que sustentaron a ditadura e as unidades civís ou militares de colaboración entre o réxime franquista e as potencias do eixo durante a Segunda Guerra Mundial” [División Azul].

03

Artigo 1.3 da Lei de Memoria Democrática.

Declara “ilegal o réxime xurdido da contenda militar iniciada co golpe militar do 18 de xullo de 1936”. En consecuencia, serán tamén ilegais todos os cargos nomeados na ditadura franquista.

04

A sentenza do Tribunal Supremo (TS)

Sobre o alcance e significado do concepto de exaltación, axuda a establecer os criterios para a eliminación de elementos contrarios á memoria democrática. Esa sentenza da Sala do Contencioso Administrativo do Tribunal Supremo de 15 de decembro de 2022, sobre a retirada en Madrid da rúa do Xeneral Asensio Cabanillas, que marca xurisprudencia, resolve que para retirar unha rúa ou distinción dunha persoa non é necesario demostrar a participación nos tres feitos históricos recollidos na lei: sublevación militar, guerra civil e ditadura, senón que se considera un acto de exaltación se participou nun deles.

05

Aplicación da Lei de Memoria Democrática.

En aplicación da LMD, da sentenza do Tribunal Supremo e da resolución do Parlamento Galego, habería que retirar as rúas e distincións –segundo a lei son elementos contrarios á memoria democrática– a estas persoas: ministros, alcaldes, presidentes e vicepresidentes de deputacións, gobernadores civís e militares, capitán xeneral, almirante, vicealmirante e contralmirante; falanxistas, procuradores nas Cortes franquistas, persoas a quen retiraron o título nobiliario.

06

Efectos prácticos.

Nos concellos de Madrid, Barcelona, Valencia, Sevilla, Bilbao, Pamplona, Cádiz, por pñer algúns exemplos, os alcaldes da ditadura non conservan rúas e distincións.

07

VALENCIA

O PSPV-PSOE, co apoio de Compromís e Podemos, presentaba en 2017 unha proposta nas Cortes Valencianas para, en aplicación da Lei de Memoria Histórica, cambiar o nome dos colexios Villar Palasí nos seguintes concellos: Valencia, Sagunto, Quart de Poblet, Paterna, Xirivella, Burjassote e Orihuela.

ACONTECE

VALENCIA

Por outra parte, a Consellería de Educación da Comunidade Valenciana dirixíase aos "centros educativos públicos da Comunidade Valenciana que aínda teñen nome de persoa, lugar o feito que estea relacionado co alzamento militar de 1936, a Guerra Civil e/ou a represión da ditadura franquista", para que procedesen a súa retirada.

1968

Poucos días antes da súa toma de posesión, o goberno da ditadura pechaba a Universidade de Madrid o 28 de marzo de 1968. Villar Palasí non era un técnico, dedicado a tarefas administrativas ou de xestión. Como ministro participa desde o goberno na represión: declaración do Estado de Excepción en Guipúscoa e despois en todo o Estado; asasinato en dependencias policiais do estudante madrileño Enrique Ruano. Numerosos/as traballadores/as foron asasinados pola Garda Civil e as Forzas de Seguridade do Estado. O 10 de marzo de 1972 foron asasinados en Ferrol os obreiros da Bazán Amador Rey e Daniel Niebla ...e Villar Palasí estaba sentado no Consello de Ministros.

VALENCIA

O concello de Paterna (Valencia) con alcaldía do PSPV-PSOE aprobaba no Pleno de xuño de 2018 cambiar os nomes do colexios Villar Palasí e Vicente Mortes, ministros na ditadura. Os pais e nais deses centros deciden os novos nomes en votación. Neste mesmo concello (con alcaldía, daquela, do PP) retiraron 343 placas do INV en 2014.

MALAGA

En Vélez (Málaga), alcaldía do PSOE, a Comisión Municipal que estuda o cambio de nomes, rúas e equipamentos públicos relacionados co franquismo, acordaba cambiar o nome do colexio José Luis Villar Palasí, despois da súa aprobación polo Consello Escolar.



NEG

POR

DENTRO



Relevo Secretariado Nacional XL Asemblea Xeral




Chegara o momento de realizar a Asemblea anual do ano 2019 nunha situación delicada para NEG, sen que se entrevese no horizonte a conformación dun grupo de compañeiros e compañeiras que dese o paso adiante para conformar un novo Secretariado Nacional. Foi daquela cando un grupo de persoas –na súa maior parte non pertencentes ao Secretariado saínte– decidiron iniciar contactos con asociados e asociadas de moi diversa condición para lograr constituír un equipo de transición.


Transición cara a onde? Cara a un novo equipo conformado por persoas novas en idade que puidesen iniciar unha nova etapa para Nova Escola Galega. O obxectivo: saír dun impasse que semellaba que só tiña como destino o peche da actividade da Asociación.

E así foi. Logrouse reunir un total de 19 persoas que representaban as vertentes máis diferentes que coexisten dentro de NEG. Un equipo amplo, plural, con moi diferentes intereses pero con ese obxectivo común que debería guialo. Para tratar de conseguilo, este grupo organizouse en comisións de traballo que, nunha época especialmente difícil, lograron impulsar o desenvolvemento da Asociación:

"Chegara o momento de realizar a Asemblea anual do ano 2019 nunha situación delicada para NEG, sen que se entrevese no horizonte a conformación dun grupo de compañeiros e compañeiras que dese o paso adiante para conformar un novo Secretariado Nacional"



E así foi. Logrouse reunir un total de 19 persoas que representaban as vertentes máis diferentes que coexisten dentro de NEG. Un equipo amplo, plural, con moi diferentes intereses pero con ese obxectivo común que debería guialo. Para tratar de conseguilo, este grupo organizouse en comisións de traballo que, nunha época especialmente difícil, lograron impulsar o desenvolvemento da Asociación:



Relevo Secretariado Nacional de NEG. XL Asemblea Xeral

- A **Comisión de Comunicación** intentou en toda esta época que a información interna circulase, chegando a todos os asociados e asociadas. E iso —obvio é sinalalo— tornouse especialmente transcendente nos momentos duros da pandemia, cando NEG foi quen de manter unha actividade razoable a pesar das limitacións que as circunstancias impoñían. Mesmamente o Boletín Interno é produto desta intención de que a vida interna da Asociación fose compartida.
- A **Comisión de Organización e Funcionamento** e as diferentes tarefas nas que foi estruturando o seu traballo: afiliación, xestión do local social, infraestrutura... Un traballo tamén intenso, tratando de optimizar os recursos da Asociación. Debe lembrarse, por exemplo, que se realizou unha mudanza de local neste período.
- A **Comisión de Actividades**, cun labor desagradecido nunha época na que moitas desas actividades deberon ser suspendidas polas circunstancias sanitarias. Aínda así, logrou manter unha listaxe digna de convocatorias cara ao público en moi diferentes campos: coeducación, memoria histórica, materias didácticos... Debe terse en conta, ademais, a transcendencia das actividades no día a día económico de NEG.
- A **Comisión de Grupos de Traballo**, nunhas circunstancias tamén especiais desde esta vertente. Os grupos vanse remudando, como semella natural, pero o certo é que uns minguan a súa actividade e mesmo chegan a desaparecer, mentres outros agroman. Pode ser este último caso o do Grupo de Normalización ou o de Coeducación, por exemplo.
- A **Comisión de Representacións Externas**, responsable das nosas relacións co mundo, especialmente coa Confederación Estatal de MRP e coa FIMEM. Pois ben, a pesar das circunstancias, NEG organizou ata por dúas veces —na primeira ocasión debeu ser suspendido— un Encontro Estatal de MRP en Santiago que se acabou por desenvolver de xeito máis ca satisfactorio. Así memso continuou promovendo a participación de persoas socias nos Consellos escolares municipais e outros ámbitos.

"O obxectivo: saír dun impasse que semellaba que só tiña como destino o peche da actividade da Asociación"

"Logrouse reunir un total de 19 persoas que representaban as vertentes máis diferentes que coexisten dentro de NEG"

SECRETARIADO 2019-2023

Secretariado Nacional Cesante. Asemblea xeral 2023

Xosé Lastra Muruais (Presidente)
Carmen Denébola Álvarez Seoane (Vicepresidenta)
Andrea Maroñas Bermúdez (Secretaria)
Santiago Quiroga García (Tesoureiro)
R. Lois Ferradás Blanco
Carmen Morán de Castro
Xosé Ramos Rodríguez
Pedro Rodríguez López
M^a Esther Vázquez Otero
M^a Camino Pereiro González (GT CAVILA)
Belén Piñeiro Álvarez (GT EDUCADORAS/ES POLA PAZ)
M^a Esther Vázquez Otero (GT FIAR ESTRELAS)
Carlos Cimadevila Álvarez (GT MEMORIA HISTÓRICA)
Ma Dolores Candedo Gunturiz (GT NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA)
Xosé Manuel Cid Fernández (Grupo OURENSE)
M^a Mercedes Vázquez Vázquez (Grupo da RIBEIRA SACRA)
Alicia López Pardo (Grupo de EDUCACIÓN NO RURAL)
Francisco Veiga García (Grupo TERRA DE MIRANDA)
Antón Costa Rico (REVISTA GALEGA DE EDUCACIÓN)

MODIFICACIÓNS NO PERIODO 2019 - 2023

Persoas saíntes: M^a Sonia Fernández Casal , Silvia Puga Castro e Lois Ferradás Blanco
Cambios de funcións: Xosé Ramos accede en setembro de 2020 á Secretaría en substitución de M^a Esther Vázquez; a Secretaría será asumida de xeito definitivo por Andrea Maroñas.

ASEMBLEA 2019



Secretariados saínte e entrante na XXXVI. Asemblea xeral de NEG (2019.)



XXXVI Asemblea xeral de NEG. Ano 2019



Grupo persoas socias participantes na
Asemblea xeral de NEG do 2019



Despedida e agradecemento ao Secretariado que cesa nesta XL Asemblea de NEG, e benvida ao novo que se nomea! Secretariado saínte na XL Asemblea xeral de NEG (2023).



NOVO SECRETARIADO NEG

Asemblea Xeral 2 de xullo de 2023

Presidencia

Andrea Maroñas Bermúdez

Educadora Social. Educadora de menores no Centro Príncipe Felipe de Pontevedra

Vicepresidencia

Xacobe Varela Álvarez

Maxisterio de linguas estranxeiras, especialidade lingua inglesa. Mestre de educación primaria.

Secretaría

Julio Esparís Pereiro

Educador social. Investigador FPU na USC, onde desenvolve a súa tese, especialidade no ámbito da Animación Sociocultural.

Tesouraría

Xabier Riádigos Couso

Educador Social. Investigador FPU na USC, onde desenvolve a súa tese, especializada en participación e consellos infantís.

Vogalías

- Aida Lorenzo Campos. CFGS en Animación Sociocultural e Educadora Social. Investigadora FPU na USC, onde desenvolve a súa tese, especializada en acción comunitaria.
- Marcos Pinaque Varela. Maxisterio de educación primaria. Mestre de primaria.
- Rubén Chao García. Graduado en Maxisterio, especialidade de educación musical. Mestre de primaria.
- Alejandro González Méndez. Responsable de centro e mestre de educación primaria.
- Xosé Ramos Rodríguez. Mestre e Licenciado en Pedagogía. Orientador xubilado. Profesor asociado da UDC, tamén xubilado.

Representantes dos Grupos de Traballo de NEG

- CAVILA. Camino Pereiro González. Graduada en Maxisterio, especialidades de educación primaria e infantil. Mestra de educación primaria e sirectora do CPI Plurilingüe Virxe da Cela de Monfero.
- EDUCADORES/AS POLA PAZ. Belén Piñeiro Álvarez. Pedagoga. Educadora no equipo de Inclusión sociolaboral do Consorcio de Igualdade e Benestar
- EDUCACIÓN RURAL. Alicia López Pardo. Mestra xubilada.
- FIAR ESTRELAS. M^a Esther Vázquez Otero. Mestra e Licenciada en Ciencias da Educación. Mestra de pedagogía terapéutica na educación secundaria obrigatoria.
- MEMORIA HISTÓRICA. Carlos Cimadevila Álvarez. Doutor en Psicoloxía. Profesor xubilado de xeografía e historia.
- GRUPO NOMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA. Neves Arza Arza. Pedagoga. Profesora da UDC.
- REVISTA GALEGA EDUCACIÓN. Uxía Bolaño Amigo. Pedagoga. Profesora de clarinete en Conservatorio Superior.

Suplente

- Rubén Iglesias Seoane. Mestre de educación primaria. Director e mestre do CEIP Plurilingüe Santo Estevo de Parga (Guitiriz).

ASEMBLEA 2023



O novo Secretariado de NEG!



Momento da XL Asemblea de Nova Escola Galega (2023).



Grupo de persoas participantes na celebración dos 40 anos de NEG.

Organización do Secretariado Nacional de NEG Curso 2022 - 2023


SECRETARIADO 2023

PRESIDENTE
Xosé Lastra Muruais

VICEPRESIDENTA
C. Denébola Álvarez Seoane

SECRETARIA
Andrea Maroñas Bermúdez

TESOUREIRO
Santiago Quiroga



Comisión de Comunicación do Secretariado NEG

Santi Quiroga e Paco Veiga
Coordinadores

Redes Sociais

As redes sociais de NEG, nomeadamente o Facebook, mantéñense como un medio moi dinámico de comunicación entre a asociación e as persoas e grupos que visitan o noso perfil e comparten as novas que publicamos.

Neste ano 2022 inserimos máis de 90 entradas. As máis numerosas refírense ás actividades de formación, tanto no que se corresponde coa información previa sobre a actividade, como ao seu desenvolvemento. Tamén as relacionadas cos nosos posicionamentos, visibilizando os NEG Opina cando se publican, e aproveitando as “celebracións virtuais”, efemérides sinaladas no calendario, para motivar algunha reflexión relacionada coas ideas que defendemos sobre a lingua, a inclusión educativa, o territorio, a igualdade etc.

Teñen o seu lugar tamén as convocatorias das mobilizacións que secundamos, nos que destaca a problemática asociada ao rural: recortes, peches de escolas e tamén a difusión de accións promovidas pola Rede do Rural sobre educación, planificación do territorio ou a Coordinadora Eólica Así Non etc.

Damos conta igualmente daquelas iniciativas que secundamos proxectando así a importancia do traballo en rede. A RGE ten o seu lugar, no momento da saída dos diferentes números e, no seu caso, das presentacións ou outras iniciativas desenvolvidas.

O noso muro faise eco tamén de iniciativas de entidades irmás que merecen ser destacadas, ou mesmo de persoas ás que lles dedicamos a nosa lembranza e gratitude. De xeito especial son moi ben acollidas e compartidas as mostras de agarimo que ofrecemos no comezo de curso ou no Nadal, ou co gallo dalgunha celebración.

Unha boa parte das nosas entradas procuramos compartilas nas redes profesionais (grupos de maestr@s, educador@s, profesorado de secundaria etc.) coa idea de visibilizármonos como entidade e tamén de sensibilizar sobre algúns problemas educativos.

Comisión Comunicación do Secretariado NEG

Páxina web

A renovación da páxina web está en andamento co obxectivo de que estea finalizada con anterioridade á celebración do 40 aniversario. Debido á súa obsolescencia, consideramos fundamental a súa actualización en aspectos como o deseño, o contido, a estrutura e a accesibilidade para continuar a divulgar virtualmente os principios, fins e actividades de Nova Escola Galega.

Do mesmo modo, continuará a ser unha ferramenta facilitadora do traballo en liña dos diferentes grupos de traballo, permitirá a divulgación das xornadas formativas e a matriculación das persoas asistentes, facilitará a difusión do NEG Opina, así como da RGE e, en xeral, do conxunto de convocatorias e accións desenvolvidas pola asociación.

Alén disto, tamén se valorizará a implementación dunha tenda en liña que permita a venda directa de artigos e publicacións para mellorar o financiamento, así como a proxección pública da asociación.

Participación no Programa da TVG: A Porta Aberta

Cada programa está dedicado a unha asociación e trata de atinxir todos os sectores da sociedade en todo o territorio galego. O obxectivo do programa é contactar con asociados, traballadoras e persoas que se benefician do traballo de entidades sociais e mostrar os diferentes proxectos que levan a cabo.

Trátase de que o espectador coñeza as súas actividades, a súa filosofía e o seu patrimonio humano. Neste sentido, foron entrevistadas varias persoas con responsabilidades organizativas no secretariado nacional e na RGE e emitido pola TVG o pasado día, 6 de xuño.

Imaxe do programa A Porta Aberta.



Comisión Comunicación do Secretariado NEG

NEG Opina

O NEG Opina continúa a ser o altofalante da asociación en relación a temas conxunturais que son abordados, de modo sintético e rigoroso, polos grupos de traballo e membros do secretariado nacional. No último curso 2022-23 publicouse o seguinte:

- Lingua e escola: ética e afouteza (febreiro, 2023).

Boletín Interno

O traballo co Boletín Interno céntrase un curso máis na elaboración do número correspondente ao curso 2022 /23 a partir da invitación formulada ás persoas socias para participar nel. O seu Consello de Redacción segue constituído por Antón Costa, Camino Pereiro, Esther Vázquez e Paco Veiga, e agradece a Xosé Lastra a súa colaboración na maquetaxe dos dous últimos anteriores.

A Revista Galega de Educación

Neste período, a Revista Galega de Educación viu como se publicaban tres novos números e como se renovaba o seu Consello de Redacción e Editorial, respectivamente. Trátase dun proxecto consolidado que se segue desenvolvendo grazas ao esforzo dun grupo de persoas coordinado e entusiasta.



Este curso participaron varios membros da Comisión de Comunicación na constituída especificamente para a **Celebración dos 40 anos de NEG**. Foron Antón Costa, Mariló Candedo e Santi Quiroga.



Comisión de Actividades do Secretariado NEG

Mariló Candedo e Carlos Cimadevila
Responsables coordinación no Secretariado

Este curso, ademais da coordinación das Actividades desta Comisión do Secretariado, participaron Carme Morán e Mariló Candedo na Comisión constituída especificamente para a Celebración dos 40 anos de NEG.



Comisión de Grupos de traballo do Secretariado NEG

<p>CAVILA</p> <p>Obxectivos GT centrado ao longo de máis dunha década na investigación e avaliación de recursos educativos, así como na organización anual do Seminario de avaliación de materiais didácticos.</p> <p>Representante no Secretariado / Coordinación Camino Pereiro González</p>	<p>EDUCADORES/AS POLA PAZ</p> <p>Obxectivos GT histórico de NEG, que se coordina cos/as compañeiros/as de Portugal na organización anual dos Encontros da Paz, que se veñen realizando alternativamente en Galicia e Portugal.</p> <p>Representante no Secretariado / Coordinación Belén Piñeiro Álvarez</p>	<p>EDUCACIÓN RURAL</p> <p>Obxectivos GT que ten como obxectivo fomentar na comunidade educativa unha actitude crítica e de compromiso activo na defensa do rural galego, cunha escola viva.</p> <p>Representante no Secretariado / Coordinación Alicia López Pardo Pedro Rodríguez López</p>
<p>FIAR ESTRELAS</p> <p>Obxectivos GT centrado na xestión democrática dos grupos como medio para garantir a inclusividade e, con ela, o avance no proceso de autonomía tanto persoal como grupal.</p> <p>Representante no Secretariado / Coordinación Representante Secretariado : Manolo Andrade e Esther Vázquez; Coordinador: Pablo Vázquez</p>	<p>NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA</p> <p>Obxectivos GT para traballar sobre os aspectos relacionados coa normalización lingüística e cultural.</p> <p>Representante no Secretariado / Coordinación Marily Candedo Gunturiz</p>	<p>OURENSE</p> <p>Obxectivos Participou activamente na realización dos Encontros da Paz en Portugal.</p> <p>Representante no Secretariado / Coordinación Xosé M. Cid Fernández</p>
<p>RIBEIRA SACRA</p> <p>Obxectivos Participa activamente na Asociación Airoa Comunicación (Chantada), que ten como obxectivo a reivindicación dos media en lingua galega para o desenvolvemento social.</p> <p>Representante no Secretariado / Coordinación Mercedes Vázquez</p>	<p>SEMINARIO DE MEMORIA HISTÓRICA</p> <p>Obxectivos GT dedicado na última década á organización das Xornadas anuais de Memoria Histórica, nas que, a través de actividades teórico-prácticas, se lle dá a coñecer ao profesorado a realidade vivida..</p> <p>Representante no Secretariado / Coordinación Carlos Cimadevila Álvarez</p>	<p>TERRA DE MIRANDA</p> <p>Obxectivos GT formado por representantes de NEG e da armazón asociativa da comarca, que pretende analizar a situación do territorio e propoñer estratexias de desenvolvemento, loitando especialmente contra o despoboamento</p> <p>Representante no Secretariado / Coordinación Paco Veiga</p>

Este curso, os GT, ademais de centrarse no desenvolvemento das actividades propias de cada un, remataron compartindo de si no 1º Congreso de NEG organizado con motivo da celebración dos 40 anos da Asociación; agás do GT Fiar Estrelas ao que lle resultou imposible asistir por razóns persoais de tipo familiar e profesional.

Comisión de Representacións Externas

Xosé Ramos Rodríguez
Responsable da coordinación no Secretariado

Este curso 2022/23, Xosé Ramos ademais de coordinar esta ampla Comisión (*) e participar no Encontro de Movements de Renovación Pedagóxica do que nos informa algo mais adiante, implicouse activamente na Comisión de celebración dos 40 anos de NEG

<p>* Consello Social da Lingua do Concello de Vigo</p> <p>Consello Social da Lingua do Concello de Vigo</p> <p>Consello Escolar Municipal da Coruña</p> <p>CEM do Concello de Teo</p> <p>CEM de Lugo</p> <p>Consello Escolar de Galicia</p> <p>Consello Cultural do Concello de Ames</p>	<p>Manolo Bragado</p> <p>Antón Costa Rico</p> <p>Xabier Rouco</p> <p>Benxamín Salgado Gómez</p> <p>Francisco Silvosa Costa</p> <p>Xosé Ramos Rodríguez</p> <p>Xesús Rodríguez Rodríguez</p>
---	--



Comisión de Organización

Este curso comezou co encontro de asociadas e asociados de en NEG celebrado na nosa sede o 10 de setembro. Tratábase de escoitar a asociación para ver de iniciar o camiño cara a celebración dos 40 anos de NEG, como ben nos conta a propia Comisión a continuación.

Na organización deste Encontro participaron xa activamente a maior parte dos membros desta Comisión en base aos consensos acadados no Secretariado. Falamos de Antón Costa, Belén Piñeiro, Mariló Candedo, Martina Bañobre e Xosé Lastra.




A Comisión organizadora dos 40 anos de NEG

O pasado mes de xaneiro constituíuse esta Comisión, que estivo formada por membros do Secretariado Galego que decidiron participar nela e que foi coordinada desde a Presidencia da Asociación. Partíase do conxunto de reflexións e de varias conclusións establecidas por medio dunha sesión de traballo aberta e comunicada ao conxunto de asociados e asociadas celebrada o pasado 10 de setembro de 2022.

Integráronse na Comisión Carme Morán, Xosé Ramos, Belén Piñeiro, Santi Quiroga, Mariló Candedo, Antón Costa, Xosé Lastra e Martina Bañobre. Foi tamén invitada a incorporarse a dirección da Revista Galega de Educación, que non puido participar de maneira activa, dadas as necesidades do día a día da propia Revista, pero si acompañou todo o proceso.

A Comisión reflexionou sobre o formato: ou realizar un acto relativamente sinxelo nunha mañá de sábado, ou algo máis complexo e delongado no tempo, como podería ser a celebración dun Congreso, o primeiro Congreso de NEG.

Optouse por esta fórmula, logo de examinar posibilidades, conveniencias e dificultades, coa pretensión de examinar, debater e, dado o caso, aprobar unha posta ao día dos argumentos de filosofía teórica e de carácter organizativo que desen razón, tanto do nacemento de Nova Escola Galega en 1983, como da nosa presenza ao longo destas catro décadas.



Integráronse na Comisión Carme Morán, Xosé Ramos,
Belén Piñeiro, Santi Quiroga, Mariló Candedo, Antón Costa,
Xosé Lastra e Martina Bañobre

Partimos de que a perspectiva dunha educación e dunha escola pública, galega, democrática, coeducativa, laica e inclusiva debería ser central no conxunto de reflexións e de elaboracións a levar a cabo, como tamén de que no Congreso a celebrar deberían ter un declarado protagonismo os Grupos de Traballo actualmente constituídos na Asociación.

A Comisión organizadora dos 40 anos de NEG

Examinouse igualmente a posibilidade de realizar un Congreso mediante a celebración de varias xornadas de encontro –distribuídas en varios lugares da xeografía galega e con proximidade ás e aos asociados– desde a primavera, antes de concluír nun acto central en Compostela, no que se recollen as diversas conclusións parciais.

"...un declarado protagonismo os Grupos de Traballo actualmente constituídos na Asociación"

Tamén debatemos o grao de apertura deste Congreso cara á sociedade e ao ensino, valorando a posibilidade de presentación nel de relatorios e outras achegas, como a posible presenza entre nós dalgunhas destacadas personalidades –mulleres e homes– no ámbito dos debates e dos discursos educativos, procedendo de fóra de Galicia.


Finalmente, medindo forzas organizativas –e económicas– e posibilidades efectivas de organización, máis limitadas do que se quixese, foron xerándose as propostas que terminarían materializándose; un Congreso puntual a celebrar nunha fin de semana a fin de curso en Compostela, para debater, sobre todo, as perspectivas teóricas e as organizativas que se lle presentan a un MRP como é NEG; a celebrar coa desexable participación de todas as persoas asociadas e aberto cara a outras ensinantes e educadoras que puidesen estar interesadas en coñecer NEG e en debater estas cuestións da nosa preocupación.

"...un Congreso puntual a celebrar nunha fin de semana a fin de curso en Compostela, para debater, sobre todo, as perspectivas teóricas e as organizativas que se lle presentan a un MRP como é NEG; ... e aberto cara a outras ensinantes e educadoras que puidesen estar interesadas en coñecer NEG e en debater estas cuestións da nosa preocupación"

A Comisión organizadora dos 40 anos de NEG

Os eixes estruturantes que fomos consolidando foron fundamentalmente os seguintes:

- Elaboración dunha Memoria que reflecta a vida de Nova Escola Galega ao longo de 40 anos. Partiuse dun extenso borrador inicial, que se foi mellorando e aquelando mediante achegas formuladas por parte das persoas integrantes da Comisión e aínda doutras integrantes do Secretariado.
- Posta a punto de presentacións dos Grupos de traballo vivos de NEG, marcando os obxectivos, a metodoloxía de traballo e acción, as dinámicas ao longo do tempo de vida do grupo, a incidencia posible e as preocupacións no presente.
- Elaboración dun documento que puidese acoller as nosas preocupacións de filosofía educativa, que marcan a razón de ser de Nova Escola Galega como Movemento de Renovación Pedagóxica, os nosos principios e propostas de intervención educativa, e os criterios organizativos que se poden desprender dos anteriores considerandos. Para isto partiuse igualmente dun amplo borrador inicial, logo paulatinamente aquelado mediante distintas intervencións e dándolle aprobación na Comisión, sometida de seguido a aprobación no ámbito do Secretariado.
- Elaboración dun Manifesto, recordando o que no inicio de 1987 aprobamos como a nosa Carta de principios e formulacións. Seguindo un similar procedemento de elaboración como nos casos anteriores.



"...Foi tamén unha oportunidade para as emocións compartidas, ... arredor da celebración do recoñecemento como socios e socias de honra a persoas cuxa traxectoria se identifica cos valores da nosa arela pedagóxica ao longo destes 40 anos"

A Comisión organizadora dos 40 anos de NEG

Entre tanto, acordáronse as datas (30 de xuño, tarde; 1 de xullo, mañá e tarde; 2 de xullo de mañá), o lugar de celebración (Auditorio do Museo do Pobo Galego) que procedeu a xestionarse, e fóronse realizando outras diversas xestións:

- a) a procura dalgún apoio económico institucional.
- b) a escolla de deseños e dun lema significativo, en interrelación cunha deseñadora e mediante non menor debate ata formular “40 anos educando desde a diferenza para o común”
- c) de comunicación pública e a moi diversas instancias sociais, políticas, institucionais e nalgúns casos de invitación ao acto público celebrado na mañá do día 1 de xullo
- d) de escolla de criterios e persoas a acoller no noso seo como Socios/as de Honra, o que tamén deu de si tempo de reflexión, de propostas... antes de tomar as decisións que finalmente se fixeron públicas.
- e) de edición e formato da Memoria de Nova Escola Galega
- f) de edición e de comunicación ao conxunto dos e das asociadas dos documentos de traballo
- g) de posta a punto do programa definitivo coa súa xeral comunicación
- h) e de tan numerosas e diversas accións –unha carpeta de traballo coas rotulacións oportunas, un díptico convidando a coñecer o noso proxecto asociativo e a nosa aposta editorial pola RGE ... ata unha nota de prensa final–

“...a través da correspondente asemblea puxémoslle o ramo a un agardado proceso de renovación humana e en boa medida xeracional no seo do Secretariado”

A Comisión organizadora dos 40 anos de NEG

O desenvolvemento do Congreso merece unha valoración positiva, por parte da Comisión, tendo en conta tamén diferentes opinións que se nos fixeron chegar por parte dalgunhas das persoas participantes. A participación concentrouse especialmente nos actos da mañá do sábado, aínda que –no seu conxunto– se mantivo unha relativa participación de asociados e asociadas e persoas convidadas que se achegaron a coñecernos máis de preto.

Isto permitiu coñecer a realidade, preocupacións e ocupacións da maioría dos grupos de traballo de NEG que puideron participar: Cavila, Coeducando, Educadores/as pola Paz, Normalización Lingüística, Seminario da Memoria Histórica, Rural e Revista Galega de Educación, o que posibilitou unha mirada de conxunto e transversal ao quefacer asociativo, coas súas potencialidades e limitacións.

Para a análise e actualización do noso pensamento sobre a educación pública, o vibrante relatorio de M^a Ángels Llorente, compañeira histórica dos MRP do País Valenciá foi de especial interese ao poñer o foco no compromiso e na esixencia profesional fronte ao contexto neoliberal que tanto nos condiciona. Este exercicio de reflexión iniciado á mañá, tamén coa lectura do manifesto e a presentación do relatorio, tivo a súa continuidade no debate sobre o documento, ao que se lle foron introducindo precisións de distinta importancia, posibilitando así o cumprimento doutro dos obxectivos do Congreso, relacionado directamente coa posta a punto do noso discurso arredor da defensa da educación pública.

Foi tamén unha oportunidade para as emocións compartidas, ao coincidirmos nos debates, recoñecérmonos na mocidade das vellas imaxes do relato vital dos grupos de traballo, ou arredor da celebración do recoñecemento como socios e socias de honra a persoas cuxa traxectoria se identifica cos valores da nosa arela pedagóxica ao longo destes 40 anos. O concerto d'A Banda da Loba tróuxonos o necesario punto musical ao ambiente de celebración.

Na mañá do domingo, 2 de xullo, e a través da correspondente asemblea puxémoslle o ramo a un agardado proceso de renovación humana e en boa medida xeracional no seo do Secretariado, que, ademais, amplía perfís profesionais e acolle unha maior presenza de compañeiras e compañeiros do ámbito da educación social.

Misión, en boa parte, cumprida.

SEMINARIO MEMORIA HISTÓRICA

Roteiro pola Compostela do 36

Carlos Cimadevila. cimeca12@gmail.com
Representante do GT no Secretariado

No marco das actividades habituais do Seminario da Memoria Histórica, unha das metodoloxías máis motivadoras é o traballo de campo, e, en concreto os roteiros, a través dos que se percorren unha serie de espazos, que poden así quedar sinalados como lugares de memoria, unha vez que se descubren algunhas das súas características e segredos, descoñecidos en xeral para boa parte da veciñanza, especialmente para as xeracións máis novas.

Rematando o ano 2022 levouse a cabo un roteiro pola Compostela do 36, baseado no relato literario da escritora Paz Leirós "Y tú, por qué quieres hablar de eso", que se converteu nunha excelente guía do percorrido por parte da zona vella de Compostela. O relato faise eco do momento da rebelión dun fato de soldados en Melilla, de como chegaron a Compostela as noticias e como foron recibidas polo grupo dos fascistas. O roteiro transcorreu por aqueles lugares relacionados cunha familia de avoengo, que na súa casa recibe o mando militar onde se discutiron os actos fascistas que se foron perpetrando.



Roteiro pola Compostela do 36.

Roteiro pola Compostela do 36

O relato combina datos e reflexións sobre as características da rebelión e as súas consecuencias, con outros sobre como era a vida diaria da familia e os lugares que frecuentaban, espazos que a guía analiza “in situ” con detalle. Así, vanse describindo as actitudes machistas do protagonista casado cunha rica, a prohibición de xogar ás fillas na rúa, a determinados xogos e con algúns nenos. O libro pon o foco na relación destes coa servidume, o trato e desprezo, como relata unha das rapazas, a pesar de que a servidume traía os produtos da horta e mais a roupa limpa da aldea, e de que levaba os restos de comida e a roupa para lavar. Un retrato literario que nos achega á mentalidade dunha clase social que gozaba de privilexios e cuxo perfil ideolóxico na Compostela daquela momento exemplifica as crenzas, usos e costumes do bando fascista.

Este roteiro, como outros desenvolvidos nas actividades do Seminario, permítenos recrear espazos, situacións e personaxes e recoñecermos elementos significativos agochados na nosa longa noite de pedra.



Roteiro con Paz Leiro.

XXXIV ENCONTRO GALEGO-PORTUGUÉS DE EDUCADORAS/ES POLA PAZ

Retomando vellos, pero enriquecedores costumes: O XXXIV Encontro Galego-Portugués de Educadoras/es pola Paz na Raia, Castro Laboreiro-Entrimo



Nazaret Blanco Pardo e Xosé Manuel Cid Fernández
Universidade de Vigo (Uvigo), Educación e Traballo Social
nazaret.blanco@uvigo.gal e xcid@uvigo.gal.



A fin de semana do 21 ao 23 de abril puidemos celebrar o tan ansiado XXXIV Encontro Galego-Portugués de Educadoras/es pola Paz, despois de ter que adialo pola covid-19 que nos sorprendeu alá por marzo do 2020 cando estabamos a piques de celebralo, coas maletas feitas e con todo máis que preparado.

O venres 21 de abril educadores e educadoras de diferentes puntos da Galiza e de Portugal comezaron a encher o lugar de Castro Laboreiro, onde se iniciaban estes enriquecedores encontros. Na raia portuguesa reencontráronse vellas amigas despois de tres longos anos, respirábase un ambiente de felicidade e ledicia compartida polas persoas que levabamos tantos anos celebrando estes encontros e desexabamos con forza o seu retorno.

A xente nova axiña se empapou desta boa enerxía incorporándose para compartir uns encontros nos que, como en edicións pasadas, non faltou tempo para as aprendizaxes, as anécdotas, as boas comidas, as troulas, o goce da natureza...

O encontro deste ano xirou arredor da solidariedade dos veciños e veciñas da raia portuguesa que acolleron e libraron dunha morte segura grandes docentes que se viron desterrados/as das terras galegas polo fascismo imperante en 1936. Docentes que merecen ser visibilizados/as e homenaxeados/as polas súas grandes contribucións encamiñadas cara a unha educación para a paz que promocionase de forma real e efectiva a xustiza social.

Retomando vellos, pero enriquecedores costumes: O XXXIV Encontro Galego-Portugués de Educadoras/es pola Paz na Raia, Castro Laboreiro-Entrimo

Diferentes persoas, educadores/as e académicos/as da Galiza e de Portugal compartiron connosco a súa sabedoría sobre como era vida nesa época de gran represión e ditadura imperante a ambos lados da raia seca. Deste xeito puidemos coñecer dende as historias do contrabando ata grandes referentes como Eudosia Lorenzo, Luis Soto, Inacio, Afranio, José Pena Domínguez e Bieito Fernández. Cabe destacar que foi moi relevante o papel das mulleres, tanto no contrabando como no refuxio destas e moitas outras persoas.

Non podemos rematar este relatorio sen referirnos a dous grandes espazos que posibilitaron que as persoas participantes e as persoas do lugar compartisen e debatesen. Destaca a ruta realizada o sábado 22, na que coñecemos algúns lugares onde se refuxiaron grandes referentes como os citados, así como algún/ha veciño/a que posibilitou esta realidade. Xa na noitiña dese mesmo día, tras cear e repoñer enerxías, reunimos para celebrar a típica festa da paz que caracteriza estes encontros, na que tivemos o pracer de compartir bailes e cancións típicas das nosas terras cos veciños e veciñas de Castro Laboreiro.

Ficamos coa reflexión trasladada na avaliación realizada o domingo 23 pola mañá, na que as persoas participantes coincidimos na gran alegría que supón ter retomado os encontros da paz e poder reencontrarnos con vellas amizades para, unha vez máis, compartir e construír novas oportunidades educativas que contribúan á utopía da xustiza social. Tras a largada da Pomba, as despedidas foron agrídoces e as ganas duns novos encontros, máis que compartidas!

XXXIV Encontro Galego -
Portugués na raia.
Laboreiro- Entrimo.



GRUPO DE TRABALLO DO RURAL

Algunhas reflexións e propostas que xurdiron nas actividades da Rede do Rural no 2022

Alicia López. alicialopezpardo7@gmail.com
Representante do GT no Secretariado

Nas diversas actividades nas que participou o GT do Rural púxose de manifesto a necesaria unión de forzas e coordinación de proxectos de todas as entidades e persoas que traballan a prol do desenvolvemento sustentable e integral do mundo rural, no que a educación é fundamental para desenvolver accións transformadoras.

O rural necesita menos axudas e máis dereitos que as suplan, de aí que a Rede do Rural ofrece, na medida das súas posibilidades, información, asesoramento ou axuda, con relación a diversos servizos e outras necesidades que se comuniquen dende o rural. Neste sentido preséntanse propostas de traballo para elaborar unha “Operativa Anual 2023 da Rede do Rural” relativas a crear en Galicia catro Irmandades Territoriais da Rede do Rural que abrangan o territorio galego, mellorar a operatividade da páxina dixital rededorural.org/, artellar un prototipo experimental de Irmandade de Servizos Rurais, nunha determinada zona rural. Tamén se propón elaborar unha “Estratexia Integral de Desenvolvemento Rural de Galicia 2025-2050”, que contería un “Plan de Educación Específico para o Rural Galego (PEER)”.



Casa do Pardo, que foi a antiga escola de Penamil, para acercar a educación ao rural.

Algunhas reflexións e propostas que xurdiron nas actividades da Rede do Rural no 2022

Trabállase en establecer criterios e bases do PEER dende tres ámbitos:

- Acción propositiva e de presión no ámbito político-administrativo.
- Fundamentación pedagóxica de modelos óptimos e factibles, partindo de experiencias referenciais.
- Planificación e organización escolar a nivel territorial/zonal e a nivel de mapa galego para a atención educativa de todos os niveis do ensino regulado e do de persoas adultas.

Elabórese un escrito para demandar a incorporación nos estudos universitarios galegos dirixidos á formación de mestras/mestres, profesoras/profesores e educadoras/educadores sociais, dunha formación específica relativa á educación en territorios rurais, que lles achegue a estas/estes futuros profesionais as competencias e os recursos necesarios para o axeitado desenvolvemento do seu labor en contornos rurais. O escrito irá acompañado de sinaturas, tanto de persoas que representen colectivos como a título individual.

"...a incorporación nos estudos universitarios galegos dirixidos á formación de mestras/mestres, profesoras/profesores e educadoras/educadores sociais, dunha formación específica relativa á educación en territorios rurais, que lles achegue a estas/estes futuros profesionais as competencias e os recursos necesarios para o axeitado desenvolvemento do seu labor en contornos rurais."

Todas/os as/os integrantes da comunidade educativa traballando conxuntamente xerarán unha gran sensibilización, pensamento crítico sobre a realidade e capacidade de acción. É necesario cambiar os contidos curriculares que mitifican o urbano, tratan de desprestixiar o rural, españolizan e reproducen os modelos establecidos polo capitalismo. No eido educativo cómpre contar coas ferramentas axeitadas para coñecer e desactivar os mecanismos manipuladores da enxeñería lingüística, para a fixación de crenzas, a xeración de respostas emocionais e o control social. A educación controlada polo sistema establecido está baseada en crenzas e non en saberes, en fomentar a perda da cultura rural, do tesouro lingüístico, da propia identidade. Esta manipulación do pensamento, tamén presente na educación, cómpre coñecela co alumnado para desactivar os seus mecanismos e defenderse de tales estratexias manipuladoras.

Algunhas reflexións e propostas que xurdiron nas actividades da Rede do Rural no 2022

Por exemplo, un termo aparentemente inocente como pode ser “fitosanitario”, é entendido comunmente como un remedio para a prevención e curación das enfermidades das plantas, cando é un veneno utilizado na insustentable agricultura industrial. O prefixo “fito-” lévanos á tranquilizante noción de planta. O termo “sanitario” engade connotacións relativas á saúde, á hixiene ou ao benestar.

Outro exemplo poder ser cando nos referimos aos polígonos industriais eólicos, coa adozada expresión “parques eólicos”, que así pasan a ser inconscientemente uns agradables xardíns ou uns saudables parques naturais, minimizando o seu impacto ambiental, económico ou na saúde e benestar. Mesmo chámaselles “muiños”, como se fosen as edificacións tradicionais, de alto valor etnográfico, cultural e emocional. Ao alumnado hai que axudarlle a descubrir a verdade, a desenmascarar a linguaxe enganosa, a chamarlles ás cousas polo seu nome dicindo o que realmente son, malia os currículos oficiais e coaccións da administración educativa.



A Casa do Palleiro de Salgueiras, formada pola palloza e mais o hórreo, un exemplo de integración sostible no medio.

DE NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA

O Modelo de Normalización Lingüística

Mariló Candedo. marilo.candedo@gmail.com
Representante do GT no Secretariado.

O grupo de traballo, reconstituído hai algo máis de dous cursos co horizonte de chegar a preparar un novo documento de NEG sobre o Modelo de Normalización Lingüística, pasou neste tempo a ter unha composición de once membros, coa integración recente de Xiana Lastra e de René de Palma, da universidade da Coruña. No grupo estaban previamente, coa coordinación de Mariló Candedo: Neves Arza, Santi Quiroga, Manolo Bragado, Miguel Carnota, Carlos Cimadevila, Xosé Lastra, Francisco Candia, Valentina Formoso e Antón Costa.

O seu ritmo de traballo é máis lento do que era a intención inicial, e tamén a súa elaboración documental e de achegas, en parte debido as tarefas e ocupacións varias e diversas dos e das compoñentes do Grupo. Cómpre sinalar que a súa actividade máis constante vén sendo a de frecuente intercambio, tamén valorativo, de textos ou documentos en relación coa problemática da Normalización en Galicia, e con atención ao que son situacións de conflito ou problemáticas en Euskadi e en Catalunya, para vérmonos o caso galego de modo interrelacionado.



O fío que mantemos en Internet e as varias reunións que fomos realizando, baixo convocatoria ordenada e sobre todo mediante videoconferencia, téñennos servido para madurar puntos de vista arredor de como entender e proceder neste ámbito, ollando a súa complexidade, maior aínda baixo a gobernación do PP (dados os seus resortes de poder e de control social).

Ao caso, fomos contemplando a diversidade de cuestións que se entrelazan no asunto, que van ben máis aló dun Decreto de aplicación xeral e obrigada.

Ilustración de Xoán Andrade.

O Modelo de Normalización Lingüística

Neste sentido, foron mostradas próximas deste traballo:

- por unha parte, un seminario sostido en Santiago, arredor do mal uso (uso con intencionalidade burda e ideolóxica) que se está a facer do sintagma 'Centro Plurilingüe', ao contemplar lateralmente o ensino da/en lingua galega;
- por outra, o NEG Opina "Lingua e escola: ética e afouteza", elaborado durante o pasado mes de xaneiro a propósito dos novos datos demolingüísticos, proporcionados polo INE e obtidos a partir do Censo 2021 referidos ao "coñecemento e uso de linguas".

Un documento que difundimos no mes de febreiro, contemplando argumentacións que son infrecuentes en Galicia á hora de abordar estas cuestións, e que necesariamente deberemos contemplar.



SEMINARIO MEMORIA HISTÓRICA

Nomeamento de Quico como Socio de Honra de NEG

Carlos Cimadevila. cimeca12@gmail.com
Representante do GT no Secretariado

No marco da celebración do XII Seminario da Memoria Histórica, celebrado en setembro do 2022, dende NEG quixemos renderlle unha pequena homenaxe a un dos membros do Seminario, que nos veu acompañando dende o principio, o guerrilleiro Francisco Martínez López, Quico. Naceu no 1925 en Cabanas Raras. Neste lugar do Bierzo creceu no seo dunha familia campesiña, e desde os 17 anos colabora coa oposición antifranquista. Posteriormente, sumouse aos grupos guerrilleiros que se enfrontaron coas armas á ditadura.

Na clandestinidade armada desde 1947, foi membro da mítica guerrilla de Manuel Girón, que mantivo entre Galiza e León unha inxente actividade de combate e propaganda até o ano 1951 no que, no medio dunha evasión chea de perigos, consegue penetrar en Francia, país onde se exilia e onde continuou as súas actividades antifranquistas.



Entrega a Quico do diploma de Socio de Honra.

GRUPO DE TRABALLO EDUCADORAS/ES POLA PAZ

MANIFESTO DÍA ECOLAR DA NON VIOLENCIA E DA PAZ. 30 DE XANEIRO DE 2023

O outro como núcleo fundamental da cultura de paz

Nova Escola Galega

Día Escolar da Nonviolencia e da Paz

30 de xaneiro de 2023

Acabamos de deixar atrás 2022, o ano da pos-pandemia da Covid-19, un ano marcado pola invasión de Rusia a Ucraína que o próximo 24 de febreiro cumprirá un ano do seu inicio; marcado tamén pola inflación e a crise económica e enerxética que ten contribuído a ampliar aínda máis a brecha entre ricos e pobres; ou polo asasinato da moza iraniana Masha Amini a mans da “policía da moral” por levar mal posto o veio e desacatar o código de vestimenta das mulleres en Irán, que desatou unha onda de protestas dentro e fóra da República Islámica en contra da represión e dos abusos do réxime.

No Estado español, ademais, non podemos deixar de sinalar a traxedia na fronteira entre Melilla e Nador, na que morreron polo menos 23 inmigrantes tentando saltar a cerca, as devolucións en quente de migrantes e refuxiados; as 49 mulleres asasinadas a man das súas parellas ou ex parellas, segundo datos oficiais; ou a onda tráfobica desatada con motivo da proposta e posterior aprobación no Congreso da Lei Trans (Lei para a Igualdade Real e Efectiva das Persoas Trans e para a Garantía dos Dereitos das Persoas LGTBI) que permite ás persoas trans a súa autodeterminación de xénero.

Máis aló de todos estes fenómenos que foron noticia en 2022, non debemos esquecer esas outras moitas guerras e machismos teocráticos silenciados que poñen de relevo a dobre moral da comunidade internacional e que levan anos causando sufrimento e continúan nescando as vidas dos seus protagonistas: a ocupación israelí en Palestina, a negación da vontade democrática do pobo saharauí ou os conflitos na República Centroafricana, Etiopía, Sudán do Sur, Mozambique, Iraq, Afganistán ou Myanmar, por citar só algúns deles.

Todos estes fenómenos de violencia teñen un denominador común: a outridade ou a infravaloración e deshumanización daqueles outros –mulleres, colectivos LGTBI, migrantes, refuxiados, persoas sen recursos e un longo etcétera de identidades – que non encaixan na figura patriarcal por excelencia que constitúe o centro e a norma: o home cis[1], heterosexual, occidental, branco e de clase media.

[1] Que se reconece na identidade de xénero que lle foi atribuída ao nacer en función do seu sexo (RAG, 2022). Real Academia Galega (2022). Termo “Cis”. <https://academia.gal/diccionario/-/termo/cis>

O outro como núcleo fundamental da cultura de paz

Desta forma, a outridade implica asumir dúas cuestións clave para abordar a cultura de paz: i) que a violencia non pode ser simplificada nin explicada como un acto voluntarista e individual de danar; e ii) que os diferentes axentes de socialización, incluíndo a escola e a familia, poden traballar a favor da violencia ou en contra dela. En relación a esta segunda cuestión, a escola funciona moitas veces como un aparello de reprodución do statu quo. Así, no currículo explícito e especialmente no oculto, o coñecemento non está organizado para eliminar as desigualdades, senón para lexitimalas e regulalas, ignorando as diferenzas de clase, etnia ou xénero ou subordinándoas aos imperativos dunha historia e dunha cultura lineais[2].

Nesta liña, as persoas que conformamos o grupo de traballo de Educadoras e Educadores pola Paz de Nova Escola Galega (NEG) queremos destacar neste 30 de xaneiro, Día Escolar da Nonviolencia e da Paz, que o outro / a outra, e especialmente o trato que este recibe, debe formar o núcleo básico sobre o que construír a cultura de paz. A educación como camiño para a paz debe orientarse ao descubrimento progresivo dos outros e das outras, promocionando a valoración da diversidade e visibilizando a vulnerabilidade compartida e a interdependencia entre todos e todas [3].

Para dar resposta a esta tarefa cada día máis urxente é preciso superar o modelo educativo tecnocrático, duramente criticado na viñeta “A máquina da escola” elaborada por Tonucci en 1970[4], pero plenamente vixente, orientado á instrución e á consecución da excelencia académica; e avanzar cara a un paradigma sociocrítico orientado á humanización do alumnado e á promoción do respecto aos dereitos humanos e ás liberdades fundamentais. En palabras de Freire, este modelo parte da indignación coa inxustiza social (a “outridade” ou violencia dirixida contra os outros e as outras) e oriéntase cara á utopía posible, que non é outra que a consecución dunha radical transformación social[5].

No marco deste paradigma sociocrítico, este novo modelo educativo debe ancorarse nun compromiso irrenunciabile cos valores de mínimos que descansan na Declaración Universal dos Dereitos Humanos e no ben común[6].

[2] Giroux, H. (1992). Teoría y resistencia en educación. Una pedagogía para la oposición. Siglo XXI.

[3] Jares, X. (2005). Educación para la paz. Su teoría y su práctica. Popular.

[4] Tonucci, F. (2007). FRATO, 40 años con ojos de niño. Graó.

[5] Freire, P. (2001). Pedagogía de la indignación. Ariel.

[6] Cortina, A. (2021). Ética cosmopolita. Una apuesta por la cordura en tiempos de pandemia. Paidós.

O outro como núcleo fundamental da cultura de paz

Nesta liña, esta proposta educativa no ámbito escolar: i) asume un concepto de paz positiva, segundo o cal a paz xa non é a antítese da guerra, senón a antítese de calquera inxustiza social; ii) atende o “micro” e presta especial atención ao currículo oculto, é dicir ás prácticas educativas cotiás mediante as cales transmitimos concepcións nesgadas, marcadas polos estereotipos e os prexuízos, o que esixe examinar a nosa propia linguaxe e o contido do noso discurso, incluíndo tamén aquilo que silenciámos e as nosas expectativas en relación ao alumnado; iii) analiza criticamente como se constrúe o coñecemento que alimenta as nosas categorías de normal/anormal ou humano/menos humano, formulando preguntas provocadoras na aula que permitan problematizar as situacións que tradicionalmente foron simplificadas; iv) problematiza a violencia, visibilizando como a outridade está na orixe da mesma; e v) reconece a interseccionalidade[7] dos sistemas de opresión que traballan conxuntamente a favor da violencia.

En definitiva, esta proposta é tamén unha pedagogía feminista interseccional[8], pois traballa para desmantelar o cisheterosexismo[9] que é a xénese da violencia e que non pode desvincularse doutros sistemas de opresión como o etnocentrismo ou o clasismo, por sinalar só algúns deles. Así, as pedagogías feministas interseccionais “coa súa crítica á normalidade, aos binarismos, co seu ensino do respecto ás diferenzas e a súa mirada interseccional, son máis necesarias –e urxentes– que nunca. Dentro e fóra das aulas, nas rúas, as escolas, para todo o mundo, en todas partes” (Trujillo, 2022, p.117, tradución do español orixinal)[10].

Para finalizar, queremos aproveitar esta oportunidade para anunciar que, despois de case tres anos marcados polas restricións sanitarias impostas pola Covid-19, mantemos o noso compromiso de loita contra a outridade e as violencias e retomamos a organización dos encontros galego-portugueses de educadoras/es pola paz. O XXXIV Encontro terá lugar en Castro Laboreiro entre o 21 e o 23 de abril e xirará en torno á memoria histórica en comunidades locais que viviron a Guerra Civil española desde a raia entre Galicia e Portugal. En breve, poderedes consultado na páxina web de NEG, así como no seu Facebook. Desde aquí animamos o profesorado, os educadores e educadoras, así como o alumnado a participar. Vémonos en abril!

[7] A interseccionalidade fai referencia ao cruce de opresións múltiples cuxos impactos nunha persoa ou colectivo varían en forma e intensidade segundo o número e tipo de opresións dirixidas a cada persoa ou grupo conforme as súas características identitarias individuais ou colectivas.

[8] O feminismo interseccional vai máis aló da loita pola igualdade das mulleres cis, heterosexuais, brancas, occidentais e de clase media, atendendo tamén as problemáticas das mulleres LGBTI, negras e pobres e orientándose a un proxecto de transformación radical da sociedade no seu conxunto.

[9] O cisheterosexismo fai referencia ás normas e discursos sociais que lexitiman un binarismo sexual congruente cun binarismo de xénero e cunha orientación heterosexual, recoñecendo exclusivamente a valía dos homes cisxénero e heterosexuais, e subordinando as mulleres e as persoas LGBTI.

[10] Trujillo, G. (2022). El feminismo es para todo el mundo. Catarata.

GRUPO DE TRABALLO TERRA DE MIRANDA

Bebendo do pasado marcamos o rumbo do presente

Grupo de Traballo da Terra de Miranda
pacoveiga@agxpt.gal

IV Xornadas da Terra de Miranda Encontros de Debate sobre educación no medio rural A Pontenova, 10 e 11 de novembro de 2023

As Xornadas da Terra de Miranda naceron, por unha conxunción de circunstancias e de intereses, no ano 2017. Nova Escola Galega conseguira daquela o financiamento, a través da Deputación Provincial de Lugo, para a realización dunha actividade de formación sobre educación e medio rural nalgún punto da provincia de Lugo. Por outra parte, un grupo de persoas e entidades estaban interesadas en poñer en valor a Terra de Miranda, unha comarca non recoñecida oficialmente que mantén os seus sinais de identidade e que, entre outras realidades, necesita facerse ver para —como sucede na maior parte do rural— non morrer definitivamente.

Así é que a primeira edición das Xornadas celebrouse no ano 2017 na Pontenova. Despois, Meira e Riotorto serviron de sede, respectivamente, ás celebradas nos anos 2018 e 2019. A edición de 2020, de novo na Pontenova, estaba con todos os seus detalles ultimados para ser desenvolvida en outubro de 2020, pero a situación sanitaria desaconsellouno.

Tiveron que pasar ata tres anos para que as circunstancias —neste caso, o financiamento— casasen de novo. Pois ben, neste Boletín Interno que conmemora o 40º aniversario de NEG, pode ser anunciado xa que os días 10 e 11 de novembro deste ano 2023, desenvolveranse as IV Xornadas da Terra de Miranda na Casa da Cultura da Pontenova.



Déixate...caer



Bebendo do pasado marcamos o rumbo do presente

A edición suspendida no ano 2020 levaba por subtítulo “Desconfinando a Terra de Miranda”, e estaba centrada xustamente na cuestión sanitaria. Por outra parte, as Xornadas foron concibidas desde o principio como un foro onde puidese ser posta en común a situación da comarca desde calquera dos seus ámbitos, en especial o económico, pero reservando espazos de tempo suficientes para tirar do fío das implicacións educativas desa análise global á que as Xornadas pretenden contribuír.

A temática central, transcorridos tres anos e superada a pandemia, ten que ser outra. E niso está traballando o grupo organizador cando este Boletín está sendo elaborado, tratando de centrar o programa na historia local e nas posibilidades que ofrece desde o ámbito educativo, pero tamén desde o económico.

A Terra de Miranda é unha comarca, insistimos, non recoñecida oficialmente. O seu nome arrinca da noite dos tempos e pode constatarase en calquera mapa de época. É posible que o seu territorio orixinal incluíse parte da zona do Eo-Navia (Santirso, Abres, A Veiga...), pero a delimitación que propón Xúlio Pardo de Neyra[1] nun estudo realizado ao arroubo das Xornadas, inclúe os concellos de Riotorto e da Pontenova, así como as parroquias de Vilaformán e Vilapena, estas do concello de Trabada. Desde esta óptica, Meira sería unha das capitais estremeiras da comarca, mentres que, posiblemente, a súa capital de facto sexa a día de hoxe A Pontenova.

O grupo de persoas que organiza a actividade está conformado por compañeiros e compañeiras de Nova Escola Galega na zona, pero tamén por outras persoas comprometidas coa realidade da comarca. Paralelamente, e dun ou doutro modo, con menor ou maior implicación, na edición suspendida no ano 2020 existía o acordo de colaboración de ata 26 entidades que teñen que ver coa Terra de Miranda. Este, precisamente, é un dos obxectivos paralelos das Xornadas, conseguir establecer fíos de colaboración entre os axentes locais.

[1] PARDO DE NEYRA, X. (2016) Eloxio da Terra de Miranda ou historia dunha peregrinaxe polo Reino da Galiza: a casa de Fernández Couso, un estudo de Historia Social. Edición promovida por diferentes entidades da Terra de Miranda.

GRUPO DE TRABAJO FIAR ESTRELAS

O II Encontro interxeneracional e inclusivo Fiando Universos

Pablo Vázquez Villar. pablovazv@edu.xunta.es
Coordinador GT Fiar Estrelas

Este curso 2022/23 o GT Fiar Estrelas centrouse na organización do II Encontro Interxeracional Fiando Universos. Confiabamos en poder celebralo presencialmente coincidindo coa festa dos maíos. O tema central no que viñemos traballando cos diferentes grupos participantes ao longo do curso foi ao redor das flores e cultivos das plantas en xeral, acompañado con música relacionada coa celebración desta festa tradicional.

As dificultades xurdidas co traslado das persoas maiores nas datas sinaladas a este centro López Navalón onde ía ter lugar o Encontro, colocáronnos na tesitura de pospoñelo para o mes de xuño e realizalo de maneira virtual. As novas datas baralladas ían coincidir coa preparación nas residencias da festa de San Xoán e solsticio de verán. Abrimos a posibilidade de que fosen as festas tradicionais, en xeral, o tema central deste II Encontro: xente nova e maior compartindo as súas experiencias nas festas. E así o traballamos con cada grupo durante o mes e medio previo ao Encontro que logramos celebrar virtualmente.

Isto permitiunos gozar vendo as persoas maiores compartir con emoción as vivencias máis lúdicas da súa mocidade, e a motivación do alumnado adolescente realizando preguntas, opinando, chegando a compartir de si en confianza. A conversa virtual foise facendo moi fluída e as pantallas deixaron de distanciar para achegar...



2º Encontro interxeneracional da diversidade: Fiando universos

VENRES 9 de xuño de 2023
10:45h. a 13h. encontro virtual


De festas e celebracións

Participan: persoas maiores, alumnado de diferentes idades, localización...
Coa colaboración de:

- CEE Manuel López Navalón.
- Residencia de maiores de Oleiros. Dpto. de Animación Sociocultural
- Residencia mixta de maiores de Ferrol. Dpto. de Animación Sociocultural
- Profesorado de secundaria e Pedagogía Terapéutica do Grupo de Traballo Fiar Estrelas

Organizado polo Grupo de traballo Fiar Estrelas (Nova Escola Galega)

Neste momento somos Belén, Esther, Manolo, Susana, Pablo e Yolanda. Pablo segue como coordinador, e Esther - substituindo a Manolo- como representante no Secretariado de NEG.



O II Encontro interxeneracional e inclusivo Fiando Universos

Foi tan entrañable que a alumna que decidiu quedarse na aula de Pedagogía Terapéutica para ver o Encontro aínda que sen visibilizarse, dada a súa timidez, acabou implicándose con risas e aplausos.

O xeito no que ela puido participar permitiulle coñecer ao alumnado e profesorado do Centro López Navalón, no que se escolarizará o vindeiro curso, ademais de gozar da comunicación acolledora entre persoas novas e maiores, que ela tanto valora.

É importante salientar tamén o traballo de cada grupo ao longo do curso sobre o tema do Encontro. Sinalar o desenvolvemento dos proxectos de traballo nos diferentes grupos centrados inicialmente nos maíos, sobre os distintos tipos de plantas e os oficios tradicionais relacionados coa súa utilización –vimbio, tabaco, plantas medicinais e estéticas etc– e despois enmarcados na festas tradicionais anuais.

Un curso máis logramos avanzar como equipo na inclusión interxeracional entre diferentes grupos, promovendo a participación de cada persoa a través do propio e desde as circunstancias e posibilidades de cadaquén.

Conseguido este obxectivo central de Fiar Estrelas, tócanos afondar como grupo de traballo nun xeito de organización que nos permita continuar nesta liña, pero coa flexibilidade que se vén sentindo necesaria en relación ás condicións para ser membros dun grupo de Nova Escola Galega.



GRUPO DE TRABALLO CAVILA

20 anos do Grupo Cavila: reflexións e achegas ante a realidade dos materiais e recursos educativos

M^a del Camino Peiro González. caminopereiro@gmail.com
Representante do GT no Secretariado

Este ano celebramos o vinte aniversario do Grupo Cavila. Neste tempo, camiñamos a carón das necesidades socioeducativas ao redor dos materiais e recursos curriculares e didácticos. Cuestión viva e decisiva dentro da educación actual, pois evolucionan á par dunha sociedade influída polo rápido avance das tecnoloxías.

Paralelamente, as necesidades educativas varían tanto condicionadas polas demandas e intereses do propio alumnado e dos do profesorado co que interactúan como, polas necesidades que presenta cada realidade contextual e polas das derivadas da propia evolución social.

Isto supón que na actualidade a realidade educativa estea marcada polo amplo abano de posibilidades que a dixitalización achega. Situámonos na necesidade de participar en constantes e rigorosos procesos de selección, edición e difusión deste tipo de recursos desde a reflexión e a crítica construtiva.

Hoxe en día as tecnoloxías xa son parte das nosas aulas. Computadoras, tabletas ou dispositivos móbiles unidos ao acceso á Rede posibilitan un acceso inmediato á información e exercen como elemento comunicativo e interactivo. Son inxentes os recursos educativos en liña, as plataformas de aprendizaxe ou as institucións nas que entre as súas finalidades figuran as educativas e que ofrecen os seus recursos. Bibliotecas dixitais, recursos multimedia, academias da lingua ou museos, son algunhas das múltiples posibilidades ás que podemos acceder e que, ao tempo, democratizan a aprendizaxe, na medida en que moitas delas xeran cultura e a aprendizaxe en aberto.

Ao tempo, esta realidade evoluciona ampliando necesidades, formas e retos. Un exemplo témolo na a intelixencia artificial (IA) e na análise de datos que, a pesar de vir cargadas de incertezas e debates, ofrecen grandes posibilidades para facilitar a personalización da aprendizaxe facilitando o deseño de experiencias de aprendizaxe máis individualizadas, xa que permiten adaptar o contido educativo aos diferentes niveis e ritmos de aprendizaxe.

20 anos do Grupo Cavila: reflexións e achegas ante a realidade dos materiais e recursos educativos

Estamos ante un incipiente e tamén continuo e orixinal abano de recursos e de posibilidades que precisan de procesos efectivos de selección e revisión cualitativa para evitar caer nunha distorsión do que verdadeiramente é o máis importante: que sexan efectivos para a aprendizaxe.

Ademais, veñen acompañados de propostas reformuladoras da práctica educativa. Falamos de metodoloxías activas, creativas e experienciais, e tamén gamificadas que entrelazan tecnoloxía e aprendizaxe. Entre elas, atopamos propostas que favorecen tanto o pensamento computacional como o deseño e a implementación de videoxogos ou as que suman ciencia, tecnoloxía, creatividade e funcionalidade (STEAM). Tamén están as relacionadas co campo audiovisual, como por exemplo a creación cinematográfica ou a radio escolar. Esta última, cun uso emerxente e renovado nos contextos educativos actuais.

Todas elas supoñen un elemento motivador e de conexión coa realidade do alumnado e un reto docente para que o seu emprego contribúa a facilitar os procesos de aprendizaxe.

Esta realidade marcada pola creación e distribución de medios e recursos educativos dixitais conviven ao tempo, cos medios e recursos cunha base máis tradicional. Por exemplo, cos libros de texto que afrontan o reto de entrelazar a súa vixencia cos avances tecnolóxicos e coas demandas sociais.

Nestas tesituras, manexase o Grupo de traballo Cavila, entrelazando os fíos da reformulación e da calidade dos materiais, recursos e medios educativos.

Un bo exemplo témolo nas xornadas do XV Seminario Internacional de avaliación de Materiais Didácticos “Jaume Martínez Bonafé”. Ccelebradas os 3 e 4 de abril de 2023, organizadas en colaboración co CEFIRE de València, coa Facultat de Filosofia i Ciències de l’Educació da Universitat València e co GREDUC Florida Universitària, nas que Cavila ven de participar, contextualizaron, comprenderon e analizaron as investigacións e reflexións que, no marco dunha formación docente innovadora, se desenvolven na actualidade ao redor da análise e avaliación dos materiais e recursos didácticos e dixitais en diferentes ámbitos de desenvolvemento.

20 anos do Grupo Cavila: reflexións e achegas ante a realidade dos materiais e recursos educativos

Nelas, achegáronse ferramentas de acción que o profesorado pode empregar na actividade formativa, cuestionándose estes materiais como froito da práctica reflexiva nas propias aulas.

Neste marco presentouse o libro *Discusiones actuales alrededor del libro de texto escolar*, a última das publicacións en estreita vinculación con grupo. Son numerosas as obras e os artigos cos que este amosa a evolución do estado da cuestión, entrelazadas coas actividades formativas que desenvolve, coordina ou nas que colabora con rigurosidade.


As persoas que participan no GT Cavila proveñen de diferentes ámbitos da educación formal e non formal e suman quefaceres e inquiredanzas para facilitar unha visión integral do feito educativo ao redor dos materiais e recursos educativos. Ademais, no grupo prima a vontade de ofrecer ao conxunto da comunidade educativa e da sociedade en xeral, respostas axeitadas ás necesidades e demandas para a mellora da calidade educativa desde a equidade e a igualdade de oportunidades.



Xornadas do XV Seminario Internacional de avaliación de Materiais Didácticos “Jaume Martínez Bonafé”

A modo de exemplo, recolleemos nas seguintes páxinas unha serie de publicacións. Lecturas con achegas persoais e colectivas que nos poden axudar a contar cunha mellor comprensión de todos estes aspectos, tanto desde unha perspectiva conceptual como práctica. En definitiva, unha pequena mostra da senda percorrida polo grupo nas últimas dúas décadas que continúa a súa andaina ao abeiro dos novos desafíos educativos e sociais.

Algúnhas das publicacións cunha presenza relevante do Grupo Cavila



A FENDA DIXITAL E AS SÚAS IMPLICACIÓNS EDUCATIVAS

Xosé Manuel Cid Fernández (coord).
Jesús Rodríguez Rodríguez (coord).
Nova Escola Galega (2007).
ISBN: 978-84-611-6458-5
Tipo: Libro

Obra sobre o impacto e as posibilidades das tecnoloxías na comunidade educativa e sobre os riscos derivados da fenda dixital. Nela, encontramos as reflexións sobre o estado da cuestión tanto en Galicia como en Portugal (Lourdes Montero, Afonso García Tobío, Adriana Gewerc, Joaquim Escola e Roberto Noguerol). E as propias de Miguel Vázquez Freire sobre o traballo do Grupo Pé de Imaxe; de Manuel Area atendendo ao labirinto tecnolóxico das escolas; Esther del Moral desde as oportunidades das TIC na escola rural; Javier Echeverría como recursos na loita contra a fenda; Vitorino Gonçalves e Cristina Novoa destacando o seu papel como instrumento dinamizador das bibliotecas escolares. Tamén experiencias educativas nas aulas como as de Luís Cachafeiro ou Eva Garea.



A FENDA DIXITAL: AS TIC, ENTRE A ESCOLA E A COMUNIDADE

Jesús Rodríguez Rodríguez
Xosé Cid Fernández
Nova Escola Galega (2011).
ISBN: 978-84-8408-143-2
Tipo: Libro


O libro recolle tres conferencias, 12 interencións en catro mesas redondas, e 18 comunicacións, presentadas a este segundo congreso sobre a Fenda Dixital. Comezando pola conferencia inaugural de Jordi Adell sobre a fenda dixital en relación coa web 2.0, e rematando pola conferencia de Carmen Ricoy sobre a percepción dos estudantes de Educación Social sobre as TICs, toda a temática se centrou en analizar a fenda dixital que se produce no ámbito non escolar, en particular o papel das administracións locais, das entidades que proporcionan educación a persoas con diversidade, aulas hospitalarias, educación de persoas adultas, museos virtuais, etc.



A FENDA DIXITAL: TIC, ESCOLA E DESENVOLVIMENTO LOCAL

Xosé Cid Fernández
Jesús Rodríguez Rodríguez
Daniela Gonçalves
Porto: Escola Superior de
Educação Paula Frassiniet (2012).
ISBN 978-972-99174-6-2
Tipo: Libro

Espazo de partilha de experiencias no terreno e projetos de investigación innovadores, permitirá o intercambio reflexivo entre docentes, educadores sociais, pedagogos, asistentes sociais, psicólogos, entre outros participantes, com o objetivo de analizar criticamente o papel que as TIC têm desempenhado no âmbito escolar e no desenvolvimento local. Conforme em programa, o evento científico contará com a presença de investigadores e especialistas nesta área do saber provenientes de mais de 12 instituições universitárias galaico-portuguesas, assim como com comunicações de vários docentes das diferentes Escolas da Póvoa de Varzim



A FENDA DIXITAL: TIC, NEAE, INCLUSIÓN E EQUIDADE

Gonçalves, D., Fernández Rodríguez, J., Castro Rodríguez, M., Montserrat, Ricoy Lorenzo, M. C., Rodríguez Rodríguez, J., Cid Fernández, X. M. (2018).
Porto: Escola Superior de
Educação Paula Frassiniet
ISBN: 978-84-8408-143-2
Tipo: Libro

Os artigos aquí reunidos, apostan polá exigencia de uma Educação autêntica deve corresponder uma prática de transformação e uma cidadania integral. Trata-se de um apelo a uma reconstrução da identidade pessoal e social que procura o sentido de si mesma na relação com o outro, relação que necessita de ser educada, a ponto de incluir cada "Eu". Este "Eu" é entendido como o ser-para-o-outro que supera o rumor anónimo e insignificante do ser - ser para o outro, significando a responsabilidade ética por ele. Só esta Educação, que respeita a alteridade e a exceção permite enfrentar realmente os desafios da sociedade do conhecimento e em rede. Estamos no momento de perspetivar a construção de uma sociedade nova, mediante a conversão das pessoas para a justiça e a solidariedade. A educação é a grande construtora dos ideais humanos.


Algunhas das publicacións cunha presenza relevante do Grupo Cavila



A FENDA DIXITAL: VIDEOXOGOS, LUDIFICACIÓN E APRENDIZAXE BASEADA EN XOGOS DIXITAIS

Gonçalves, Daniela; Gomes de Menezes, Glauco; Fernández Rodríguez, Jennifer; Ricoy Lorenzo, María Carmen; Castro Rodríguez, María Montserrat; López Gomez, Silvia; Rodríguez Rodríguez, Jesús; Cid Fernández, Xosé Manuel.
Porto: Escola Superior de Educación Paula Frassinetti (2021).
ISBN: 978-84-8408-143-2
Tipo: Libro


O V Congreso Internacional Fenda Digital é un contexto ideal para a partilha de experiencias no campo socioeducativo, bem como a disseminação de projetos e pesquisa inovadores, favorecendo a cooperação e a reflexión entre diferentes profesionais da educación e outros grupos e persoas interesadas na temática. O principal objetivo é analizar construtivamente o papel das tecnoloxías no desempeño académico e nos contextos sociocomunitarios, para além de se prestar especial atención ás experiencias nas quais os videoxogos, a ludificación e a aprendizaxe baseada en xogos están a desempeñar un papel fundamental na educación/formación.



ACTIVIDADES E RECURSOS EDUCATIVOS DOS MUSEOS DE GALICIA

Ana María Pose & Jesús Rodríguez.
Toxosouts Editorial (2008).
ISBN: 978-84-96673-39-7

Este libro é froito da Exposición e das Xornadas que co título Actividades e recursos Educativos dos Museos de Galicia, Coordinadas por Nova Escola Galega e patrocinadas pola Consellería de Cultura e Deporte da Xunta de Galicia, tiveron lugar no Museo do Pobo Galego. A través desta obra ofrecemos un conxunto de reflexións de diversos profesionais que traballan en temas relacionados coa educación dos museos. A obra axuda a coñecer a programación educativa estable e os recursos educativos de boa parte dos museos galegos. Súmasee un CD onde se recolle de xeito sistemático a oferta didáctica dos museos galegos que contan cun servizo educativo no seu organigrama ou, no seu defecto, cunha programación educativa estable, xunto coa descrición dos materiais didácticos que elaboran nas propias institucións museísticas como apoio e reforzo ás devanditas actividades.



OS MATERIAIS CURRICULARES E A ATENCIÓN Á DIVERSIDADE SOCIOCULTURAL

Jesús Rodríguez Rodríguez
(Coord.).
Santiago de Compostela. Nova Escola Galega e Concello de Santiago, (2003).
Tipo: Libro

Analizar detidamente o que aparece nos materiais e o seu uso permite poñer de relevo moitos dos conflitos subxacentes nas nosas sociedades e de ver como distintas autorías de materiais interpretan os valores e os trasladan ó contido e filosofía dos mesmos. O estudo da diversidade nos materiais non pode facerse á marxe do conxunto dos elementos que configuran o contexto escolar. Así, nesta obra, afondase nos distintos aspectos que afectan ás decisións sobre os materiais, decisións tomadas na aula, no centro educativo, no contexto político administrativo...

Supuxo, así mesmo, unha gran preocupación para nós, tentar abrir portas e reflexións sobre os materiais tanto nos espazos formais e non formais, posibilitando a reflexión e a análise das persoas profesionais da educación.



A ELABORACIÓN E ADAPTACIÓN DOS MATERIAIS CURRICULARES

Jesús Rodríguez Rodríguez
(Coord.).
Santiago de Compostela, NEG e Departamento de Educación e Mocidade do Concello de Santiago (2006).

Esta obra recolle as interesantes contribucións realizadas nas distintas conferencias, obradoiros, seminarios e mesas redondas levadas a cabo durante o II Congreso de Elaboración e adaptación de materiais curriculares. O eixe deste congreso xirou ó redor da diversidade dos materiais. Aínda que este tema vén sendo debatido dende fai xa bastantes anos nos distintos foros educativos, segue a ser un asunto de actualidade nunha sociedade cada vez máis diversa, á vez que global.
O Concello de Santiago, pioneiro de tantas iniciativas a prol da innovación educativa, e, unha vez máis, quen apostou por darlle saída a esta publicación de interese para a profesorado e a comunidade educativa.

Algunhas das publicacións cunha presenza relevante do Grupo Cavila




MATERIAIS DIDÁCTICOS E EXPERIENCIAS EDUCATIVAS DENDE A PRÁCTICA DOCENTE

REFLEXIÓN E EXEMPLOS DE BOAS PRÁCTICAS

María Montserrat Castro Rodríguez (coord.),
Jesús Rodríguez Rodríguez (coord.),
María-Helena Zapico-Barbeito (coord.)
Toxosoutos Editorial (2013).
ISBN: 978-84-15400-79-0
Tipo: Libro

O compromiso ineludible por parte dos profesionais que configuran o vasto universo da educación, no noso país teñen xurdido nos últimos anos unha serie de experiencias didácticas valiosas, de moi diversa índole e entidade. Trátase dun conxunto de iniciativas –ampliamente recoñecidas e premiadas en diferentes certames– que demostran o talento e bo facer de tantos educadores e educadoras galegos/as e que, sen embargo, poden seguir a ser grandes descoñecidas na praxe dos nosos centros. De aí que consideremos preciso darlles voz a aqueles/as que se atreven a rachar coa rutina do cotiá e a afrontar con decisión os desafíos que depara o futuro e presente da educación en Galicia.



ESCUEL@ DIGIT@L. LOS MATERIALES DIDÁCTICOS EN LA RED

Manuel Area Moreira (coord.)
Graó (2020).
ISISBN / EAN : 9788418058356
Tipo: Libro que presenta os fundamentos teóricos, o deseño e resultados do proxecto I+D A Escola da Sociedade Dixital: Análise e propostas para a produción e uso dos contidos dixitais educativos EDU2015-64593-R .

Estamos nun tempo de tránsito entre a escola moderna do século xx e a escola líquida da sociedade dixital. Un dos fenómenos destacables é que os materiais didácticos tradicionais, especialmente os libros de texto, teñen que convivir e combinarse cunha nova xeración de materiais didácticos dixitais e accesibles en liña na Rede. Que características ten esta nova tipoloxía de materiais didácticos? Como se están distribuindo na Rede desde as administracións e as empresas editoriais? Que opinan o profesorado, as familias e os produtores dos devanditos materiais? Como se usan pedagógicamente nos centros e aulas escolares?



LOS VIDEOJUEGOS EN LA ESCUELA, LA UNIVERSIDAD Y LOS CONTEXTOS SOCIOCOMUNITARIOS

Jesús Rodríguez Rodríguez (coord.),
Silvia López Gómez (coord.),
Octaedro (2021).
ISBN:9788419023384
Tipo: Libro

Este libro presenta unha mostra de experiencias relacionadas co uso educativo dos videoxogos que poden resultar de interese para o conxunto dos membros da comunidade educativa (profesorado de Infantil, Primaria, Secundaria, Bacharelato, Formación Profesional e Universidade; profesionais de institucións sociocomunitarias; familias e empresas relacionadas co sector dos videoxogos). Así mesmo, un dos propósitos crave da publicación é favorecer un intercambio entre docentes e outros profesionais que axude a poñer en marcha iniciativas caracterizadas pola utilización pedagóxica adecuada dos videoxogos.



INFANCI@ DIGIT@L. LOS RECURSOS EDUCATIVOS DIGITALES EN EDUCACIÓN INFANTIL

Jesús Rodríguez Rodríguez (coord.),
Clara Martínez-Delgado (coord.),
Conxa Delgado Amo (coord.)
Graó (2023).
IISBN / EAN : 9788419416100 - ISBN / EAN EPUB: 9788419788184
Tipo: Libro cos resultados da investigación: «Os materiais didácticos dixitais na Educación Infantil. Análise e propostas para o seu uso na escola e o fogar» (RTI2018-093397-B-I00) na que participan equipos de investigación pertencentes a Canarias, Galicia e Valencia).

Estamos ante un bo punto de partida para repensar o significado da escola na era dixital, partindo das visións e as representacións dos axentes educativos implicados a diferentes niveis no deseño, difusión e utilización dos contidos dixitais educativos. Impúlsase así un novo pacto entre os distintos axentes para repensar o significado e os obxectivos da educación. Danse resposta a preguntas como, por exemplo: Que características técnicas e pedagóxicas máis destacables presentan os materiais didácticos dixitais destinados á poboación de 3-6 anos? Que visións e opinións manexa o profesorado do segundo ciclo de educación infantil sobre estes materiais respecto a o seu potencial na aprendizaxe, a súa utilización escolar e no fogar?...

Algunhas das publicacións cunha presenza relevante do Grupo Cavila



DISCUSIONES ACTUALES ALREDEDOR DEL LIBRO DE TEXTO ESCOLAR

Jesús Rodríguez Rodríguez (coord.),
Clara Martínez-Delgado (coord.),
Conxa Delgado Amo (coord.),
Obtaedro (2023).
ISBN13: 9788419312686
DOI: 10.36006/09134-4
Tipo: Libro

Investigadoras e investigadores da educación de diferentes universidades e países de Europa e Latinoamérica alimentan o necesario debate sobre o currículo e a súa concreción nos materiais didácticos, sobre todo no libro de texto. Que problemáticas investiganse? Cales son os avances? Que se silencia e que culturas refórzanse nos seus contidos? Hai dependencias e condicionamentos do mercado? Libros de texto dixitais, máis do mesmo? Que relación establécese entre o uso do libro de texto e o desenvolvemento profesional docente? Cales son as políticas de colonización cultural mediadas polo libro de texto? Que estratexias analíticas facilitan o estudo do discurso hexemónico no libro de texto? Que concepto do público activamos no libro de texto? Que alternativas atopamos? Estas e outras cuestións expóñense para actualizar e fomentar a discusión sobre a innovación e mellora da escola.

CONOCIMIENTO EN LOS PROCESOS DE EVALUACIÓN DE LA EXPERIENCIA DEL SEMINARIO-TALLER DE EVALUACIÓN DE MATERIALES DIDÁCTICOS (GRUPO CAVILA, NEG)

Rosa María Vicente Álvarez
rvicente@uvigo.es
GI Stellae (USC)
Nova Escola Galega (Grupo Cavila)
CEIP Ramón Cabanillas
Universidade de Vigo


Jesús Rodríguez Rodríguez
jesus.rodriguez.rodriguez@usc.es
GI Stellae (USC)
Nova Escola Galega (Grupo Cavila)

Silvia López Gómez
silvia@rilme-lab.com
GI Stellae (USC)
Nova Escola Galega (Grupo Cavila)
Spin-off DIMElab

TRANSFERENCIA DE CONOCIMIENTO EN LOS PROCESOS DE EVALUACIÓN DE LOS MATERIALES DIDÁCTICOS. LA EXPERIENCIA DEL SEMINARIO-TALLER DE EVALUACIÓN DE MATERIALES DIDÁCTICOS (GRUPO CAVILA, NEG)

Rosa María Vicente Álvarez
Jesús Rodríguez Rodríguez
Silvia López Gómez
Tipo: Artigo en Conectando redes.
La relación entre la investigación y la práctica educativa. Simposio REUNI+D y RILME / Almodena Alonso Ferreiro (aut.), Adriana Gewerc Barujel (aut.), 2018, ISBN 978-84-09-05212-7, páxs. 310-319.

Esta comunicación presenta algunhas reflexións relacionadas cos procesos de transferencia de coñecemento a partir da experiencia dun seminario-taller sobre avaliación de materiais didácticos realizado desde fai nove anos en Santiago de Compostela. Un dos obxectivos fundamentais do devandito seminario-taller é a transferencia de coñecemento xerado en relación coa avaliación dos materiais didácticos. A proposta radica en axuntar profesionais de diferentes perfiles educativos relacionados co ámbito de estudo dos medios educativos e que presentan unha preocupación por análise e avaliación destes recursos.



XXXIV Encontro de MRP. Futuro compartido dos MRP: reflexión e propostas. Cheste (Valencia) 3, 4 e 5 de febreiro de 2023

Pepe Ramos. jose.ramos@udc.es
Coordinador da Comisión de Representacións Externas do Secretariado



O XXXIV Encontro en Cheste tivo fundamentalmente un carácter de revisión e mirada cara a dentro e de propostas para o futuro. Precisamente o seu título era: “Futuro compartido dos MRP: reflexión e propostas”.

Desenvolveuse cun acto de carácter máis académico no que baixo o título “Os MRP, vixencia dun discurso imprescindible” tres relatores, que foron Luis Torrego, de Segovia, Angels Martínez Bonafé, de Valencia, e Julio Rogero Anaya, de Madrid -este tivo que limitarse a enviar o texto que preparara por mor da súa saúde- fixeron un vivo relatorio sobre a situación da educación e o papel dos MRP.

Ideas como o dualismo nos conflitos (ou estás a favor ou en contra, sen lugar para os matices); a falta de tempo para a reflexión polo ritmo que marcan as TIC; a aparición de actitudes neofascistas no alumnado ou a educación como un ben común e público, foron trasladadas por estas persoas. Tamén se pararon a valorar que a Escola pública é necesariamente democrática, e que a democracia non se regala, senón que se aprende e se exerce.

Ademais, houbo lugar para criticar a extensión do “antipedagogismo” entre o profesorado ou a posibilidade de que a Intelixencia artificial poña en cuestión o transmisivismo educativo.

“Os MRP, vixencia dun discurso imprescindible.”

Dualismo nos conflitos (ou estás a favor ou en contra, sen lugar para os matices).

A falta de tempo para a reflexión polo ritmo que marcan as TIC.

A aparición de actitudes neofascistas no alumnado.

A educación como un ben común e público.

A valoración de que a Escola pública é necesariamente democrática, e de que a democracia non se regala, senón que se aprende e se exerce.

Criticas a extensión do “antipedagogismo” entre o profesorado. A posibilidade de que a Intelixencia artificial poña en cuestión o transmisivismo educativo.

Relatorios: Luis Torrego, Angels Martínez Bonafé e Julio Rogero Anaya

XXXIV Encontro de MRP. Futuro compartido dos MRP: reflexión e propostas

Por outra parte, destacaron os problemas, desexos e propostas con respecto aos MRP. Por exemplo, a necesidade de conxugar apertura e participación cunha organización ordenada e minimamente eficaz.

Falouse dun proceso de ocultación dos MRP, por irmos a contracorrente das redes de centros privados ou mesmo de redes públicas promovidas polos poderes conservadores; tamén, debido á precariedade da nosa infraestrutura ante a desigual competencia coa formación promovida polas administracións educativas, e diante da demanda do profesorado de ferramentas para a práctica e non de procesos reflexivos.

“ Falouse dun proceso de ocultación dos MRP, por irmos a contracorrente das redes de centros privados ou mesmo de redes públicas promovidas polos poderes conservadores; tamén, debido á precariedade da nosa infraestrutura ante a desigual competencia coa formación promovida polas administracións educativas, e diante da demanda do profesorado de ferramentas para a práctica e non de procesos reflexivos.

”

Mesmo se valorou que a nosa presenza nos centros non garante que vaian adiante, como sería de desexar, propostas legais de interese. Exemplos como o traballo por proxectos ou en ámbitos ou a avaliación cualitativa, indican que moitas veces non reparamos en que a Lei non é suficiente para o cambio, dado que son as persoas e o seu compromiso as que o poden levar a cabo.

Puxéronse a debate moitas propostas diferentes: a visibilización nas redes sociais, a influencia nos centros de formación inicial e continuada, o contacto e colaboración con outros colectivos, o activismo intelectual con manifestos e investigacións, a divulgación de experiencias, o impulso a iniciativas de currículos mais libres e transversais, a crítica á burocratización, e un longo etcétera.

XXXIV Encontro de MRP. Futuro compartido dos MRP: reflexión e propostas.

Despois, dúas persoas do País Valenciano animaron un debate que se titulou “Espazo de creación colectiva” e que pretendía sentar as bases dunha dinámica de grupos que supuxese o principio dun funcionamento temático ao longo do ano con presenza libre dos membros dos diferentes MRP, similar ao que funciona no Encontro referido á cuestión da educación no medio rural. Finalmente, despois do debate e de reunións grupais, acabáronse constituíndose os seguintes grupos:

- **Grupo de comunicación**, encargado de asegurar e dinamizar a presenza da Federación nas redes e na sociedade en xeral.
- **Grupo de documentación e memoria**, para recoller, ordenar e no seu caso divulgar o patrimonio documental que temos despois das décadas que levamos traballando.
- **Grupo de organización** (“impulso” acordaron denominalo), para presentar propostas a fin de mellorar a organización e coordinación de todos estes colectivos tan diversos.
- **Grupos temáticos**; ademais do de rural, propúxose que o seguinte en poñerse a funcionar fose dedicado á inclusión.



Traballo en equipos durante o Encontro de MRP do pasado mes de febreiro.

XXXIV Encontro de MRP. Futuro compartido dos MRP: reflexión e propostas.

Tamén tivo lugar a Asemblea ordinaria na que se elixiron os dous vogais da mesa: Xosé Ramos (Galicia) e Josep Ramón Torres (Valencia), e na que quedou pendente o cargo da Presidencia.

A asistencia a este XXXIV Encontro foi de 53 persoas, fundamentalmente de Cataluña, Madrid, Castela León e Valencia.

Nesta Asemblea aprobouse a adhesión ao Movemento “Converxencia(s) para a Educación Nova” e ao seu **Manifesto de 10 desafíos desta Educación Nova:**

- Comporta un proxecto de emancipación e democratización, será polo tanto política.
- É positiva, rexeitando fatalismos e exclusións por basearse na educabilidade do ser humano.
- Promove a visión emancipadora dos saberes, por deber de responder estes ás necesidades socioeconómicas.
- Propón, debate e inventa no marco de colectivos solidarios.
- Non se detén nas fronteiras, ten unha perspectiva internacional.
- Esfórzase por combinar o dicir e o facer.
- Concibe o alumnado como inconcluso, pero ao mesmo tempo completo.
- Avoga por unha escola aberta e democrática.
- Comprométese cunha visión global da educación, con continuidade de espazos e tempos entre a escola e fóra dela.
- Afronta os desafíos do século XXI, con respecto á solidariedade entre os humanos, e destes co planeta.

"... moitas veces non reparamos en que a Lei non é suficiente para o cambio, dado que son as persoas e o seu compromiso as que o poden levar a cabo"

XXXIV Encontro de MRP. Futuro compartido dos MRP: reflexión e propostas.

Manifesto da Educación Nova: 10 desafíos.

- Comporta un proxecto de emancipación e democratización, será polo tanto política.
- É positiva, rexeitando fatalismos e exclusións por basearse na educabilidade do ser humano.
- Promove a visión emancipadora dos saberes, por deber de responder estes ás necesidades socioeconómicas.
- Propón, debate e inventa no marco de colectivos solidarios.
- Non se detén nas fronteiras, ten unha perspectiva internacional.
- Esfórzase por combinar o dicir e o facer.
- Concibe o alumnado como inconcluso, pero ao mesmo tempo completo.
- Avoga por unha escola aberta e democrática.
- Comprométese cunha visión global da educación, con continuidade de espazos e tempos entre a escola e fóra dela.
- Afronta os desafíos do século XXI, con respecto á solidariedade entre os humanos, e destes co planeta.

PUBLICACIÓNS DE NEG

Revista Galega de Educación (RGE)

Consello de Redacción da RGE

Datos obxectivos da RGE neste período

Desde o verán de 2022 ata o verán de 2023 publicáronse os números 84, 85 e 86, que centraron a súa parte monográfica nas seguintes cuestións: “Emerxencia climática e educación”, “TEA e inclusión” e “Andar cos tempos das músicas”, baixo a coordinación, respectivamente, de Pablo Meira / Miguel Pardellas; Marcos Pinaque; e Tania Caamaño / Xiana Lastra / Uxía Bolaño.

Todos os números incluíron un alto número de colaboracións e incorporaron ademais, como vén sendo habitual, as seguintes seccións: Experiencias, Entrevista, A lingua, Pensar o ensino, Escola rural, Outras escolas, Novas tecnoloxías, Familias, Xoguetainas e Brinquetainas, Educación social e Escola, Panoraula (con Panoraula Dixital) e Recensións.

Os editoriais dos números abordaron aspectos tales como a posta en marcha da LOMLOE, a mellora da formación inicial do profesorado, ou o propio 40º aniversario de Nova Escola Galega (NEG).

Os tres números, en xeral foron ben acollidos, e realizáronse presentacións deles e doutros anteriores en diferentes foros, desde o ámbito universitario ata espazos abertos ao público en xeral.



Imaxes: O Consello de Redacción rematando o curso 2022/23. Benvinda aos/ás novos/as integrantes e despedida e agradecemento aos/ás que se van.

Revista Galega de Educación (RGE)

O estado actual do proxecto da RGE

A ninguén se lle escapa que, hoxe por hoxe, a RGE é un dos proxectos centrais de Nova Escola Galega. E é polo proxecto en si, pola necesidade de que Galicia conte cunha publicación especializada —e xeneralista a un tempo— sobre a educación entendida no seu sentido máis amplo. Pero tamén o é porque, despois dunha longuíssima travesía con altos e baixos, con escasa aprendizaxe por anticipación e moita por escarmento —como adoita suceder coa maior parte dos proxectos altruístas— conseguiu unha estabilidade económica que, se ben nunca pode darse por definitiva, si provoca que se poida crer na consolidación do proxecto a longo prazo.

Hai certo tempo que na mancheta da RGE se cambiaron algunhas cousas, pero unha en especial. Díciase nela que as persoas que andaban arredor do proxecto —referíndose aos Consellos Editorial e Científico, especialmente— eran figuras de recoñecido prestixio no mundo da educación. Certo, así era e así o segue sendo. Pero esa formulación antepoñía o rigor científico ao que vén sendo a filosofía de base na que a RGE se sustenta: a Revista Galega de Educación é un proxecto colectivo, desenvolvido por profesionais do mundo da educación cos pés na terra e, o que máis importa..., de modo absolutamente altruísta. Aí é onde radica a verdadeira fortaleza do proxecto. E aí é tamén onde debemos centrar todos os nosos esforzos para que perdure no tempo.

Con todo —do mesmo xeito que lle sucede a Nova Escola Galega na súa globalidade —, a RGE atópase nun momento especialmente significativo da súa historia. En NEG estase producindo un relevo xeracional realmente profundo. Na RGE ese proceso de renovación das persoas que integran os seus Consellos —especialmente o de Redacción— iniciouse moito antes, e foise consolidando no tempo.



Nº 84 da RGE: Emerxencia Climática e educación

Revista Galega de Educación (RGE)

Pero, con todo, é agora cando algunhas persoas cun traballo de moitos anos ás súas costas, solicitaron o seu relevo: Pepe Lastra, Antón Costa —este, no futuro inmediato— e a propia Xiana Lastra no seu papel de creadora da imaxe de cada número. Noelia Antelo (mestra en Educación Infantil), Antía Cores (mestra en Educación Primaria) e Sara Varela (mestra en Educación Infantil), pola contra, formalizaron no pasado mes de xullo o seu ingreso nun Consello de Redacción ao que se incorporara hai apenas uns meses Pepe Armas (profesor de Universidade acabado de xubilarse). Un total de 11 compañeiros e compañeiras conforman, en definitiva, un equipo cunha media de idade baixa que, asumindo o momento de incerteza e os retos que se enxergan no horizonte, inician unha nova etapa da RGE especialmente ilusionante.

O fito: a páxina web da RGE (<https://rge.gal/>)

Realmente, esta pequena referencia sobre a actividade da RGE durante este ano debería ter empezado por aquí, porque estamos diante dun fito. A RGE conta xa co seu sitio web específico. Adiantamos que se trata dunha creación, con moitas horas de traballo —altruísta, sempre altruísta—, do noso compañeiro Marcos Chavarría.

Trátase dunha ferramenta fundamental para a consolidación do proxecto. O novo sitio web non só ofrece todo tipo de información sobre a publicación, sobre cada un dos números, sobre as súas seccións..., senón que está concibida para incorporar os elementos técnicos para, por exemplo, a subscripción en liña, aspecto este que deberá ser abordado máis axiña ca tarde.

A páxina web propia da RGE pode localizarse en <https://rge.gal/>, e facemos desde aquí un convite a todos os asociados e asociadas para que a visiten, a valoren e, se o desexan, comuniquen suxestións de mellora, grallas ou calquera outra cousa sobre ela.



A RGE vén de estrear páxina web . Grazas, Marcos!

Os próximos números

No período 2023-2024 está previsto que vexan a luz tres novos números da Revista Galega da Educación. O 87 (á altura de decembro) estará dedicado á saúde mental e educación, e será coordinado por Manuel Armas e Ana Parada; o 88 (á altura de marzo) centrarase na interxeracionalidade desde a óptica da educación, contando coa coordinación de Lucía Abarrategi e Suso Rodríguez; finalmente, o número 89 dedicará a súa parte monográfica, ao coidado de Pepe Armas, á conexión entre patrimonio e educación.

Aínda que resulte obvio dicilo, é unha realidade que a RGE necesita casar permanentemente os seus números –os económicos– para que o proxecto siga sendo viable. Iso pasa, evidentemente, pola captación de novas persoas subscritoras con vontade de seguir construíndo unha escola pensada para o noso País.



RGE nº 85: TEA e inclusión.

Nova Escola Galega OPINA



Secretariado Nacional

A publicación NEG Opina non ten unha periodicidade predeterminada e édítase cando dende o Secretariado se percibe unha necesidade de divulgación dalgún aspecto que atinxe directamente asuntos que reclaman unha conveniente difusión das nosas reflexións ao respecto.

Así, durante este curso escolar 2022-23, editamos un único número no mes de febreiro, baixo o título “Lingua e escola: ética e afouteza”.


Nesta publicación, a raíz da publicación no Nadal pasado dos datos demolingüísticos proporcionados polo INE, abordamos –máis unha vez– a situación da lingua na educación, a deterioración da situación no ensino e a carencia absoluta de mudanza das políticas lingüísticas por parte do goberno galego.


Logo dun breve repaso polos datos mencionados, chegamos á conclusión de que “O marco legal para o desenvolvemento do galego non mudou para mellor, senón que –contra todo prognóstico– co paso do tempo resultou regresivo para os obxectivos normalizadores”.

Co fin de incentivar o labor do profesorado no ámbito normalizador, achéganse algunhas informacións s respecto de perfís lingüísticos que podemos atopar nas escolas e suxírense algúns cambios estruturais para reverter a actual situación lingüística.

Ora ben, remata a publicación cunha reflexión sobre a insuficiencia da escola para a reversión deste proceso desgaleguizador e as necesarias medidas de alcance social para que se poida lograr ese futuro que ansiamos.

Con todo –do mesmo xeito que lle sucede a Nova Escola Galega na súa globalidade –, a RGE atópase nun momento especialmente significativo da súa historia. En NEG estase producindo un relevo xeracional realmente profundo. Na RGE ese proceso de renovación das persoas que integran os seus Consellos –especialmente o de Redacción– iniciouse moito antes, e foise consolidando no tempo.





Portada do NEG Opina de febreiro do 2023.



Dobre páxina interior do NEG Opina.

O BOLETÍN INTERNO DE NOVA ESCOLA GALEGA NESTES 40 ANOS (1983 – 2023)

Antón Costa Rico
Camino Pereiro González
Esther Vázquez Otero
Paco Veiga García

O Boletín Interno é un medio de comunicación dixital deste noso Movemento de Renovación Pedagóxica, NEG, que contribúe —actualmente cunha difusión anual— a vivirmos como colectivo. E pretende facelo desde a acollida ás experiencias e ao xeito de vivirlas por cadaquén na interacción co medio no que desenvolve o seu compromiso, e que aposta por mellorar.

Comezou a elaborarse en 1983, ano de constitución de Nova Escola Galega, atendendo ás necesidades daquel momento, e estamos agora achegándonos ao número 59.

Nacía, no ano 1983, Nova Escola Galega con ímpeto, con azos e mostrándose como un espazo organizativo aberto, desde as claves de loita por unha educación pública, galega e democrática, palabras que pronto se foron dotando de contido significativo, e ás que tamén de camiño se lles engadiron, en particular, as de educación laica, antidiscriminativa e inclusiva.

Pretendía ser un espazo democraticamente organizado e por iso se lles concedeu importancia aos Estatutos e con eles aos mecanismos de funcionamento ordinario; tivéronse en conta, máis que ningún outro, os do Movemento de Cooperazione Educativa de Italia.

A comunicación telefónica era realmente importante, mais a carencia de Internet era substituída por unha considerábel comunicación postal: centos de envíos anuais, co seu selo individual correspondente até que Correos introduciu en Compostela as máquinas de selado rápido e mecánico.



Naquel contexto, o Secretariado Galego comezou en 1983 a elaborar un instrumento de información e de comunicación sobre a vida do conxunto da Asociación que se enviaba tres veces por ano, e logo dúas, a todas e cada unha das persoas asociadas, trasladando información puntual de grupos de traballo, accións, reunións, presenza pública, ou algunhas referencias bibliográficas.

O BOLETÍN INTERNO DE NOVA ESCOLA GALEGA NESTES 40 ANOS (1983 – 2023)

O Boletín Interno, desde o comezo, era enviado igualmente a uns vinte Movimentos de Renovación Pedagóxica de todo o Estado español, así como ao Movemento de Escola Moderna de Portugal, ao ICEM francés, ao MCE italiano, e a algunhas figuras notábeis da pedagogía, como eran os casos de Michel Barré en Francia e Mario Lodi en Italia (era este un modo de dar conta desde Galicia alén das fronteiras); tamén chegaba a varias das persoas nomeadas Socias de Honra de Nova Escola Galega, que foran mestres e mestras no tempo da II República, ou en tempo posterior. Tamén o Boletín recibía algunha inspiración do Informazioni MCE, que aquí viñamos recibindo dende había algún tempo.

O Boletín Interno acompañou outros recursos de información, como a Revista Galega de Educación, que tamén pasou por momentos de demora na súa publicación até que finalizou en 1999 a súa primeira etapa, aberta en 1986. Ao nacer a Revista deixaba de saír o suplemento periodístico A Pizarra (1983-1986) a través de Faro de Vigo, aínda que seguiu editándose por algún tempo máis o suplemento Na Escola que aparecía nas páxinas de La Región de Ourense. Neste camiñar andaba tamén o Boletín NovaPaz, que Suso Jares alimentaba con tesón. Foi no 2003, coincidindo cunha nova paralización da RGE (1999-2005), cando se volveu a editar o Boletín Interno, xa con máis obxectivos e recursos .

Cando a Revista Galega de Educación retornou, e coa presenza de Internet, semellaba que non era tan precisa a elaboración do Boletín Interno. Unha reconsideración posterior baseada na transcendencia da participación directa das persoas socias nel, favoreceu a súa actual presenza dixital.



O BOLETÍN INTERNO DE NOVA ESCOLA GALEGA NESTES 40 ANOS (1983 - 2023)



DA NOSA CASA

Educación, Historia e País: homenaxe ao profesor Antón Costa Rico

Francisco Xosé Candia Durán
Departamento de Pedagogía e Didáctica (Campus Terra, USC)
francisco.candia@usc.gal



Educación, Historia e País: homenaxe ao profesor Antón Costa Rico

O 15 de outubro de 2022, poucos días despois do seu 70 aniversario, máis de cincuenta compañeiros e compañeiras do Prof. Dr. Antón Costa Rico tivemos a oportunidade de dámonos cita no complexo Ruta Jacobea (Lavacolla, Santiago de Compostela) para lle render unha merecida homenaxe a quen, como docente e investigador a través dunha longa e fecunda traxectoria científica e académica na Universidade de Santiago de Compostela, nos ten brindado o mellor de si mesmo, prolongando o seu labor na xestión, liderado e activa participación en distintas iniciativas de natureza pedagóxica, cultural e sociopolítica, na propia universidade e na sociedade.

Quizais para certos lectores/as desta publicación o noso benquerido Antón sexa sobre todo ese persoeiro que contribuíu a fundar en 1983 Nova Escola Galega (NEG), movemento de renovación pedagóxica do que foi presidente e segue a ser animador, ou o impulsor da Revista Galega de Educación. Pero en realidade a súa actividade vital soborda moi amplamente ese perfil: catedrático de Historia da Educación da USC, foi decano da Facultade de Ciencias da Educación e director do Instituto de Ciencias da Educación da mesma universidade, membro do Seminario de Estudos Galegos e do Consello Escolar de Galicia, presidente da Sociedad Española de Historia de la Educación (SEDHE), membro do consello editorial de distintas publicacións... pero por encima de todo, profesor, con toda a pegada cívica, pedagóxica e social que este vocábulo garda en termos de compromiso e responsabilidade cos procesos de cambio e transformación social.

...por iniciativa do grupo de investigación da USC ao que el pertence ("Pedagogía Social e Educación Ambiental", ou SEPA-interea) e co apoio de colegas das tres universidades galegas e de NEG, organizamos esta homenaxe co formato dun "seminario académico" e coa denominación "Educación, Historia e País": sen minorar outras cuestións ás que se vencellou o labor docente, investigador, político, cultural ou social de Antón, entendiamos que eran precisamente eses tres conceptos (tanto por separado, como sobre toda nas súas múltiples interaccións) os que con máis claridade retrataban o seu quefacer intelectual

Educación, Historia e País: homenaxe ao profesor Antón Costa Rico

Así, por iniciativa do grupo de investigación da USC ao que el pertence (“Pedagogía Social e Educación Ambiental”, ou SEPA-interea) e co apoio de colegas das tres universidades galegas e de NEG, organizamos esta homenaxe co formato dun “seminario académico” e coa denominación “Educación, Historia e País”: sen minorar outras cuestións ás que se vencellou o labor docente, investigador, político, cultural ou social de Antón, entendiamos que eran precisamente eses tres conceptos (tanto por separado, como sobre todo nas súas múltiples interaccións) os que con máis claridade retrataban o seu quefacer intelectual.

“...a súa enorme actividade como dinamizador pedagóxico desde o movemento Freinet primeira (Movemento Cooperativo da Escola Popular Galega) e logo desde NEG, o constante compromiso coa normalización lingüística tanto no eido escolar, como na universitaria e na social (cabe lembrar que lle foi outorgada recentemente, no ano 2021, a Premio “Luís Porteiro Garea” á promoción e uso do galego na USC), os recoñecementos dos que se fixo acreedor, a colaboración coa prensa, a acción política nos tempos da PSG-EG, a ligazón con Portugal etc.”.

Non é obxectivo desta breve contribución expoñer a longuíssima listaxe de méritos que Antón Costa acumulou ao longo de 44 anos nos que se foi concretando o seu desempeño profesional, senón dar conta de que ex-alumnas/os (que agora poboamos departamentos de Pedagogía das universidades galegas, centros escolares, departamentos municipais de educación e cultura, editoriais etc.), amigas e amigos, compañeiros/as de universidade, de NEG, da SEDHE, do movemento sindical, do nacionalismo de esquerdas e doutras entidades que tiveron/tivemos a fortuna de colaborar con el, decidimos testemuñarlle a nosa estima polo seu inspirador exemplo; e, con ela, poñer de manifesto que o labor que desenvolveu durante xa case cinco décadas ten favorecido a mellora da formación e da investigación en Ciencias da Educación de milleiros de alumnas/os que hoxe exercen a súa profesión en distintos contextos e realidades, o impulso do coñecemento e das publicacións expertas sobre Historia da Educación e Política Educativa, o activismo pedagóxico e, en definitiva, a construción dunha mellor Galiza, razón e obxecto dos seus desvelos.

Educación, Historia e País: homenaxe ao profesor Antón Costa Rico

Os actos do día contaron coa intervención de numerosas persoas coas que Antón ten establecido fortes vínculos profesionais nalgún momento da súa traxectoria. A actividade comezou pasadas as nove da mañá cunha “Inauguración” a cargo de Xesús Rodríguez (USC), Mariló Candedo (UDC) e Xosé Manuel Cid (UVi), que deron conta das diversas circunstancias que rodearon a organización da xornada e o percorrido académico e de amizade que compartiron co homenaxeado desde que foron alumnos seus nas aulas de Pedagogía en Compostela.

A continuación puidemos deleitarnos coa música do Dúo Arvela, composto pola docente do Conservatorio Superior de Música da Coruña Uxía Bolaño Amigo (co-directora da Revista Galega de Educación, con tese sobre Historia da Educación dirixida polo propio Antón), ao clarinete, e o profesor do Conservatorio Profesional de Música de Santiago de Compostela Xose Antonio Rodríguez Álvarez, á guitarra clásica. Aínda terían ocasión de intervir algunha vez máis ao longo da mañá.

— “ ” —

“... poñer de manifesto que o labor que desenvolveu durante xa case cinco décadas ten favorecido a mellora da formación e da investigación en Ciencias da Educación de milleiros de alumnas/os que hoxe exercen a súa profesión en distintos contextos e realidades, o impulso do coñecemento e das publicacións expertas sobre Historia da Educación e Política Educativa, o activismo pedagóxico e, en definitiva, a construción dunha mellor Galiza, razón e obxecto dos seus desvelos.”

— “ ” —

Educación, Historia e País: homenaxe ao profesor Antón Costa Rico

Seguiu unha agarimosa e agradecida “Dedicatoria” ofrecida pola citada Uxía Bolaño, e tamén polo “compañeiro de batallas” de Antón, Narciso de Gabriel (UDC), na que se glosaron os fitos máis significados da súa traxectoria profesional: ducias de promocións (de pedagogas/os, educadoras/es sociais, mestras/es e investigadoras/es) formadas por el, dez libros publicados -entre os que hai que destacar a monumental e multipremiada Historia da educación e da cultura en Galicia (Séculos IV-XX)-, centos de artigos en revistas especializadas, dirección de quince teses e innumerables traballos de investigación e incansable apoio a investigadores/as noveis, informes, proxectos de investigación e congresos nos que participou ou que promoveu, ducias de conferencias pronunciadas, a súa enorme actividade como dinamizador pedagóxico desde o movemento Freinet primeiro (Movemento Cooperativo da Escola Popular Galega) e logo desde NEG, o constante compromiso coa normalización lingüística tanto no eido escolar, como no universitario e no social (cabe lembrar que lle foi outorgado recentemente, no ano 2021, o Premio “Luís Porteiro Garea” á promoción e uso do galego na USC), os recoñecementos dos que se fixo acredor, a colaboración coa prensa, a acción política nos tempos do PSG-EG, a ligazón con Portugal etc.

“ Antón...segue investigando, publicando, dirixindo a colección “Biblioteca de Pedagogía” da editorial Kalandraka, exercendo a seu maxisterio co e sobre a equipo de SEPA-interea, orientando investigacións e, por suposto, mantendo permanente atención reflexiva, con allar crítica, ás novidades tanto da política educativa como do mundo pedagóxico (escolar e social)”.

Educación, Historia e País: homenaxe ao profesor Antón Costa Rico

Logo, Mariló Candedo (UDC) moderou a mesa “Conversando arredor da Historia da Educación”, na que estaban citados Aida Terrón (Universidad de Oviedo; con dificultade para se desprazar, preparou un texto para a ocasión, lido por Xosé Manuel Cid aos presentes) e Agustín Escolano (Centro Internacional de la Cultura Escolar, CEINCE), quen fora director da tese de Antón cando ambos coincidiran na Universidad de Salamanca e que nos deleitou cun brillante e erudito discurso sobre a investigación en Historia da Educación.

Tras un tentempé no que saudar os vellos coñecidos e departir amigablemente, desenvolveuse un panel moderado por Laura Varela (USC) que levou por título “A encrucillada da educación en Galicia”, e no que se foi ligando cada unha das temáticas tratadas coa experiencia vital e profesional de Antón. Participaron nesta actividade: Manolo Bragado (CEIP de Laredo, Redondela) coa intervención “Identidade, territorio e contextos da educación”, Concha Losada (Museo do Pobo Galego) con “Culturas e educación”, Xosé Lastra (presidente de NEG) con “Movementos sociais e renovación pedagóxica” e António Nunes (Movimento da Escola Moderna) con “Compartindo encrucilladas na lusofonía”, quen se desprazou desde o país irmán.

Tamén tomaron a palabra desde o público a presidenta da Sociedad Española de Historia de la Educación, María del Mar del Pozo (Universidad de Alcalá de Henares) e a mestra xubilada Alicia López, compañeira de Antón desde os últimos anos 70 na pedagogía Freinet, na renovación pedagóxica e na defensa da educación rural.

“En definitiva, merecida tributo ao profesor e compañeiro Antón Costa por un labor grandioso, pero tamén honesto, a prol dunha escola pública, democrática, equitativa, laica, inclusiva, galeguizada, pedagoxicamente renovadora, formadora de cidadanía, atenta á educación social e ás singularidades do mundo rural, compromisos que encheron un excelso itinerario vital e profesional como docente, investigador e dinamizador pedagóxico, sempre ao servizo da sociedade, da cultura e da lingua galegas.”

Fran Candia: Educación, Historia e País: homenaxe ao profesor Antón Costa Rico

En chegando as dúas da tarde, tras unhas elocuentes palabras de agradecemento do protagonista a todas as/os presentes, e como “Clausura” do seminario, en representación da organización Lucía Iglesias da Cunha (USC) ofreceu uns comentarios finais sobre homenaxe e homenaxeado, dando paso a José Antonio Caride (catedrático de Pedagogía Social na USC, director do grupo SEPA-interea) que informou doutras accións en curso para honrar o homenaxeado; entre elas a elaboración dun libro coral que levará por título “Educación e sociedade en Galicia”, no que participarán estudosos/as da educación que percorreren en clave de presente, pasado e futuro temas que viñeron centrando as preocupacións académicas de Antón. Glosou Caride finalmente, a flor de pel, algúns instantes vitais que marcaron a tan longa como frondosa traxectoria académica e profesional compartida por ambos, desde os vellos tempos do Pazo de Fonseca no remate da década de 1970.

“...dar conta de que ex-alumnas/os (que agora poboamos departamentos de Pedagogía das universidades galegas, centros escolares, departamentos municipais de educación e cultura, editoriais etc.), amigas e amigos, compañeiros/as de universidade, de NEG, da SEDHE, do movemento sindical, do nacionalismo de esquerdas e doutras entidades que tiveran/tivemos a fortuna de colaborar con el,”

En lembranza do encontro e antes da foto de grupo entregóuselle ao homenaxeado unha escultura en bronce de Cuqui Piñeiro (Goián, Tomiño) titulada “Homiño en escaleira, 6”, que reproduce unha figura humana subida a unha escada para poder mirar ao lonxe con máis perspectiva, simbolismo que entendiamos retrataba atinadamente a xeira vital de Antón, e que el ben agradeceu.

A xornada rematou cun agradable xantar de confraternidade (e en verdade resultou fraterno... “amable e feliz” foi cualificado polo protagonista), de animosa conversa, e que serviu tamén para actualizar os compromisos que os alí presentes seguimos mantendo con Antón.

Educación, Historia e País: homenaxe ao profesor Antón Costa Rico

Aínda que a xubilación do homenaxeado xa se producira dous anos atrás, a pandemia causada pola COVID-19 provocou que o momento dos honores se retrasase ata o día de autos, circunstancia que non impediu que gozáramos dunha xornada memorable, ilustrativa, mesmo con momentos emotivos, que deixou en todas as persoas que alí nos convocamos a grata satisfacción de sabérmonos ligados pola influencia universitaria, pedagóxica e persoal que sobre nós exerceu Antón Costa.

Por acaso, non unicamente debemos conxugar en pasado: a súa xubilación (por arbitrarias razóns burocráticas, carece no presente da condición de “profesor honorario”) non trouxo consigo unha relaxación da súa actividade intelectual. Pola contra, segue investigando, publicando, dirixindo a colección “Biblioteca de Pedagogía” da editorial Kalandraka, exercendo o seu maxisterio co e sobre o equipo de SEPA-interea, orientando investigacións e, por suposto, mantendo permanente atención reflexiva, con ollar crítico, ás novidades tanto da política educativa como do mundo pedagóxico (escolar e social).



Educación, Historia e País: homenaxe ao profesor Antón Costa Rico

Proba desa vitalidade académica foi o agasallo duplo que el mesmo nos fixo aos asistentes, antes do peche do acto, e que nos evocaba escenas de cando exercía como profesor noso de “Historia da Educación” ou de “Política e Administración da Educación”: a lectura comentada dun documento, lindo, delicioso, sobre historia da educación galega, recentemente re-descuberto e traducido para a ocasión por Antón (“A última lección”, de Prudencio Landín, 1947), precedida da entrega dun texto (“... entre onte e hoxe”) no que nos ofreceu, en primeira persoa, un relato persoal do seu presente sinalando algúns aspectos da súa traxectoria profesional, e referíndose a horizontes de traballo pedagóxico para a “súa” Facultade de Ciencias da Educación, e a tarefas colectivas no marco da educación en Galiza como comunidade política.

En definitiva, merecido tributo ao profesor e compañeiro Antón Costa por un labor grandioso, pero tamén honesto, a prol dunha escola pública, democrática, equitativa, laica, inclusiva, galeguizada, pedagoxicamente renovadora, formadora de cidadanía, atenta á educación social e ás singularidades do mundo rural, compromisos que encheron un excelso itinerario vital e profesional como docente, investigador e dinamizador pedagóxico, sempre ao servizo da sociedade, da cultura e da lingua galegas.




Francisco Xosé Candia Durán
Membro dos GT: Rural e Normalización lingüística
Nova Escola Galega

DA NOSA CASA

Lembranza de Suso Jares, ourive pola paz

Manolo Bragado. bretemas@gamil.com
Cofundador do GT de NEG Educadores/as pola paz



Lembranza de Suso Jares, ourive pola paz

Suso Jares

Xesús R. Jares (Viana do Bolo, 1955 – Vigo 2008) «Suso Jares», mestre, pedagogo e escritor. Membro do Movemento da Escola Popular Galega e de Nova Escola Galega, catedrático de Didáctica e Organización Escolar na Universidade da Coruña, doutorouse coa tese Educación para la paz. Fundamentos y modelos de intervención (1990), a primeira feita en Galicia sobre esta temática. Fundador en 1983 do colectivo Educadores pola Paz de Nova Escola Galega, foi presidente da Asociación Española de Investigación para a Paz (AIPAZ) e da Asociación Galego-Portuguesa de Educación para a Paz (AGAPPAZ).

Deseñou e coordinou o proxecto artístico e solidario «Construír a paz. Cultura para a paz» nos anos 1995-1997 e impulsou os encontros galego-portugueses de educadoras/es pola paz (1986). Tamén foi o deseñador e coordinador dos programas educativos municipais de pedagogía da convivencia «Aprender a convivir» do Concello de Vigo (2000-2003) e «Aprender xuntos. Convivir» do concello de Lugo (2006).

Ademais, colaborou coa Revista Galega de Educación coordinando os monográficos sobre «Os temas transversais» (1993) e «Educación e dereitos humanos» (1999), publicou ducias de artigos nos xornais e ditou centos de conferencias e cursos sobre esta temática en España e Latinoamérica.

La Región OURENSE A pomba que sabía onde caer
OURENSE

Os Educadores pola Paz volveron botar unha pomba durante o encontro anual. Pero este ano pousouse en Viana do Bolo, precisamente o lugar de nacemento do fundador do colectivo, Suso Jares, falecido en 2008.

A pomba que sabía onde caer



Lembranza de Suso Jares, ourive pola paz

Sobre Educación para a paz, Suso R. Jares publicou, entre outras, as seguintes obras:

- Educar para arma-la paz (Coordinador 1986, Vía Láctea).
- Educar para a paz (1988, Concello de Santiago).
- Técnicas e Xogos Cooperativos para toda-las idades (1989, Vía Láctea; 2005, Xerais).
- Educar para la paz (1990, Ayuntamiento de Gijón).
- Educación secundaria obligatoria, transversales: educación para la paz (1992, MEC).
- El placer de jugar juntos. Técnicas y juegos cooperativos (1992, CCS), Construir a paz. Cultura para a paz (Coordinador 1996, Xerais).
- Educación e dereitos humanos. Estratexias didácticas e organizativas (1998, Xerais; 1999, Editorial Popular).
- Aprender a convivir (2001, 3ª edición en 2006, Xerais).
- Educación y conflicto. Guía de educación para la convivencia (2001, Editorial Popular).
- Educar para la verdad y la esperanza: en tiempos de globalización, guerra preventiva y terrorismo (2005, Editorial Popular; 2005 Artmed).
- Educar para a paz em tempos difíceis (2007, Palas Athena).
- Pedagogía de la convivencia (2006, Graó).
- Pedagogía da convivêncía (2007, Profedições).
- Educación e Paz I. 25 anos de Educadores pola Paz (Coordinador 2008, Xerais).
- Educación e Paz II. Presente e futuro da construción da paz (Coordinador 2008, Xerais) e Educación e Paz III. Literatura galega pola paz (Coordinador 2008, Xerais).

Lembranza de Suso Jares, ourive pola paz

Ourive pola paz

Suso Jares foi mestre, doutor en Pedagogía, catedrático de Didáctica da Universidade da Coruña, e, sobre todo, educador pola paz e cidadán libre da República da utopía e da irmandade. Foi un dos docentes máis queridos en Galicia e unha das nosas figuras pedagóxicas máis coñecidas internacionalmente.

Dende os anos mozos daquela Compostela dos anos da Reforma Política, traballou no soño de construír «para todos os nenos galegos unha escola do sol, das pombas e das gaivotas», sintagma afortunado que recollía os ideais da pedagogía Freinet da que foi en Galicia, como membro do Movemento da Escola Popular Galega, un dos seus pioneiros na súa primeira escola en Montederramo, onde iniciou a súa andaina como mestre. Ideais que alicerzou a súa chegada a Vigo, a comezos dos anos oitenta, como profesor do Colexio Público García Barbón, onde montou unha horta escolar e fundaría o colectivo de «Educadores pola Paz (EpP)» de Nova Escola Galega.

"A creación do grupo de Educadores pola Paz (1983) supuxo, tamén o inicio do movemento de «Educación para a Paz»... a construción da paz e a resolución pacífica dos conflitos como eixo condutor da súa actividade educadora"

"...traballou no soño de construír «para todos os nenos galegos unha escola do sol, das pombas e das gaivotas»"

"Foi un dos docentes máis queridos en Galicia e unha das nosas figuras pedagóxicas máis coñecidas internacionalmente"

Lembranza de Suso Jares, ourive pola paz

A creación do grupo de Educadores pola Paz (1983) supuxo, tamén o inicio do movemento de «Educación para a Paz» xa que foi o primeiro colectivo que asumiu en España a construción da paz e a resolución pacífica dos conflitos como eixo condutor da súa actividade educadora. Un grupo de mestres e mestras e profesores e profesoras de secundaria, animado de forma infatigable polo seu traballo paciente e rigoroso, constituído como unha entidade de base, crítica e independente que serviu de alicerce ao movemento de «Educación pola Paz», primeiro en Galicia, logo en todo o Estado, máis tarde en Portugal e, xa durante os anos deste novo milenio, en Latinoamérica.



A comezo dos anos oitenta, EpP organizou as primeiras celebracións en centros escolares vigueses do «Día Escolar pola Paz» (30 de xaneiro), formando as primeiras cadeas de nenos e nenas pola paz diante do cárcere vello, as soltas de globos nos patios dos centros educativos ou os programas (en plena carreira armamentista) co alumnado de Bacharelato en Radio Popular de Vigo. No mesmo período, Suso, un organizador nato, promoveu a celebración das «Xornadas de Educación para a Paz» e dos «Encontros Galegos de Educadores pola Paz», onde se despregaron en man común os paracaídas e se comezaron a desenvolver os xogos e técnicas de educación cooperativa.

Lembranza de Suso Jares, ourive pola paz

Durante a década dos noventa o grupo de EpP consolidou a súa influencia sobre o mundo educativo (tanto galego, español como portugués), sobre todo, por medio das numerosas publicacións e conferencias sobre educación, paz e dereitos humanos. Foi esta década, tamén, a dun enorme entusiasmo para el, cando consolidou a súa traxectoria profesional na Universidade da Coruña. Relevancia singular tivo en 1996 o desenvolvemento do proxecto solidario e artístico «Construír a paz. Cultura para a paz», artellado arredor dun libro e dunha exposición itinerante, nos que participaron un centenar de ensaístas, escritores e pintores. Nese período, promoveu a constitución da Asociación Española de Investigación para a Paz (AIPAZ) e da Asociación Galego-Portuguesa de Educación para a Paz (AGAPPAZ), entidades que presidiu e animou teimosamente.

Co comezo do milenio, cunha notable presenza en Latinoamérica (o continente do seu corazón), enfocou a súa reflexión sobre a resolución pacífica dos conflitos nas aulas, promovendo os programas «Aprender a convivir» do concello de Vigo e «Aprender xuntos. Convivir» do concello de Lugo, ao tempo que elaborou unha proposta de tramitación dunha «Lei galega da paz» coa intención de que o Goberno Galego asumise dende unha óptica global o fomento dos valores da cultura de paz. Foi a reflexión sobre a importancia da «Educación para a cidadanía» o tema que ocupou as súas derradeiras angueiras.



*Manuel Bragado
Nova Escola Galega*

PREMIOS EDUCACOMPOSTELA XIV EDICIÓN

Este curso contamos coa XIV edición dos Premios Educacompostela, convocado polo Concello de Santiago e Nova Escola Galega para recoñecer, promover, premiar e difundir publicamente aqueles materiais educativos que polo seu valor e interese poidan contribuír á innovación e a renovación pedagóxica do sistema educativo de Galicia.

O primeiro premio recaeu no traballo titulado "BOIHAUS: un proxecto de bioarquitectura para ensino secundario" presentado polo IES A Cachada de Boiro. O xurado destacou o "carácter innovador e interdisciplinabilidade" do proxecto así como a súa "visión de futuro", dando resposta a preocupacións medioambientais e á nova arquitectura urbana sostible.


O segundo premio foi para o traballo titulado "Mulleres de Compostela: tras os pasos das nosas pioneiras" presentado por Coordinación de Igualdade do IES Rosalía de Castro de Santiago de Compostela. O xurado salientou o interese da proposta en "visibilizar a figura feminina nos diferentes ámbitos do contexto xeográfico local, creando un recurso que pode resultar beneficioso alén da comunidade educativa".

O terceiro recoñecemento foi para o proxecto "Xogamos? Unha porta á imaxinación", presentado por María Isabel González Piñeiro do IES Afonso X O Sabio da Coruña. Este proxecto traballa os contidos de Xeografía e Historia (2º ESO) dunha maneira lúdica, personalizando unha colección de xogos de mesa.

Parabéns aos traballos premiados e ao profesorado implicado na súa elaboración e grazas por compartimos!



PREMIOS EDUCACOMPOSTELA XIV EDICIÓN



En conexión co mundo



NEG

Ponte... nas ondas! un modelo para o mundo.

Xerardo Feixoo Rapela. ondas.pontenasondas@uvigo.gal
Asociación Cultural e Pedagóxica Ponte...nas ondas! (PnO!)




No ano 2005 a Asociación Cultural e Pedagóxica Ponte...nas ondas! (PnO!) presentou en París, avalada polos Estados español e portugués, a candidatura “**A Tradición Oral Galego-Portuguesa: Simboloxía e apropiación do medio natural**” para que fose inscrita esta cultura común a ambos os dous Estados na Lista Representativa do Patrimonio Cultural Inmaterial da Humanidade que promove a UNESCO.

A acollida foi moi boa polo feito de ser unha candidatura traballada dende as bases sociais e as escolas, pero ao fin fora rexeitada por resultar “demasiado abranxente”, é dicir extensa de máis, moi ambiciosa.

En xaneiro de 2006, algo insólito na cultura UNESCO, o Xefe da Sección de Patrimonio Inmaterial da UNESCO, Mr. Rieks Smeets, enviou un oficio a ambos Estados, co coñecemento da Comisión Promotora da Candidatura, no cal o Xurado Internacional exhortaba os referidos Gobernos a volver presentar a Candidatura unha vez efectuadas as modificacións suxeridas, debido aos valores positivos que presentaba.

Procedemos a reformular a candidatura e concretámola nestas catro expresións do Patrimonio Inmaterial Galego Portugués:

1. Cancioneiro tradicional e cantiga ao desafío
2. Lendas e mitos dos castros
3. Festas e rituais de inverno
4. Actividades agro-marítimas



Ponte... nas ondas! un modelo para o mundo

Pero a UNESCO seguiu a dicirnos que aínda era ambiciosa de máis porque esa organización tiña decidido que só se inscribirían nas listas elementos únicos, un por un, o que fixo que desistísemos das nosa pretensión porque esa nova estratexia do organismo internacional tiráballe, dende a nosa perspectiva, todo o interese á proposta xa que implicaría ter que someterse a ir presentando as candidaturas, elemento por elemento, restándolle o valor que tiña para as escolas a presentación da Cultura Común coma un grande elemento integrador e pedagóxico.

Pasados os anos coincidimos nun acto na Coruña cunha representante do Ministerio dos Negocios Estrangeiros de Portugal e, volvendo ao tema da candidatura, reiterounos as dificultades de seguir a vía das listas tradicionais, pero informounos de que a nosa asociación cumpría todos os requisitos para ser candidata ao **Registro de Boas Prácticas de Salvagarda do Patrimonio Cultural Inmaterial**, que é unha terceira lista “na que a UNESCO pretende outorgar un recoñecemento especial ás experiencias notables en programas, proxectos e actividades de salvagarda do patrimonio cultural inmaterial, co obxectivo de transmitilas a outros Estados Parte” (Luís Pablo Martínez Sanmartín Historiador e antropólogo, en Actas del Encuentro de Patrimonio Mundial, Elche 2019).

PNO!
PONTE... NAS ONDAS!



Que entende a UNESCO por boas prácticas de salvagarda?

Son aquelas accións ou proxectos que, no ámbito dos propios estados ou internacionalmente abrangendo dous ou máis deles, mellor desenvolvan os principios e obxectivos da **Convención de Salvagarda do Patrimonio Cultural Inmaterial (PCI)**:

- Identificación,
- documentación,
- investigación,
- preservación,
- protección,
- promoción,
- valorización,
- transmisión
- e revitalización do patrimonio.

Ponte... nas ondas! un modelo para o mundo

Trata a UNESCO de potenciar a implicación das comunidades, e que non sexan só os Estados os que se impliquen na tarefa de asegurar o recoñecemento, o respecto e a valorización do patrimonio cultural inmaterial na sociedade, así como promover a educación co fin de protexer o patrimonio que forma parte da memoria colectiva e, dentro do ámbito escolar, difundir a súa existencia para garantir a súa pervivencia.

Para dar a coñecer eses proxectos de Boas Prácticas, a UNESCO creou o Rexistro ao que aludimos arriba “que se compón de programas, proxectos e actividades que mellor reflicten os principios e obxectivos da Convención”.

(<https://ich.unesco.org/es/objetivos-de-las-listas-00807>)

Por que PnO! presenta unha boa práctica? Nos principios da Convención de Salvagarda do PCI outórgaselle un papel fundamental á educación como forma de preservar o patrimonio e transmitilo ás novas xeracións. Recoméndase nese documento facer participar a xuventude na recompilación e a súa difusión nas súas comunidades. É dicir, o que vén facendo PNO! desde hai máis de dúas décadas, tratando de transmitir o **Patrimonio Común Galego-Portugués** aos mozos e ás mozas.



Delegación de PnO!, dos gobernos Portugués e Español e representantes da Xunta de Galicia na Sesión Plenaria.

Ponte... nas ondas! un modelo para o mundo

Hai vinte e oito anos esta asociación comezou a construción dunha ponte de comunicación entre os centros educativos dos dous lados da fronteira galego-portuguesa, paralelamente ao reforzo das infraestruturas viarias que, a día de hoxe, unen as dúas beiras da raia. Coas actividades que foi propondo e desenvolvendo deulle voz á mocidade de todos os niveis educativos, desde a educación infantil até a universidade, utilizando o PCI como unha ferramenta de educación, de entendemento e diálogo intercultural. A ecuación perfecta que se deseñou e que a UNESCO reconece como modelo para todo o mundo, foi:



educación+medios de comunicación+patrimonio= Ponte...nas ondas!

A presentación da candidatura suscitou un grande interese entre a comunidade educativa e a sociedade en xeral. Centos de escolas e persoeiros da cultura achegaron o seu apoio explícito á súa presentación. A Ministra de Educación e Cultura de España, Pilar Alegría, enviou á Asociación Cultural e Pedagóxica Ponte... nas Ondas! unha carta expresando o apoio do seu ministerio porque “é un proxecto educativo que soubo adaptarse aos novos ámbitos da comunicación e da dixitalización para constituír un modelo exemplar de transmisión do patrimonio”. (<http://pontenasondas.org/a-ministra-espanhola-da-educacao-e-formacao-profissional-reconhece-o-trabalho-de-ponte-nas-ondas/?lang=es>).

O Ministro de Cultura e Deporte, Miquel Iceta, fixo público tamén un vídeo de apoio ao modelo Ponte... nas Ondas! (<http://pontenasondas.org/o-ministro-de-cultura-e-deporte-miquel-iceta-fai-publico-un-video-de-apoio-ao-modelo-ponte-nas-ondas/>)

O embaixador de España diante a UNESCO, José Manuel Uribes, que asistiu en Vigo á entrega de premios do concurso “As Imaxes do Patrimonio” uns días antes da proclamación, expresou o seu apoio e destacou que Ponte... nas Ondas! “é un proxecto perfecto, redondo, en todo o que ten que ver coa filosofía da UNESCO”. <https://www.youtube.com/watch?v=S7MdbDQ4WkK>.

Ponte... nas ondas! un modelo para o mundo

A Xunta de Galicia acompañou en todo momento este camiño e mesmo enviou ao acto de Rabat o Conselleiro de educación e Cultura e a Directora Xeral do Patrimonio.

O Parlamento de Galicia tamén aprobou unha declaración institucional de apoio á inscrición de Ponte... nas Ondas! Por unanimidade dos tres grupos políticos do Parlamento que votaron unha declaración conxunta en apoio de PNO! O documento destaca que “a práctica de Ponte... nas Ondas! ten sido empregada como un instrumento educativo fundamental para o coñecemento, a salvagarda, a transmisión e continuidade interxeracional do patrimonio cultural”.

(<http://pontenasondas.org/declaracion-institucional-do-parlamento-de-galicia-en-apoio-a-ponte-nas-ondas/>)

O 1 de decembro do 2022 a candidatura de Ponte... nas Ondas! presentada por Portugal e España ao Rexistro de Boas Prácticas co Patrimonio Cultural Inmaterial da UNESCO obtivo o informe favorable do órgano de avaliación.

Os expertos da UNESCO destacaron a metodoloxía participativa da iniciativa e subliñaron que “como experiencia transfronteiriza, o modelo PNO! pode reproducirse para reforzar o diálogo entre xeracións e a transmisión do patrimonio cultural inmaterial a través das fronteiras”



Membros de PNO! desprazados a Rabat

O informe destacou e valorou a calidade do expediente presentado e recoñeceu o traballo realizado por Ponte... nas Ondas! ao longo destes 28 anos. Por iso recomendou ao Comité rexistrar o modelo Ponte... nas Ondas! no citado Rexistro de boas prácticas co PCI.

(<http://pontenasondas.org/aprobada-a-inscricion-de-pno-no-rexistro-de-boas-practicas-co-patrimonio-cultural-inmaterial-da-unesco/>)

Ponte... nas ondas! un modelo para o mundo

Á vista deste informe, o XVII Comité Intergubernamental da UNESCO celebrado en Rabat decidiu rexistrar a Asociación Cultural e Pedagóxica Ponte... nas Ondas! na Lista de Organizacións con Boas Prácticas do Patrimonio.
(<https://ich.unesco.org/es/listas>)

PnO! é a primeira asociación inscrita de Portugal e Galicia e, por tanto, é un exemplo que os dous países poderán ofertar ao mundo porque o traballo realizado constitúe un modelo que a UNESCO mostrará en adiante como referente de bo facer e boas prácticas.

A Xunta de Galicia anunciou que estudará pór en marcha o modelo Ponte... nas Ondas! no seu sistema educativo e mostrou a súa vontade de manter contacto coas autoridades educativas de Portugal e España para conseguir a súa implantación nas súas áreas de competencia

O Modelo Ponte... nas Ondas! ten por obxectivo salvagardar o patrimonio cultural inmaterial común a galegos e portugueses, creando espazos nos que sexan os propios mozos e mozas os que coñezan e transmitan este patrimonio; este vén sendo estudado con fins educativos por profesores/as e investigadores/as dos dous países, conta co apoio dos portadores da tradición, profesionais e especialistas das universidades da eurorrexión, músicos, artistas plásticos etc., o que nos permite facer todo tipo de propostas orixinais e acaídas nas que os nosos alumnos e alumnas son protagonistas no recoñecemento e transmisión das súas propias tradicións grazas á difusión do patrimonio cultural nas escolas,

Traballamos así cara a unha Escola Transformadora e con reberetes lúdicos na que os alumnos e alumnas teñan un papel decisivo na xestión da súa aprendizaxe ao tempo que se mergullan no mundo da tradición vista a través dos medios de comunicación que lles son tan próximos e familiares.



Participación no 49 Congreso do Movemento Cooperativo de Escola Popular

Alicia López Pardo. alicialopezpardo@gmail.com
Representante no Secretariado de NEG do GT do Rural.



Unha vez máis NEG estivo presente no congreso anual de Pedagogía Freinet do Movemento Cooperativo de Escola Popular. Nesta ocasión, o 49º Congreso MCEP celebrouse en Granada e coincide con datas moi próximas ao congreso dos 40 anos de NEG, polo que este acontecemento formou parte da exposición de experiencias senlleiras e de boas prácticas que no MCEP se contemplan.

Na mesma exposición de materiais e publicacións figurou xunto a NEG a nosa socia de honra Sabela Díaz Regueiro, significada mestra moi vinculada ao MCEP e referencia máxima da pedagogía Freinet en Galicia.

Unha oportunidade magnífica para recoller froitos do delicioso ambiente humano que alí se xera. Cooperar para construír, algo que sempre acontece nestes eventos ategados de sapiencia, agarimo, creatividade e compromiso

Cooperar para construír!
Sobran as palabras...



Participación no 49 Congreso do Movemento Cooperativo de Escola Popular



A presenza de Sabela Díaz a través materiais contraídos na súa escola rural.



Compartindo NEG neste Congreso de Granada.



Alicia e Miguel seguen tecendo vínculos históricos entre nós.

Recoñecemento a Miguel Vázquez Freire como socio de honra da Asociación Galega do libro Infantil e Xuvenil (GALIX)



Recoñecemento da asociación ecoloxista ADEGA co premio Oxíxeno individual 2022 á nosa compañeira Alicia López Pardo

Alicia López Pardo. alicialopezpardo@gmail.com
Representante no Secretariado de NEG do GT do Rural.



Comparto este meu texto de resposta ao recoñecemento que me dedicou ADEGA coa adjudicación do premio OXÍXENO 23. Tal como o sinto expreseino na miña mensaxe de gratitude coa que interviñen no acto de entrega do mesmo.

No mencionado escrito fago referencia a NEG na extensión do recoñecemento, por canto é un colectivo merecente pola súa traxectoria de 40 anos facendo país e por canto forma parte moi significada da miña rodaxe. Son estes motivos polos que considero que, na plena medida en que eu así o valoro, NEG participa mesmamente neste premio e disto eu quixera deixar constancia.



Coa enorme satisfacción de sentirme acollida e considerada neste especial evento, nunha atmosfera tan ben oxixenada, ademais da miña total gratitude quérovos expresar que non veño recoller un premio para min, nin por méritos propios; veño pois coa misión de, con vós, celebrar e agradecer algo que nos atinxe como pobo.

Comezo polo moito que agradecer á miña tribo familiar da casa materna que aloumiñou a miña infancia con abondosas esencias de amor, valores e sabedoría, a tribo veciñal que acendeu o meu senso comunitario e o orgullo de muller aldeá, as incontables persoas achegadas que me deixaron e me deixan pegada inconfundible, e a interminable Rede tecida por comunidades, colectivos organizados, todo tipo de grupos, entidades e asociacións.

Recoñecemento da asociación ecoloxista ADEGA co premio Oxíxeno individual á nosa compañeira Alicia López Pardo

Con este exercicio de memoria éntrame a ambición de facer un feixe inmensurable que abrangue todo aquilo do que eu inspirei abundancia de oxíxeno para as miñas medras, para alimentar o urdume afectivo que conforma o meu ser. Ao mesmo tempo reactivábase a miña perpetua gratitude por esa sorte que eu tiveren; a sorte que emana dunha crianza no colo agarimoso dun afortunado ambiente e da que procede canto eu espalle pola vida.

Polo devandito, esta significada inxección de Oxíxeno só pode ter razón de ser para min se inclúe o recoñecemento de todos e cada un dos fíos do tecido de ese meu urdido esencial, do que eu son unha sinxela e fráxil enfiada, sen máis consistencia que a que o propio tear me confire.

Dende este bo senso da globalidade natural agroma o meu agradecemento primixenio e tamén a transferencia que fago dun recoñecemento ao conxunto social, á cohesión comunitaria das diversas forzas, ás sinerxías organizadas que, durante décadas, veño atopando na miña rodaxe. Dende esa intención pretendo proxectar, estender e derivar a grandura do Premio Oxixeno.

Resúltame imposible mencionar tantas persoas e colectivos na morea de nomes aos que con gratitude quixera homenaxear. A modo de referencia limitareime a citar algúns do presente inmediato e algúns de tempos lonxevos.



Recoñecemento da asociación ecoloxista ADEGA co premio Oxíxeno individual 2022 á nosa compañeira Alicia López Pardo

Foi neses contextos de loita onde, moitos docentes e outros profesionais debidamente asentados, tomamos conciencia de como se foi asfixiando a sabedoría natural nada na cultura popular galega, de como perdemos a ocasión de asimilala durante a nosa infancia moita da xente que tivemos que desprazarnos da aldea para os urbanos ámbitos académicos. Foi nos bacharelatos a nas carreiras universitarias onde se exerceu un brutal afastamento das nosas raizames, de valores e saberes ancestrais sobre o respecto á nai Terra e á saúde do planeta. Grande mágoa por canto, en detrimento dun pensamento humanizador, sufrimos o asoballamento dunha instrución colonizadora.

Tamén fago a achega dun artigo que recolle un longo e histórico proceso, que asinamos Fran Candia e máis eu, (publicado na Revista de Innovación Educativa da USC, n 24, 2014) titulado: A LOITA POLA EDUCACIÓN NO RURAL GALEGO: UNHA TEIMA QUE NON ACOUGA. APUNTAMENTOS PARA UNHA HISTORIA DO PERÍODO 1975-2014. A través desta miña testemuña veredes de onde me vén un compromiso que manteño vivo. Unha grande influencia recibina da forza do traballo cooperativo experimentada coas mestras da montaña lucense e coas veciñanzas daquelas aldeas dende a unidade, organizadas na defensa dos seu dereitos.

Vaia este recoñecemento por canto ADEGA defende e espalla. Unha infinidade de Oxíxeno aloumiñe moreas de montañas, mares e ríos, océanos salvaxes e continentes vivos.

Unha aperta oxixenada con agarimo e gratitude para todos e todas as que honrades este acto coa vosa presenza.

Alicia L. Pardo

En Lugo a 15 de abril de 2023

Alicia recibe, agradece e comparte o premio OXÍXENO. Abril 2023.



Aprender desde o intercambio de experiencias

Xornada de intercambio de prácticas para unha transición exitosa de primaria a secundaria. Alicante, novembro de 2022



Jornada de intercambio de prácticas para una transición exitosa de primaria a secundaria

22 de noviembre de 2022
9:00 - 14:00h

Lugar:
Salón de actos del Aulario II
Universidad de Alicante



O 22 de novembro de 2022 o centro educativo de Monfero participou nestas xornadas organizadas pola fundación Ayuda en Acción en colaboración co Vicerreitorado de Igualdade, Inclusión e Responsabilidade Social, a Facultade de Educación e a Consellería de Educación Cultural e Deporte da Generalitat Valenciana.

Nelas, a directora e a orientadora do centro expuxeron como afrontan esta etapa da vida do alumnado no centro educativo, tendo en conta as singularidades e retos que supón atoparse nun CPI dun contexto rural.

Ademais, falouse do importante que é coordinar iniciativas a través da participación cidadá.



Horario	Menú	Ponente
09:00 - 09:45	Desglose: El enfoque de la política educativa en la transición de primaria a secundaria	David Vento Ságuas Vicario Director de Educación de Alicante Isabel María Gómez Triguero Coordinadora de Educación de Primaria Fernando Muñoz Ruiz Coordinador de Primaria de Aragón
09:45 - 10:30	La voz del alumnado	Vídeo del alumnado de primaria y secundaria
10:30 - 10:45	La transición primaria a secundaria en la Comunidad Valenciana: incidencias y la participación de las organizaciones de voluntariado de zona	Alicia Ferrández Ferraz Directora de la Generalitat de Alicante Belén Gómez Miza y del Carmen Fernández Planellas Coordinadora de Educación de la Generalitat Valenciana de Alicante de Alicante
10:45 - 10:55	Pausa café	
11:00 - 12:00	El enfoque preventivo en la transición primaria-secundaria	Arantxa Guillán (Iruroaín) Dolores García Cruz Dolores García Cruz Inmaculada Castejón Sanjuán Dolores García Cruz
12:00 - 12:45	La transición primaria-secundaria en zonas rurales	María del Carmen Peceiro González Dolores García Cruz Ana María Abad García Dolores García Cruz
12:45 - 13:00	La voz de las familias	Vídeo de las familias
13:00 - 13:15	Telefónica una transición exitosa de primaria a secundaria	Alumnado representado Dolores García Cruz
13:15 - 13:30	Clases	Fernando Muñoz Ruiz Vicario Director de Educación de Aragón
13:30 - 14:00	Cierre de la jornada	
13:30 - 14:00	Contos de intercambio de prácticas docentes	María Reyes Rodríguez Pablo de Aragón
13:30 - 14:00	Guía para la transición primaria-secundaria	Bárbara Paredes Aguilar y Estrella Ramírez Rodríguez Pablo de Aragón
14:00 - 14:10	Evaluación y entrega de certificado de asistencia	Ayuda en Acción
14:10 - 14:30	Catering	



CAP A UN NOU MARC NORMATIU? A experiencia do CPI Plurilingüe Virxe da Cela

DISSABTE 13 DE MAIG
PROPOSTES CAP A UNA POLÍTICA PÚBLICA

SEU DE LA FMRPC,
Avinguda Drassanes 3, Barcelona
METRO: DRASSANES (L3)

10:00 h a 13:00h

10:00h Rebuda
10:15h Resum de les sessions anteriors
10:30h L'educació dins l'Agenda Rural
Eduard Trepal (Arca)

11:00h Pausa, Cafè
11:30h Els CPI de Galícia
Camino Pereira
12:00h Conversa - Debat. Línies a seguir
12:45h Tancament

ORGANITZADA PER: FMRPC
AMB EL SUPORT DE: BCN

Este centro educativo tamén participou o 23 de maio no faladoiro da Federació de Moviments de Renovació Pedagògica de Catalunya sobre los #institutescola. oi un espazo para compartir experiencias e inquietudes, presentando o centro o modelo organizativo dos CPI galegos e os proxectos e programas que contribúen á mellora da calidade educativa en contextos rurais nos que participa. Un dos exemplos é o Programa Obseva-Acción que favorece a calidade da actuación docente. Ademais, falouse do importante que é coordinar iniciativas a través da participación cidadá.

NEG ESCOITA

O poder transformador dos Activismos

Equipo de Educación da ONGD Solidariedade Internacional de Galicia (SIG)
Ana Lampón Gude, María José Caride Delgado e Eloi Fernández Ramos
educacion@solidaridadgalicia.org

Somos Ana, María e Eloi, os tres educadores sociais que actualmente conformamos o equipo de Educación da ONG Solidariedade Internacional de Galicia. A nosa entidade é unha organización de cooperación ao desenvolvemento galega que leva máis de 25 anos de traballo no terceiro sector. A nosa principal misión é promover a transformación social e política a través dun traballo complementario nas áreas de cooperación internacional, participación social, comercio xusto e educación para a cidadanía global (ECG).

Concretamente, a educación ten especial presenza e relevancia na nosa organización, pois cremos firmemente no seu poder emancipador, liberador e transformador. Por iso, mediante o noso labor pedagóxico promovemos unha cidadanía global empoderada e emancipada, traballando desde o paradigma dos dereitos humanos, ecosocial, feminista e decolonial, empregando ferramentas e procesos participativos que permitan ás persoas ser axentes activos desta transformación.



Equipo de Solidariedade Internacional de Galicia.

NEG ESCOITA

O poder transformador dos Activismos

Parecemos habitar nunha sociedade da posmodernidade e da posverdade, na que xa non existen verdades absolutas e incuestionables, senón que todo pode ser susceptible de considerarse como unha verdade relativa, segundo quen mire e que mirada aplique. Ante isto... todo é incerto. E nós preguntámonos, como imos superar ese desasosiego da incerteza? Como podemos traballar na educación, dende as escolas, sen verdades, sen raíces, sen principios firmes, sen normas ou valores sólidos? Como podemos abordar as fuxidas do compromiso, das responsabilidades, do comunitario? Que pode achegar a cooperación ao desenvolvemento neste escenario?

Preguntas moi difíciles de responder, e máis aínda dende a nosa diminuta parcela de influencia, mais con todo, situámonos entre a adaptación e a resistencia, é dicir, sabendo convivir coas polaridades, comprendendo e cuestionando(nos) todo, deconstruíndo(nos) saberes e formas, desaprendendo, armando e desarmando(nos)... tratando de atinar cando ser líquidas e cando sólidas.

Neste confluír situámonos nos movementos sociais, como os movementos de renovación pedagóxica ou as pedagogías críticas que contribúen a solidificar os valores solidarios, a colectividade, o ben común, a dignidade, o optimismo cara ao cambio social, o compromiso político, a superación das desigualdades, a defensa do público... Concretamente, dende a perspectiva dunha organización de cooperación ao desenvolvemento, o paradigma da Educación para a Cidadanía Global ofrécenos ese marco de navegación.



Formación a profesorado en Cidadanía Global e Desenvolvemento Sostible.

NEG ESCOITA

O poder transformador dos Activismos

Tanto ideolóxico como pedagóxico que, sen pretender ser bálsamo de Fierabrás, pode axudar a consolidar o traballo que se vén facendo dende os movementos de renovación pedagóxica en canto á promoción dunha escola -e cidadanía- emancipadora, transformadora, comprometida social, ética e politicamente, horizontal e democrática, ao servizo do público. E, por outra banda, a ECG tamén pode complementar e incorporar aspectos nos que os movementos de renovación aínda deben afondar, como por exemplo as voces dende as teorías decoloniais e contrahexemónicas, o ecoloxismo, os ODS, os feminismos «bastardos», a interdependencia «glocal» ou o decrecemento, en definitiva as epistemoloxías do Sur Global.

Pois a ECG ten a capacidade de ofrecer un marco conceptual amplo ao respecto, pero tamén proporciona ferramentas prácticas para o progresivo desmonte das relacións de poder e das construcións de saberes xerárquicos, racistas, machistas, xenófobos e clasistas. Exemplo disto son os activismos, cuestión que dende a nosa organización promovemos con moito afán, xa que entendemos que a superación destas condicións sociais complexas precisan, indispensablemente, da participación social e cidadá para ser mudadas e transformadas. A participación e o activismo dende o recoñecemento mutuo e os saberes compartidos (epistemoloxías do Norte e do Sur) son a nosa aposta institucional que levar ás aulas para ir construíndo o mundo que queremos.



Obradoiro con alumnado sobre desigualdades globais e consumo responsable.

DEIXAN PEGADA

Maruxa e Elisa

Xosé M. González Barreiro
Socio de NEG. Cangas

Hai pouco tempo o concello de Moaña impoñía o nome de Elisa de la Peña a unha rúa da vila pontevedresa, xusto unhas semanas despois do falecemento de Maruxa Barrio. Compañeiras ambas, á par de colegas, mestras cunha notable preocupación pola lingua, a didáctica e a educación como potenciadora da equidade e a xustiza social. As dúas compartiron o compromiso socioeducativo e fixérono en Nova Escola Galega, á que pertencían desde a súa fundación.

Maruxa soubo adiantarse á necesidade de facer presente nos primeiros anos da vida escolar cando publicou co seu compañeiro, Henrique Harguindey, aquelas Lérias e enredos para os máis pequenos, que tanto empregamos na escola para educar os nenos e nenas no ritmo e no movemento, no descubrimento do propio corpo. Aqueles Textos para o ensino do galego, unha antoloxía de textos da literatura galega con posibilidades de ser empregados nas aulas.

Maruxa e Elisa compartiron o compromiso socioeducativo e fixérono en Nova Escola Galega, á que pertencían desde a súa fundación.



Elisa nunha exposición no centenario do Grupo Escolar de Quintela 1912-2012.



Maruxa Barrio tamén concebía a educación como potenciadora da equidade e xustiza social.

Maruxa e Elisa

Tamén a Antoloxía do conto popular galego, igualmente en colaboración con outra xente. E falar tamén daquel Picariños, primeiro método de ensino da lectoescritura en galego, unha iniciativa importantísima na historia da educación en Galicia. Elisa de la Peña foi unha incansable loitadora, participante na posta en marcha dos “Encontros de Ensinantes do Morrazo” nos que nos atopabamos mestres e mestras preocupados por impulsar un ensino renovado, activo e galego. Sempre entendeu que a escola merecía dignidade e por iso sempre loitou incansablemente para que as escolas de educación infantil de Moaña saísen dos baixos de vivendas dos barrios e aldeas, e estivesen en edificios nos que tanto mestres como nenos tivesen as condicións esixibles a unha contorna moderna.

Cando o paso do tempo a levou ao ensino secundario, fíxoo co obxectivo de que as persoas adultas, maioritariamente mulleres, accedesen a unha formación académica que se lles negara e entendeu que para iso había que facelo creando un ambiente favorable e acolledor.

Esa mesma preocupación que a levou a participar na Asociación de Mulleres para impartir cursos de autoestima, de inglés e de cultura xeral.



Inauguración da rúa Elisa de la Peña.

Maruxa e Elisa

Tamén a defensa do medioambiente era importante para ela, e por iso participou nas accións en contra do verquido de bidóns radiactivos na Fosa Atlántica que desembocarían na expedición do buque “Xurelo”. Ela era o contacto de Greenpeace en Galicia polo seu coñecemento do inglés. Tamén comprometida cos traballadores de ASCON durante a reconversión naval, recollendo alimentos e apoiando as achegas para a caixa de resistencia.

En ambas o compromiso cultural foi unha constante, Maruxa no mundo teatral, primeiro como integrante de grupos de teatro na Coruña, despois en Cangas é unha das fundadoras da “Mostra de Teatro” desta localidade. Elisa faíno a través de varias asociacións culturais en Moaña. As dimensións profesionais e vitais de ambas son tan semellantes que non estará de máis que esta pequena homenaxe sexa compartida. A elas ía gustarlles.

Ambas cun importante compromiso coa normalización da lingua galega, e tamén coa esquerda nacionalista.



Maruxa Barrio, con seu compañeiro Henrique Harguindey, con quen publicou algúns materiais didácticos moi empregados na escola.



Maruxa Barrio, autora con outra xente do histórico método de lectoescritura Picariños.

Por outros 40 anos nos que sigamos:

- **Construíndo colectivamente desde as necesidades relacionais da diversidade que somos.**
 - **Transformando as condicións limitantes da igualdade, equidade, participación...**
 - **Avanzando no dereito a vivirmos desde as nosas raíces, a normalizar a nosa lingua.**
- Contribuíndo a xestionar inclusiva e democraticamente os espazos nos que nos movemos.**
- **Creando escolas das pombas!!!**



40 anos de Nova Escola Galega



Elisa Otero Puza



Pilar Sampedro Martínez

Din que 20 anos non é nada pero é case unha xeración, así que 40 son case medio século. Nova Escola Galega cumpre corenta anos, igual que o Consello da Cultura Galega ou o Estatuto de Autonomía.

Cando botamos a vista ao pasado, lembramos as palabras de Fernández del Riego, “Eu miro para atrás e digo: é inconcibible que fixésemos iso nós sen cartos, uns rapaces sen prestixio especial, perseguidos politicamente, vixiados pola censura, un milagre!” Non é mesmo, pero ten un aire. Era 1983 e xúntanse diferentes grupos de innovación educativa que andaban traballando en distintos ámbitos:

- algúns creando os libros de texto que podíamos chamar da utopía porque se escribían para facela posible,
- outras dende o movemento Freinet directamente ou das escolas que beberan nos veráns de Rosa Sensat,
- ou da innovación que traían os ventos e o sentido común...
- e créase o movemento de renovación pedagóxica Nova Escola Galega.

"Era 1983 e xúntanse diferentes grupos de innovación educativa que andaban traballando en distintos ámbitos, algúns creando os libros de texto que podíamos chamar da utopía porque se escribían para facela posible, outras dende o movemento Freinet directamente ou das escolas que beberan nos veráns de Rosa Sensat, ou da innovación que traían os ventos e o sentido común... e créase o movemento de renovación pedagóxica Nova Escola Galega"



40 anos de Nova Escola Galega

Dende aquela moitos grupos de traballo, moitas experiencias e publicacións que dan fe do acontecido; quen non lembra a Suso Jares coa paz por bandeira e o grupo de traballo Novapaz cos irmáns e irmás portuguesas? Nova Escola é ese camiño de 40 anos con profesorado comprometido abroindo dende diferentes lugares de Galicia e dende diferentes ámbitos:

- do xogo tradicional aos xogos cooperativos, da creación de materiais á aplicación do construtivismo,
- das experiencias de calidade ás publicacións na Revista Galega de Educación –a única pedagóxica impresa en galego–,
- das propostas de normalización lingüística
- aos premios –Educacompostela de recursos educativos en prol da innovación, da calidade educativa e da renovación pedagóxica ou o Suso Jares ás iniciativas en materia de convivencia escolar y cultura de paz–,
- da preocupación polo: rural á memoria histórica, da igualdade á formación permanente do profesorado...

Para conmemoralo, celebrou un congreso no que se fixo visible o profesorado resistente que se despraza e ocupa unha fin de semana falando de educación e como encarala corenta anos despois, porque moitos destes ensinantes xa estaban na creación da organización. Isto é un milagre e se non o vemos é que estamos máis cegos ca Tomás cando tivo que meter a man na chaga.

"Nova Escola é ese camiño de 40 anos con profesorado comprometido abroindo dende diferentes lugares de Galicia e dende diferentes ámbitos"



40 anos de Nova Escola Galega

Un grupo de mulleres e homes que tiveron man da educación mentres os ventos ían e viñan das consellerías aos bancos e as súas fundacións con disfrace de cordeiros que se aproveitaban da innovación do maxisterio de a pé –para aplicalo moitas veces en centros de elite sen pagar nada–, mulleres e homes que dende o ensino básico e a universidade termaron da educación cando ninguén cría nela, mestras e ensinantes que fixeron do ensino público a esencia da súa profesión.

Dende a teoría e dende a práctica, camiñando no día a día, para que o horizonte exista e continúe a amencer a pesar de todos os pesares, dos cambios de lei e da burocracia, do traballo en solitario cando non coincides con profesorado innovador ou non é posible convencer os colegas...

O Congreso foi unha boa ocasión para lembrar experiencias docentes compartidas, atopar persoas queridas e agradecer o esforzo e dedicación de compañeiros e compañeiras que estiveron ao fronte durante estes corenta anos. Pensar en Antón Costa é lembrar a historia da educación galega do século XX nos libros e na facultade.

Con Lastra veñen os libros de texto de galego de Xerais que foron premio Emilia Pardo Bazán do Ministerio de Educación por non sexistas e a dirección da colección Merlín con Agustín Fernández Paz e Docampo.

"... mulleres e homes que dende o ensino básico e a universidade termaron da educación cando ninguén cría nela, mestras e ensinantes que fixeron do ensino público a esencia da súa profesión. Dende a teoría e dende a práctica, camiñando no día a día, para que o horizonte exista e continúe a amencer "



40 anos de Nova Escola Galega

"O Congreso foi unha boa ocasión para lembrar experiencias docentes compartidas, atopar persoas queridas e agradecer o esforzo e dedicación de compañeiros e compañeiras que estiveron ao fronte durante estes corenta anos"



Dende a universidade, seguimos contando con importantes contribucións como as de Carmen Morán, en Santiago, e na Coruña Mariló Candedo, que ademais representa a opción política que toca defender en certos momentos. Con Paco Veiga está a escola do rural e os xogos.

Mulleres como Esther, Camino e Alicia que están na escola a tempo completo sen buscar máis oropeis que a calidade do ensino aplicada ao seu alumnado. Poderíamos seguir nomeando moitos máis que nos acompañaron e acompañan, dende máis alá ou máis acá do tempo pero sempre comprometidos coa asociación.

Neste congreso, ademais de mostrar o que se fai dende cada grupo de traballo, recoñecéronse os socios e socias de honra porque hai que tentar ser o máis xustos posible e dicir en alto os nomes a destacar. Leuse o manifesto Modelo de Educación Pública que defendemos, reflexionouse e avanzouse na redacción do documento Nova Escola Galega ante o tempo presente da Educación: retos e propostas e renovouse o Secretariado cunha mancha de xente nova que asumiu o reto de darlle continuidade ao MRP e un descanso aos históricos.



"... , ademais de mostrar o que se fai dende cada grupo de traballo, recoñecéronse os socios e socias de honra ... Leuse o manifesto Modelo de Educación Pública que defendemos, reflexionouse e avanzouse na redacción do documento Nova Escola Galega ante o tempo presente da Educación: retos e propostas e renovouse o Secretariado cunha mancha de xente nova que asumiu o reto de darlle continuidade ao MRP e un descanso aos históricos"

40 anos de Nova Escola Galega

Só agardamos que sexan quen de ter man da asociación co mesmo compromiso que o fixeron os anteriores, que poñan moito coidado na atención ás finalidades, coa mirada fundamental na escola básica e pública —aquela pola que pasan todos e todas e onde hai que atender as diversidades e compensar as desigualdades—, no entendemento interxeracional no que cada idade poña sobre a mesa o mellor que ten para colaborar co “outro/a” nese camiño que nos une.

É moi importante tamén a continuación dos grupos de traballo, que sexan dinámicos e conectados co labor que se desenvolve nas aulas dende Infantil a Secundaria... Benvidos e moitas grazas a quen toma o relevo!


Beizóns a NEG e moita sorte para os seguintes días, semanas, meses, anos, décadas... porque o futuro faise así, a cada hora.

Desexamos que NEG siga sendo referente na defensa da escola pública e galeguizadora.

"Só agardamos que sexan quen de ter man da asociación co mesmo compromiso que o fixeron os anteriores, que poñan moito coidado na atención ás finalidades, coa mirada fundamental na escola básica e pública —aquela pola que pasan todos e todas e onde hai que atender as diversidades e compensar as desigualdades—, no entendemento interxeracional no que cada idade poña sobre a mesa o mellor que ten para colaborar co “outro/a” nese camiño que nos une"

"Benvidos e moitas grazas a quen toma o relevo! ...
Desexamos que NEG siga sendo referente na defensa da escola pública e galeguizadora"

Medrando profesional e persoalmente con Nova Escola Galega



Elisa Otero Puza

Teño a fortuna de pertencer a Nova Escola Galega dende os meus comezos como mestra e de medrar profesionalmente con ela. Un xeito de facer escola que compartín sempre.

Ese ensino en galego que pon en valor a propia identidade co estudo da contorna, das tradicións, o traballo cooperativo, o ensino por proxectos, a educación para a paz... corenta anos atrás xa se poñía en práctica nas aulas de moitos centros de ensino, froito do labor desenvolvido nos grupos de estudo e de traballo de NEG como Prescolar, Escola Rural, Sociais, Naturais, Informática... por citar só algúns; así como nos Encontros e nas Escolas de Verán.

Penso en Nova Escola Galega como nunha casa grande aberta, acolledora, na que as habitacións se comunican, e co lume do fogar sempre acceso. Nesta casa coñecín persoas moi valiosas tanto a nivel profesional como persoal que, a día de hoxe, seguen estando na miña vida.

NOVA ESCOLA GALEGA: Un horizonte da mellor educación para Galicia



Lois Ferradás Blanco

Un de tantos, unha voz máis. Escribo estas liñas porque mo pediron, pero sei ben que o meu papel nestes 40 anos de NEG foi máis ben modesto, máis de testemuña e apoio ca de protagonista. É verdade que participei nas reunións fundacionais, daquela en representación de Preescolar na Casa, e que sempre levei con orgullo a pertenza a esta Asociación, pero sempre desde a base.

Un horizonte común. A traxectoria da actividade da nosa Asociación será obxecto de estudos sistemáticos que poñerán de manifesto o papel que xogou na renovación da educación en Galicia. Xa salta á vista que é o movemento de renovación pedagóxica máis duradeiro e de máis impacto. Eu só quixese compartir unha reflexión de valoración persoal en clave positiva. En moitos ámbitos do asociacionismo é moi frecuente nestes tempos a queixa con desánimo e amargura de que somos poucos, que temos poucos recursos, que non hai relevo... Non quero entrar agora neses temas, nin facer comparacións, nin pensar no futuro.

NOVA ESCOLA GALEGA: Un horizonte da mellor educación para Galicia




Lois Ferradás Blanco

Quero simplemente afirmar que Nova Escola Galega foi durante todo este tempo, coa súa actividade, coas súas propostas, co compromiso dos seus asociados e asociadas... un horizonte común. Xa sabemos para que vale o horizonte. É un referente e un estímulo (aínda que fuxidío).

Influencer. Teño outra hipótese, difícil de comprobar, pero baseada en moitos indicios. Creo que a influencia de NEG transcendeu con moito o número das persoas asociadas ou asistentes ás súas actividades, ou de asinantes da súa revista. Así como unha persoa que vive saudablemente axuda a vivir saudablemente no seu medio, ou unha persoa comprometida no coidado do ambiente axuda a outras a responsabilizarse deste coidado... estou convencido de que cada asociado (eu sempre o entendín como unha militancia) creou arredor de si un ecosistema que favoreceu o desenvolvemento das propostas da Asociación, facendo de difusor e influenciador. Non pretendo ser un inxenuo que cre que todo foi perfecto. Sei que o presente e o futuro traen desafíos extraordinarios, de cambio de época, e que non é viable repetir o pasado. Quixen só ofrecer unha reflexión en positivo, na que acredito.

A miña acollida e o meu estar en Nova Escola Galega



Marga Graña

NEG..., volvo a vista atrás e lembro con moitísimo agarimo aquela primeira reunión do Secretariado na que, da man do noso Paco Veiga, fun presentada...

Lembro os meus nervios, os vosos sorrisos acolledores, as vosas miradas acariñadoras e o voso interese por escoitar o que unha simple mestra de inglés tiña que dicir sobre educación.

Entrei sentíndome como unha nena pequecha ante tanto experto en pedagogía, didáctica e innovación, e saín desa xuntanza, e de moitas máis, sentíndome valorada e apreciada tanto persoal como profesionalmente. Aprendín moito, e sigo aprendendo de vós.

Infinitas grazas por continuar construíndo con tanta ilusión unha rede tan marabillosa de profesionais e de experiencias que renovan acotío o ensino na nosa terra.

Entre dous séculos



Que unha asociación pedagóxica navegue durante corenta anos “antre dous séculos” —como titulou un dos seus libros o inspector de ensino primario Xerardo Álvarez Limeses—, repartidos case a partes iguais entre o XX e o XXI, abofé que é para celebrar. E se esa asociación está animada por unha afán anovador e galeguizador, como é o caso, mel con filloas.

Esta longa duración está sen dúbida relacionada coa enerxía e co afán de transformación que animaba a xeración de homes e mulleres que a promoveron, nados moitas e moitos deles nos anos cincuenta do pasado século. Un afán que persistiu, coas modulacións inevitábeis, malia as mudanzas experimentadas no mundo da educación.

Malia formar parte de Nova Escola Galega desde os seus inicios, a miña participación foi ben modesta: asistencia a diversas asembleas, intervención como relator nalgunhas xornadas formativas, redacción dalgún texto para a Revista Galega de Educación, e pouco máis.

Entre dous séculos



Narciso de Gabriel

En realidade, o meu foi un papel de acompañamento.

De Antón Costa, primeiro, que me animou a incorporarme á asociación pola que tanto ten traballado, e con quen publiqui un texto sobre a galeguización do ensino alá polo ano 1985, que asinamos apelando á nosa condición de membros de NEG; do amigo Suso Jares, a quen continúo botando de menos, e co que participei nos inicios do grupo de Educación para a Paz por el inspirado —lembro a elaboración do manifesto, realizada no domicilio de Paz Raña en Ourense, e o primeiro encontro, que tivo lugar en Vigo, no que participaron Manuel Bragado e Rafael Ojea, se a memoria me acompaña—; de Xosé Manuel Cid, compañeiro no Colexio Universitario de Ourense durante cinco anos, que conseguiu, co seu entusiasmo, embarcarme nalgunha que outra aventura pedagóxica; de Mariló Candedo, cuxo bo facer ten deixado fonda pegada en NEG —encargoume para o Boletín un texto que titulei “Cinco Celtas Curtos”, onde lembrei os meus anos escolares—; e, finalmente, da miña muller, Helena Zapico, que tamén dedicou varios anos a colaborar a prol do bo funcionamento da asociación.

Haberá que procurar que o proxecto perdure, e estou certo que así ha ser, grazas á xenerosidade e o talento de tanta boa xente como NEG acolle. De momento, Helena e mais eu asociamos o noso pequeno, Telmo. Sabemos que para a súa posíbel implicación aínda haberá que agardar uns anos, mais todo chegará.

PARABÉNS, Nova Escola Galega!



Rosa García Garrido

Os 40 anos de existencia de Nova Escola Galega son, certamente, un motivo de celebración moi especial para todas as compañeiras e compañeiros que estivemos ou permanecemos nela.

Ao longo de catro décadas este Movemento de Renovación Pedagóxica foi para nós un espazo de encontro, de formación e de debate; un lugar onde nutrir as nosas traxectorias docentes, onde analizar crítica e conxuntamente a realidade na que estamos, onde indagar vieiros na permanente procura do modelo de escola que queremos.

En definitiva, naceu e desenvolveuse para a transformación da escola pública galega. Esa é a cerna que a configura a través de etapas, circunstancias e contextos diversos. Manter esta esencia nas próximas décadas permitirá que NEG continúe existindo como un instrumento indispensable para o noso país. Sería o meu desexo no momento de soprar as candeas.

40 anos: aniversario e congreso



Valentina Formoso Gosende

O pasado 1 de xullo foi un día moi especial para min ao ser nomeada socia de honra de NEG. Este recoñecemento foime outorgado, nada máis e nada menos, no Congreso onde se celebraba o corenta aniversario da institución. Entre a emoción do momento, co conseguente nerviosismo asociado e a brevidade á que me tiña que axustar nos agradecementos, sentín que non expresei axeitadamente o que NEG significou na miña traxectoria formativa, profesional e vital; por iso vou aproveitar o convite a escribir neste espazo para completalo.

NEG son unhas siglas que se manteñen coa forza de moitas persoas que pulan, desde hai corenta anos, pola renovación pedagóxica e a galeguización do ensino público. Non tiveron a oportunidade de coñecerlas a todas, pero si a moitas que – igual ca en min– deixaron pegada en moitísima xente ao longo deste tempo a través da formación, reflexión, propostas, maxisterio, información, acción...

40 anos: aniversario e congreso



Valentina Formoso Gosende

Hai profesionais que están, desde os inicios, vinculados a este movemento e que nos marcaron nalgunha medida a todas as persoas docentes; hai profesionais que, ademais de achegar intelixencia e moito traballo, coidan as relacións persoais e conseguen facer de NEG ese lugar especial onde sempre hai agarimo e onde se forxan amizades sen pensar. Eu teño a sorte de ter conseguido máis de unha, persoas desinteresadas que, sen case coñecerme, estiveron para botarme unha man en momentos moi complicados.

Con todo, entre a xente que aguantou e aguanta dese paraugas que leva gravadas as siglas de NEG, eu sinto a necesidade de nomear tres individualidades coas que me reencontrei neste congreso, pero que coñecín en diferentes momentos da miña vida e que me marcaron no meu desenvolvemento profesional e persoal, se cadra porque as primeiras veces sempre marcan moito..

Vounas citar por orde cronolóxica na miña experiencia vital.

40 anos: aniversario e congreso



Valentina Formoso Gosende

En primeiro lugar estaría Pilar Sampedro, a miña primeira profesora de lingua galega na EXB e que me abriu os ollos á nosa realidade sociolingüística, unha verdadeira mestra, a primeira que asocio cunha pedagogía renovadora, bastante antes de saber da existencia de NEG.

En segundo lugar gustaríame nomear a Paco Veiga, o meu primeiro xefe de estudos e compañeiro de departamento no primeiro ano que traballei e fixen as prácticas. Con el aprendín cuestións cruciais do ensino secundario que me axudaron moito dentro das aulas, pero sobre todo fóra delas.

Por último, e insisto en que a orde é cronolóxica, estaría Uxía Bolaño, unha das alumnas que configurou, no Rianxo de principios deste século, o meu primeiro Equipo de normalización lingüística (nome que tiña daquela o que agora se denomina “Equipo de dinamización da lingua galega”).

Durante varios cursos, en centos de actividades, ao seu lado experimentei e aprendín o que supón o traballo en equipo coa rapazada en prol dunha causa que nin todos vían, nin ven, necesaria: a normalización da lingua galega. Tres grandes profesionais que me fixeron medrar.

Nos 40 anos de NEG



Xosé Manuel Cid Fernández

A tristura e a ledicia invádenme por igual nesta conmemoración dos 40 anos de NEG. Empezo polo mais prescindible que é a tristura de non poder estar nos actos conmemorativos, debido a que o primeiro sábado de xullo vén sendo a data reservada hai anos para o Couto Mixto. A ledicia é moito maior, por saber que seguimos aí con forza, cun proxecto imprescindible para transformar a educación no país.

Saber que, botando a vista atrás, son corenta anos —cinco máis se consideramos a miña entrada no MCEPG en 1978, ou 10 máis cando me vén á memoria aquela lección de pedagogía no Colexio Universitario con mestras freinetianas da Baixa Limia— corenta anos de achegar pouco e recibir moito. Lembro especialmente eses 10 anos anteriores: entrar na universidade na fin do franquismo, imaxinando un profesorado subido nunhas tarimas, cuns coñecementos inalcanzables para o común dos humanos, especialmente os que procediamos do rural.

40 anos: aniversario e congreso



Xosé Manuel Cid Fernández

E de repente, encontrar docentes militantes clandestinas da esquerda, que daban clase en galego, que facían reunións nos cafés ou onde fose o ambiente agradable para aclarar dúbidas, orientar traballos ou preparar probas de avaliación.

Esa era a pedagogía alternativa que algúns tivemos o privilexio de aprender en plena adolescencia, e con Franco aínda vivo. Esa pedagogía foi poñendo nomes, e ampliando a rede.

Foi ACIES, pedagogía Freinet, logo MCEPG, foi o contacto coa escola, cando o plan de estudos non contaba con prácticas, pero facíanse. Iamos á escola e a escola viña a nós.

Un coñecemento e unha práctica pedagóxica en interacción constante, que algúns pretendían interpretar, regular e controlar, sen nunca pisar unha escola, mentres outros – rodeándonos de boas compañías, como as persoas que puxeron en marcha NEG– tentabamos comprender na súa complexidade, regular con criterios de cambio e transformación, e controlar democraticamente coa participación de todas as protagonistas: familias, docentes, alumnado, concellos, asociacións, mestres silenciados polo terror franquista, que se achegaron a este novo proxecto transformador, profesorado portugués que miraba NEG como algo fresco que non tiñan no seu territorio.

40 anos: aniversario e congreso



Xosé Manuel Cid Fernández

E non me perdo máis con historias das orixes; salto corenta anos recreándome en todo ese traballo colectivo, que se recolle en todos os documentos producidos, e en memorias orais, que tal vez completen o que non está nos documentos. Canto aprendizaxe e cantos bos momentos en cada reunión, en cada seminario ou xornada.

Aspectos positivos que fan esquecer ou minimizar os atrancos para conseguilo, que tamén existiron, pero soubemos coller forza para tirar cara a adiante, e aquí están os corenta anos, e forzas para corenta máis. Xente nova incorpórase ao traballo educativo e socioeducativo que nos fai ser optimistas de cara ao futuro da renovación pedagóxica.

Apertas, moitos parabéns e muito obrigado ás persoas que máis tiraron do carro.

Por moitos anos para NEG



Yésica Teixeira

De NEG sempre me sorprende moito, e moito, a xenerosidade da xente e a súa grande implicación co movemento e con todas as iniciativas, a pesar do traballo diario, da súa vida e doutras iniciativas coas que os seus integrantes teñen que conciliar esa dedicación. Realmente é admirable como colectivo!

Celebrar 40 anos de interese e preocupación pola calidade da educación é, dende logo, algo que dá mostra do equipo humano que está detrás de NEG. Xente incansable, xente con forza e ilusión pola mellora educativa, xente preocupada polo futuro dos nosos menores, xente que, en definitiva, quere un mundo mellor. Por moitos anos máis para NEG!!

NOVA ESCOLA GALEGA CUMPRE OS 40!!! I CONGRESO NOVA ESCOLA GALEGA

Exposición da Revista Galega de Educación (RGE)



Exposición do GT Cavila




Exposición do GT Coeducación



Exposición do GT Educación no Rural



Exposición do GT Educadores/as pola Paz




Exposición do GT da Memoria Histórica



Exposición do GT Normalización Lingüística



Presentación virtual do GT Fiar Estrelas



A tarde do pasado 30 de xuño, inaugurábase o I Congreso de Nova Escola Galega coincidindo coa celebración do seus 40 anos. E facíase coa presentación dos Grupos de Traballo da Asociación. Este encontro levábanos a aqueles tempos nos que na convocatoria das Asambleas Xerais Anuais se contemplaba un espazo para que os Grupos de traballo falasen de si mesmos en directo coa asociación: momentos memorables.

Nesta ocasión, a data coincidente co remate do curso escolar que nos afectaba como docentes e como nais, pais de escolares, xuntóusenos con circunstancias particulares de integrantes do GT Fiar Estrelas, impedíndonos participar deste acontecemento compartindo a presentación preparada para mostrar de xeito conciso que é Fiar Estrelas, que pretende, e que ven facendo nos seus tres anos de existencia.

Dende o GT lamentamos non poder facelo en directo e aproveitamos a oportunidade que nos ofrece o Boletín Interno para compartirvos o contido da presentación que era o seguinte:

Presentación virtual do GT Fiar Estrelas

Venres, 30 de xuño de 2023

Grupo de Traballo

FIAR ESTRELAS

xestión democrática dos grupos a través da
inclusividade

Centros de educación
especial

Residencias
de maiores

Centros de educación
secundaria

2020 - 2023

METODOLOXÍA

Investigación-acción a través da análise de casos prácticos e deseño de propostas de intervención en base a:

Identificación das necesidades de cada un dos grupos	Propostas de intervención xeral en base ás necesidades e obxectivos de cada grupo
Seguimento de intervencións e análise da evolución	Propostas específicas
Conclusións en cada fase do proceso de intervención	

ACTIVIDADE

✦ Xuntanzas mensuais



Presentación virtual do GT Fiar Estrelas

ACTIVIDADE

Realización de 2 encontros interxeracionais

2º Encontro interxeracional da diversidade: Fiarndo universos

VENRES 9 de xuño de 2023
10:40h a 13h: encontro virtual

De festas e celebracións

Participan: persoas maiores, alumnado de diferentes idades, localización...
Coa colaboración de:

- CEE Manuel López Navalón.
- Residencia de maiores de Oleiros. Dpto. de Animación Sociocultural
- Residencia mixta de maiores de Ferrol. Dpto. de Animación Sociocultural
- Profesorado de secundaria e Pedagogía Terapéutica do Grupo de Traballo Fiar Estrelas.

Organizado polo Grupo de traballo Fiar Estrelas

1º Encontro interxeracional da diversidade: Fiarndo universos


Xoves 16 de xuño de 2022
11:30h. encontro virtual

Participan: persoas maiores, alumnado de diferentes idades, localización...


Coa participación de:

- Alumnado dos obradoiros de Cerámica, Costura e Restauración do CEE Manuel López Navalón.
- Alumnado do Grupo de Oratoria de 2º da ESO do IES Maqués de Sargadelos de Cervo
- Persoas maiores da Residencia de maiores de Oleiros. Dpto. de Animación Sociocultural
- Persoas maiores da Residencia mixta de maiores de Ferrol. Dpto. de Animación Sociocultural
- Mestras de Educación Primaria e Pedagogía Terapéutica do Grupo de Traballo Fiar Estrelas

Organizado polo Grupo de traballo Fiar Estrelas



Presentación virtual do GT Fiar Estrelas





ACTIVIDADE

✦ Entre encontro e encontro abordamos as temáticas dos mesmos nas actividades levadas a cabo nos diferentes centros.




Presentación virtual do GT Fiar Estrelas



ACTIVIDADE

★ 2023 camiñando cara ao encontro presencial

- Xornada interxeracional arredor da cerámica nas Brañas de Valga, en Mesía



SE QUERES SABER MÁIS...



PODES SUMARTE AO GRUPO
OU CONTACTARNOS PARA
PARTICIPAR NUNHA DAS
XUNTANZAS

Graciñas pola túa atención!!



TEMPORALIDADE DE COLEITAS E DE FESTAS

DEBATE CONGRESUAL SOBRE ESCOLA PÚBLICA

Conferencia: A escola inclusiva M^a Angels Llorente



DEBATE CONGRESUAL SOBRE ESCOLA PÚBLICA

**Presentación e debate do relatorio.
Nova Escola Galega ante o tempo
presente da Educación: retos e propostas**



DEBATE CONGRESUAL SOBRE ESCOLA PÚBLICA

Manifiesto: Modelo de educación pública que defendemos.



1. Principios educativos.
2. A educación é, por iso, un grande proxecto político.
3. Un servizo público fundamental.
4. Unha educación conectada coa vida e co seu pluralismo de manifestacións.
5. Educación, equidade, inclusión e cooperación.
6. Racionalidade crítica e laicismo.
7. A concreción galega da política educativa.
8. Organización escolar, proxectos educativos de centro e concreción curricular.
9. O profesorado e as e os educadores.
10. Sostidos pola esperanza no mellor do desenvolvemento humano.

NOMEAMENTO SOCIOS E SOCIAS DE HONRA DE NEG

Bertila Fernández Pérez



Madriña: Belén Piñeiro Álvarez

Valentina Formoso Gosende



Madriña: Mariló Candedo Gunturiz

Sofía Riveiro Olveira



Padriño: Xesús Rodríguez Rodríguez

Sabela Díaz Regueiro



Madriña: Alicia López Pardo

Santiago Veloso Troncoso



Madriña: Uxía Bolaño Amigo

**"Mención especial in
memoriam"**

Xosé M. Rodríguez Abella



Madriña: Belén Piñeiro Álvarez

Mención especial de NEG na celebración dos 40 anos



Mención especial de NEG na celebración dos 40 anos (*)



Alicia López Pardo

Unha ocasión propicia para activar contactos entre NEG e este sinalado grupo da Rede do Rural foi o evento da celebración dos 40 anos. Foi un motivo ben acaído para que a nosa Asociación convidase a participar no seu I Congreso os membros deste grupo, como foi moi gratificante para NEG a resposta positiva das persoas convidadas.

Formulouse esta decisión ante a valoración que se fixo da alta capacidade e o compromiso que veñen exercendo tales mestras e mestres. Consideramos a seu pulo decisivo na defensa do Plan de Educación Específico para o Rural, ademais de contribuír ao mantemento das súas escolas así como coa súas referenciais experiencias de colaboración coa universidade na formación inicial do profesorado. Ademais, NEG decide outorgar, mediante a fórmula de mención especial, o recoñecemento a seis compoñentes do referido grupo de traballo de Educación no Rural.

Mención especial de NEG na celebración dos 40 anos (*)



Alicia López Pardo

É digno de referir o feito de que a maior parte destes profesionais se incorporaron ao noso colectivo como membros activos do Grupo de Traballo do Rural de Nova Escola. Tamén algún deles se incorporou ao renovado Secretariado Nacional.

Unha satisfacción enorme para quen defende a vital prolongación do senlleiro MRP galego e o mellor síntoma para seguir avanzando con lumaradas de optimismo.

Noelia Pillado Fraga

Alejandro González Méndez

Elena Pérez López

Rubén Iglesias Seoane

Benjamín Longarela Pérez

Pablo Gómez Esqueira

Mención especial de NEG na celebración dos 40 anos (*)

Abrindo portas esperanzadoras no rural !



Pedro Rodriguez López

O recoñecemento a xoves docentes con gran proxección de futuro, que viven a educación no medio rural con gran implicación e abondosos froitos de bo facer, foi unha forma de abrir portas esperanzadoras. Pois, no difícil e complexo contexto actual de xeneralizada insostibilidade sistémica, o horizonte posible pasa por ir descomplexizando o sistema até substituílo por outro, con valores, principios e fins educativos como os que defendemos dende NEG.

O ámbito óptimo de actuación sería o dun rural inserido no idioma galego, no patrimonio cultural e natural de Galiza debidamente revitalizado, nun vigoroso rural cun desenvolvemento ecolóxico, que ruralizase coa súa calidade de vida as contornas urbanas. Mestras e mestres coma Noelia, Álex, Elena, Rubén, Benjamín, Pablo e máis que poderían engadirse viven a docencia dende estes principios, valoran o rural, queren permanecer nel e contan co recoñecemento e aprecio do alumnado e das familias.

Abrindo portas esperanzadoras no rural !



Pedro Rodríguez López

Malia as graves medidas da administración, que tanto prexudican o medio rural e a educación que nel se desenvolve, mestras e mestres con este grao de profesionalidade e compromiso contribúen de forma decisiva para que existan sinais de recuperación, como pode comprobarse no caso de alumnado das masificadoras concentracións urbanas que decide escolarizarse nunha escola do rural.

https://www.lavozdegalicia.es/noticia/lugo/2023/06/28/fuga-alumnos-sarria-centros-rural/00031687952942711970157.htm?utm_source=facebook&utm_medium=referral&utm_campaign=fblugo&fbclid=IwAR2m4e8y-qyz8bPC7GAY4A-ZS0C-1jJEYY8Wd1iO_qKVPCnMHoRIZBrhb2U

Xente nova apostando por un Plan de Educación Específico para o Rural (PEER)

Alicia López. alicialopezpardo7@gmail.com
Representante do GT no Secretariado.

A defensa dun Plan de Educación Específico para o Rural galego é un tema tan vello en Galicia coma a presenza da pedagogía Freinet. Entre ambas fronte ben xunguidas, sucaron fondas aradas dende remotos tempos de loita pola renovación pedagóxica. Refírome a activismos históricos en apoio do mesmo que na actualidade segue a ser un dos asuntos prioritarios na Rede do Rural.

A animosa novidade vén sendo o feito de que, despois duns anos de decaemento da presenza de novas xeracións en organizacións reivindicativas, comezan a significarse mestras e mestres de recentes fornadas, así como profesionais altamente cualificados dos campos da Educación Social e da Pedagogía

Segundo o Grupo de Traballo do Rural de NEG que se amplía e se consolida a partir do primeiro encontro-seminario, celebrado no Courel co apoio da Fundación Uxío Novoneyra, produciuse unha afortunada incorporación de novas xeracións de profesionais a partir do que se pon en marcha o subgrupo PEER, centrado na elaboración da referida proposta.

Xente nova apostando por un Plan de Educación Específico para o Rural (PEER)

A continuidade da mesma progresa de xeito moi satisfactorio nos sucesivos encontros de Samos, Triacastela, Parga e Pedrafita. Dentro dunha configuración de grupo mixto –persoas integrantes de NEG con participantes achegadas a NEG, pero non integrantes– ampliáanse luces e expectativas. Dende os inicios deste grupo suman forzas converxentes e avánzase na defensa dun Plan de Educación Específico para exercer no Rural.

Este enfoque comeza por dirixirse á universidade galega no ámbito das ciencias humanas –nas carreiras de Maxisterio, Educación Social e Ciencias da Educación–. Sobre esta iniciativa levamos meses recollendo sinaturas como apoio á proposta que dende a Rede do Rural se fará aos decanatos, parlamento galego e á administración educativa, así como a outras entidades.

Os frutíferos encontros-seminarios estanse a converter en caldos de cultivo, en ocasións formidables para a converxencia interxeracional de xente comprometida co rural e disposta a formar parte activa da xa mencionada Rede do Rural e a colaborar con Nova Escola Galega.

Xente nova apostando por un Plan de Educación Específico para o Rural (PEER)



ACTUACIÓN MUSICAL A banda da Loba





NOVA
ESCOLA
GALEGA

40 anos educando
desde a *diferenza*
para o *común*

